PUBLIC. DIARIA. 30

BIBLIOTECA UNIVERSITARIA DE SANTIAGO

A NOSA TERRA

O galego presente na Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos — 10

Francisco Letamendia: "Deberia haber un achegamento entre PNV e HB, pero véxoo difícil" — 15



Guillerme Vázquez: "Galiza xa empeza a existir politicamente en Madrid" — 9

O Ministro de Defensa nega a posibilidade de usar o galego no seo do Exército — 16

Homenaxe ao poeta Bernardino Graña — 25

13 DE XUÑO • 1996 • ANO XIX — PERIÓDICO GALEGO SEMANAL — Nº 730 • 200 PTA

Manuel Pérez destina 45 millóns aos méios de comunicación que apoien o *viguismo*

(Páx. 4)

O novo Conselleiro de Cultura nas columnas de *El Imparcial*

(Páx. 5 e 21)

O director-xeral de Caixa Galicia apoia as privatizacións

(Páx. 13)

Interrogantes no exército

Ven de celebrarse o *Dia das Forzas Armadas* que hoxéndia teñen como problema fundamental o da definición do inimigo. Segundo o novo ministro Eduardo Serra pode selo o Magreb. Esquece que do Norte de África só poden vir inmigrantes ilegais ou terroristas e nengun dos dous problemas é competéncia do exército, senón da policia.

O PP, que no seu dia preconizou a abstención no referendo de integración da OTAN, está agora disposto a integrar o Estado español na estrutura militar, en contra do escrito naquela papeleta maioritária que decidiu o *si* nas furnas. Sáltase por riba da decisión cidadán sen que pareza que vaia renxer por déficit democrático nengunha institución.

O ministro tamén se mostrou surprendido pola pergunta do BNG sobre o dereito ao uso das línguas e enseñas cooficiais das distintas nacionalidades históricas no seo do exército. Esta institución é a única que proibe o uso da bandeira galega nos seus mastros. ♦

ANTOLOXÍA DO CONTO GALEGO DE MEDO

Silvia Gaspar

Dieste, Fole, Casares, Paco Martín, Bieito Iglesias, Carlos Vila... Un paseo temático pola historia da literatura galega, desde o século XIX ata hoxe mesmo. Inclúe estudio introductorio e breves presentación de cada un dos contos.

galaxia

A vacina química remediará a enfermidade máis extendida no mundo, con 300 millóns de contaxiados

O Sul gaña a guerra da Malária

A malária, que causa tres millóns de mortos ao ano nas áreas máis pobres do mundo, ten por fin un antídoto de plena eficácia, investigado e probado polo colombiano Manuel Patarroyo. A procura dunha vacina química, iniciada hai once anos, abre o camiño para acadar unha nova clase de vacinas de fabricación doada e barata que preveñan das 500 enfermidades infecciosas do planeta.



SEBASTIÃO SALGADO

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias.
VICEPRESIDENTE: Xaquín Acosta.
CONSELLEIRO DELEGADO: Xosé Fernández Puga.
VOGAIS: Francisco Carballo, Francisco Torrente, Alberte Ansede, Xosé Mª Dobarro, Manuel Dios e Manuel Veiga.
SECRETARIO: Xan Piñeiro.

Director: Alfonso Eiré López

Redacción: Gustavo Luca de Tena, Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, Arantxa Estévez, Carme Vidal, Paula Castro.
FOTOGRAFIA: Anxo Iglesias
EDICIONS ESPECIAIS: Xosé Enrique Acuña.
DESEÑO GRAFICO: Xoselo Taboada.

Colaboradores:
PESCA: Severino Xestoso.
SANIDADE: Maria Alonso.
AGRO: Xoán C. Garrido.
DEPORTES: Rodolfo Dacuña.
MADRID: Manuel Seoane.
BARCELONA: Iria Varela.
PORTUGAL: Gonçalo Nuno.
CULTURA: Xoán M Estévez, Celso López Pazos, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Óscar Losada, Gonzalo Vilas, Xosé M. Eiré Val, Xesus González Gómez.
LECER: Iago Luca

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra, *Voz Noticias*.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas.

Publicidade: Carlos Martínez Muñoz
Xefa de Administración: Blanca Costas
Subscripcións: Lola Fernández Puga
Vendas: Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración: Rua do Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo. Apartado 1371. 36280 Vigo

Teléfonos:
REDACCION: (986) 43 38 86 - 22 24 05 Fax (986) 22 31 01
ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE: (986) 43 38 30*

Imprenta: E.C. C-3 1958
Depósito Legal: C-963-1977
ISSN: 02-13-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reproducción sempre que se citar procedéncia.

A Hoffmann-Roche norteamericana clausura o seu laboratório de Malária á vista do descobremento de Manuel Patarroyo

A vacina anti-malária colombiana, de perseguida a laureada en todo o mundo

G. LUCA

É un avance espectacular contra as enfermidades infecciosas. Chámana *A vacina do Sul para o Sul* e inaugura unha época distinta na prevención de enfermidades infecciosas para todo o planeta. Os laboratórios do Norte miraron con arrogante desconfianza este brillante traballo dun pais do Sul (*o invento dun colombianito*, di Manuel Patarroyo), máis ao cabo vense obrigados a recoñecer a imensa utilidade da patente que os seus descobredores entregan de balde á OMS.

Hai dous mil millóns de persoas no território da Malária. Só a India (con 880) e Indonésia (con 120) teñen mil millóns. Na África sub-Sahariana viven 400 e na franxa tropical de América Latina viven máis de millón e meio. O resto até dous mil millóns forman parte de Vietnam, Cambódia, Bangladesh (a área máis poboada do mundo), Borneo, as Filipinas e a parte sul da China.

Nos países do Sul, a malária causa tres millóns de mortos ao ano dos que a metade son nenos. A vacina de primeira xeración tiña unha eficácia do 75 por cento. A de segunda xeración ten unha eficácia comprobada en traballs de campo de 90-100 por cento. Gracias á entrega da patente á OMS, a dose custa 40 pesetas.

As tres clases de mosquito que fan o transporte do parásito, *Plasmodium vivax* (o máis frecuente), *Plasmodium falciparum* (o máis grave) e *Plasmodium Malariae* (o máis raro), xa son resistentes ao DDT. O mosquito pousaba nunha parede impregnada con insecticida e a extraordinária capacidade de absorción de humidade do DDT secábao. O insecto fémia, que necesita das hormonas humanas para se reproducir, aprendeu a chuchar menos sangue para finchar menos o bandullo. A consecuéncia é que pica con máis frecuéncia e multiplica o contáxio da Malária.

"Hoxendia, o mosquito transmisor da Malária usa o DDT como desodorante -explica Manuel Patarroyo-, e por riba volveuse resistente ás drogas, aos antibióticos quimioterápicos"

"Hoxendia, o mosquito usa o DDT como desodorante -explica Manuel Patarroyo-, e por riba volveuse resistente ás drogas, aos antibióticos quimioterápicos. Vindo dun país coma Colómbia, eu digo: volveuse drogadicto".

Hai once anos, un grupo de cinco médicos colombianos dirixido por Manuel Patarroyo botouse a cruzar un océano nunca antes navegado. Da outra beira estaba ao ideal de obter unha vacina químicamente sintetizada que os laboratórios do Norte consideraban coma os romanos a Fisterra. Subestimaban o enfoque e coidaban que as dificuldades a superar estaban moi por riba do talento e as forzas do Sul.

Moito menos nun país coma Colómbia, sen nome na investigación. Patarroyo dirixeu os traballos de campo na Amazónia, onde se trasladou para probar no *Mono Araña (*Aotus) unha síntese de 4 moléculas puras e parásito en vea. O fracaso foi completo. "Vémonos fronte microbes intelixentes que enganan ao sistema inmunolóxico e aos inmunólogos".

A partir de resultados parciais, a equipa aplicou a tecnoloxia *MAP* (de antixenos de péptidos múltiples) para observar as constantes e variábeis de aminoácidos. O descobremento de que as variábeis conservadas non inducian defensas foi, segundo Patarroyo, *un suelazo madre*. A procura dos aminoácidos críticos deu por fin como resultado o desenvolvemento dunha vacina eficaz e de fabricación barata. "O que temos que facer é aprender a ver as *mans* do microbe. O sistema de defensas non é quen de distinguilas porque as *mans* imitan as formas que existen nas células atacadas: fanse invisíbeis. Contra o invisíbel -conclúe Patarroyo- o meu sistema é pórlle un sinal a esas mans para que o corpo evite que o infecte".

Corenta pesetas a dose

Tan logo como se publicaron os excelentes resultados de campo da nova vacina, os laboratórios e universidades do Norte pasaron da incredulidade á descalificación. Os intereses criados arredor dos métodos curativos tradicionais da malária fixeron por defender os case mil millóns de pesetas que os governos e a OMS adican ao control desta praga. A maiores, debe contarse a parte dos 16.000 millóns de pesetas por venta do DDT que se adican a combater o anofeles. A quimioterápia antimalárica move ainda 14.000 millóns de pesetas ao ano. Todo este negócio pega contra un mosaico de aminoácidos que resulta a 40 pesetas a dose, sen ter que pagar direitos a nengún laboratório.



Hai dous mil millóns de persoas no território da Malária que causa tres millóns de mortos ao ano nas áreas máis pobres do mundo; a metade son nenos. JEAN-MARC BOUJU

A nova de que *Hoffman-Roche* pechaba o seu laboratório de malária, foi un recoñecemento de que os colombianos gañaran. Outros laboratórios coma *Wellcome-Burroghs, Boering-Berge* e *Ciba-Geygy* levaban tamén anos atrás dun preventivo do paludismo pero consideraban disparatada a investigación colombiana. Con todo, o principal inversor é o departamento de Defensa dos Estados Unidos a traveso do *Walter Reed.*

Os colombianos lograron o máis dificil: demostrar que se podia facer unha vacina químicamente, moldeando aminoácido a aminoácido. Polo mesmo camiño perseguen agora unha vacina contra a tuberculose que será entregada á humanidade, igual ca da Malária.

Manuel Patarroyo, que visitou Galiza invitado pola *Casa das Ciéncias* da Coruña, di que lle quedan vinte anos de traballo para dar co *método universal de obtención de vacinas sintéticas*. "Claro que a*horitica,* a nova estratéxia para non deixarme traballar é chamarme das universidades de todo o mundo para facerme doutor de honra; os que onte me atacaban sen piedade, quérenme ver nun altar".

Tamén os monos nouturnos, os Aotus, teñen o seu prémio. Unha parte dos 3.200 utilizados nas probas da vacina (un capital do que só podia dispor un pais coma Colómbia) foron trasladados a unha illa do Amazonas despois de seren tratados. "Están no que poderiamos chamar un *Clube Mediterráneo* dos micos; un paradiso". ♦

Oscar Noia e Belkisyolé Alarcón, do *Laboratorio de Estudios sobre Malária* de Venezuela

'Foi unha tarefa titánica convencer ás autoridades dalgúns países para experimentar a vacina'

Oscar Noia e Belkisyolé Alarcón, investigadores do *Laboratório para Estudios sobre Malária* e do *Instituto de Medicina Tropical* da Universidade de Venezuela, dirixiron os primeiros traballos de campo coa vacina contra a Malária en Venezuela. Oscar Noia e neto de Xan Noia, tenente de alcalde do concello da Fronte Popular de A Guarda no ano 1936, que relatou as represalias do fascismo no libro *Fuxidos*.



Por que foi tan difícil desenvolver unha vacina contra a malária?

Os parásitos son organismos moito máis complexos e evoluidos que as bactérias, os virus ou os fungos. Válense dunha série de engados para superar as defensas que se disparan cando nos infectamos. As vacinas antibacterianas e antivirais eran moi sinxelas. Consistian en agarrar o organismo, matalo e inxectalo. Pero iso non foi posíbel co parásito. Para que o organismo poida inducir unha resposta axeitada, tivemos de procurar un refinamento que dese coas partes esenciais do parásito. Tratándose dun organismo moito máis elaborado e sofisticado, tivemos que coñecer con precisión todos seus compoñentes para descobrer os ángulos febles.

Que importáncia ten que os paises do Norte non padezan malária?

Os paises hoxe chamados do Norte tiveran tamen malária (sobre todo España, Itália, o sul da Franza, os Estados Unidos). O que ainda se rexista son casos aillados, na meirande parte importados por xente que viaxa. Hoxe as enfermidades parasitárias están a concentrarse nos paises chamados tropicais, nos paises do Sul. Á grande indústria farmacéutica, que seria a chamada a elaborar vacinas, non lle resulta de interese investir neste eido. Trátase de investimentos altos e, de feito, abonda con desenvolver un bon antibiótico para gañar moito. As vacinas para o terceiro mundo non son un bon negócio, porque quen as vai mercar se non hai cartos nen para comer? Non é que o Sul non tivese unha vacina para a malária, senón que non hai medicamentos novos para esta enfermidade e os poucos que hai son custosos.

Os quimioterápicos inventáronse de feito para outras doenzas

Son antibióticos que tiñan outro fin pero aos que se atopou eficácia contra o paludismo. Nos paises máis fortes da indústria farmacéutica como son Suiza, Alemaña, Franza e a mesma Itália houbo unha desinversión xigantesca nese seitor. O interese certo da indústria farmacéutica é a rendabiliade da empresa. Hai investigadores a traballar nesta clase de enfermidades na Franza, España e Itália pero non hai equipas nen investimento en diñeiro. Esta é a razón de que fose dificil desenvolver vacinas contra estes organismos tan complexos e chegar a coñecer os seus pontos febles.

Con todo é grande o interese das transnacionais sobre a vacina, cando esta se descobre.

A indústria farmacéutica segue a vender medicamentos contra a malária. O mercado é enorme porque falamos dunha enfermidade na que hai de 300 a 400 millóns de persoas infectadas. A cantidade de xente que toma medicamentos é moi grande. Pero aquí non só entra a indústria farmacéutica, porque a malária tamén se combate empregando insecticidas. Desde o ponto de vista conceptual sempre haberá espazo para que se utilicen distintas medidas de control. As vacinas son a mellor solución porque un está protexido por moito tempo. Os insecticidas teñen os seus custes. Amáis de matar organismos que son dañinos, matan outros que non o son.

A notícia do desenvolvemento da vacina da malária foi acollida nos laboratórios do Norte con escepticismo, grande agresividade e enorme entusiasmo, sucesivamente.

O feito de que vir do Sul e dun país que non tiña unha tradición científica forte, condicionábaa. Non só a indústria farmacéutica senón a própria comunidade científica dubidou que dun país coma Colómbia, do que se publican sobre todo notícias negativas, puidese sair un científico que fixese ciéncia de fronteira.

Por que ninguén se atrevera antes coas vacinas químicas?

O camiño de producir vacinas empregando a química é moi novo. Até o de hoxe as vacinas eran biolóxicas ou de inxenieria xenética, coma a recente da hepatite. A química é unha estratéxia que ten grande cantidade de avantaxes. Patarroyo é sen dúbida un pioneiro que arrancou desde un coñecemento moi sólido da química. Desde o ponto de vista dos empresários da industria farmacéutica do Norte, esta investigación desafiaba a súa liña de producción. Foi unha tarefa titánica convencer ás autoridades dalgúns paises para que nos deixasen facer traballos. Fomos recusados e bloqueados en cada paso que queriamos dar. A campaña de prensa foi negativa desde o primeiro momento. No caso de Venezuela, un pais que ten desde rifas con Colómbia polas extremas, a susceptibilidade foi grande. Chegouse a dicer que querian converternos en coellos de indias das investigacións dos colombianos. Nos comezos non se entendeu como o que era: un feito formoso de integración do Sul que trataba de resolver os próprios problemas. Unha parte dos estudos houbera de facerse en secreto porque as campañas de prensa negativas chegaban a afectar as campañas de vacinamento.

Como foi a sua intervención no desenvolvemento da vacina?

Sendo presidente da Sociedade Parasitolóxica Venezolana, no ano 88, suxerin que invitasen a Manuel Patarroyo de Colómbia ao *Congreso Latinoamericano de Infectoloxia* porque tiña publicado un excelente traballo sobre malária. Eu fun encargado de apresentalo. Nesa conferéncia estaba o doutor Arnoldo Gabaldón, unha autoridade mundial, que lle dixo que deberia experimentar a vacina en Venezuela. A min correspondeume coordenar eses primeiros ensaios de campo que comezaron en Agosto do 89.

Como se vai comercializar a vacina da malária?.

Patarroyo di que non quer procurarlle un fin de rendabilidade. Como tamén está traballando en enfermidades que afectan ao gado (tuberculose bovina e outras), si lle vai sacar diñeiro a todo o que afecte a métodos de diagnóstico e vacinas para animais. Comparto con el a intención de que a vacina serva de benefício para a humanidade. Esa é a máxima satisfacción que pode ter un científico.♦

Unha vacina para o planeta

Millón e médio de nenos e outros tantos adultos morren cada ano de malária, nunha xeografia que coincide coa da pobreza. A Organización Mundial da Saúde advirte que na última década o parásito resiste aos antibióticos e o insecto transmisor aumenta a capacidade de contaxiar despois de ter aprendido a conviver co DDT.

A viruléncia deste mal de pobres aumenta cando os paises do Norte deciden recortar as axudas ao desenvolvemento. Grandes extensións do hemisfério Sul quedan sen auga (como anunciaran profusamente todos os observatórios económicos) como consecuéncia da deforestación *in extremis*; as pragas trunfan nun meio degradado e solucións emerxentes coma a construccion de encoros axudan a espallar outras doenzas endémicas.

Neste cadro, só a malária é responsábel deses tres millóns de mortos e trescentos millóns de infectados. A parte principal da desfeita cae encol da África Sub-Sahariana, pero os sistemas de comunicación do Norte xa decidiron que non existe ese continente mantres non comprometa o comércio das armas ou do petróleo.

A vacina sintética que ven de mellorar o grupo de investigadores colombianos e venezolanos dirixidos por Manuel Patarroyo é un remédio do Sul para o Sul. As grandes industrias farmacéuticas do Norte recusaron con arrogáncia o avance dos americanos do sul e puxeron en evidéncia que estaban ben máis preocupados por manteren a inércia comercial dos paliativos que por buscar un antídoto; as universidades implicadas no comércio de patentes, sumáronse ás descalificacións.

A demostración da eficácia da vacina cambia a pirámide da infámia por homenaxes aos herois colombianos en todo o mundo. A maiores, demóstrase que pode abrir a porta a un método de desenvolvemento de vacinas químicas para todas as enfermidades contaxiosas do planeta. Pero nen piando tan tarde poderá o Norte negar que a sua política de recortar investimentos destinados ás áreas máis necesitadas do planeta a penas se diferéncia da depredación colonial; que a vontade e a intelixéncia dun reducido grupo de investigadores do Sul pode contra o pesimismo interiorizado e contra a mitoloxia asoballadora e excluinte dos grandes laboratórios; que os valores da soliedariedade, do altruismo, da erradicación da pobreza e da liberdade son máis importantes para esta xente do Sul que a oportunidade de se facer ricos cunha patente que os Estados do Norte, comprometidos dinque coa democrácia e a irradiación de cultura, tentaron comercializar a toda costa. Engádase que estes intentos do Norte (os da UE incluidos) por privatizar e acoutar o meirande avance do século en vacinas, chegaron despois de ter rebentado desde os anos 70 unha puxante indústria farmacéutica autóctona na América do Sul e de procurar pecharlle o paso aos investigadores da vacina contra a malária ao inescusábel campo de experimentación da África. Un observador espacial poderia concluir que o mundo está infectado pola prepoténcia do Norte e necesita unha vacina que se cadra pode producir o Sul.♦

A NOSA TERRA

Manuel Pérez reparte 45 millóns entre os méios de comunicación para defender o *viguismo*

O concello de Vigo repartirá até a fin de ano 45 millóns de pesetas entre nove méios de comunicación locais por mor dun convénio de colaboración asinado polo alcalde, Manuel Alvárez, con responsábeis de cada unha das empresas editoras, que se comprometen "a emitir informacións, reportaxes e divulgacións" nas que se promocionará a cidade. Os convénios foron asinados en Febreiro, con Carlos Marcos no gabinete da alcaldia viguesa, e ninguén deu conta deles.

A redacción é practicamente a mesma en todos eles, considerando "de suma importáncia defender a identidade de Vigo, a sua cultura e, en xeral, o viguismo entendido como vínculo que auna a tódolos/as vigueses/ as". O compromiso de emisións dos méios encamíñase á consecución dos seguintes obxectivos: "alentar a defensa da identidade de Vigo e dos seus intereses, contribuir á normalización lingüística, fomentar e difundir a sua cultura e realidade social e, en xeral, transmitir unha imaxe dun Vigo vivo, que está a traballar a prol do seu futuro".

O convénio, cuxa vixéncia remata o 31 de Decembro, ten natureza admnistrativa e corresponde ao concello de Vigo resolver as dúbidas que se formulen na sua interpretación e execución, "prévia audiéncia da outra parte". O abono das distintas cantidades, segundo outra das claúsulas, poderá adiantarse, até o 80% do importe total "prévia certificación técnica dos servicios técnicos competentes, acreditativa da realización dos obxectivos deste convénio".

O *Atlántico Diário*, que é o periódico con meirande subvención, e tamén o único que detalla os seus compromisos: desde Febreiro a Abril, unha sección chamada *Vivir Vigo*; unha páxina dos Domingos, dos meses de Maio a Xullo, baixo o epígrafe *Vigo y el mar, el deporte, el turismo etc.* De Setembro a Novembro, nova sección: *Vigo al paso* (ruas, personaxes históricos, urbanismo...) Por todo iso, o periódico percibirá 12.180.000 pesetas.

La Voz de Galicia limita os seus compromisos a datas sinaladas: un especial co gallo do dia da Reconquista e un "amplio contido informativo para acadar os obxectivos postos de manifesto neste convénio" nas festas de verán e no Nadal. Por iso, receberá 4.899.840 pesetas, ás que hai que sumar outros 2.9000.000 para *Rádio Voz*, da mesma empresa, por "unha série de programas especiais, nos que se recollerán os eventos máis sinalados para Vigo, dando cabida nos mesmos ao latexar da cidade nos ámbitos culturais, sociais, económicos, etc". En total, *La Voz* receberá 7.780.000 pesetas.

A *Editorial Compostela*, empresa editora de *El Correo Gallego* e *O Correo Galego*, non terá, sen embargo, que comprometerse a nada en particular para ter direito a cobrar do concello 6.960.000 pesetas. *Rádio Vigo*, pola mesma cantidade, obrígase a emitir tres cuñas de trinta segundos todos os dias quitado os Domingos, en horas de destacada audiéncia. *Rádio Popular*, ainda que insertará cinco minutos diários entre as 12 e as 13 horas, só recebe 1.740.000 pesetas, igual que *Onda Cero*, que se obriga en particular a realizar "microprogramas informativos polo importe do convénio", sen máis precisións, o mesmo que *Informe Gráfico*.

Por último, *Telecidade* cobrará seis millóns por "grabar, postproducir e emitir os plenos municipais", facilitar ao concello unha cópia da gravación e emitir catro pases diários do *spot* que da cidade ten feito o concello, "sempre en horario de máxima audiencia". ♦

"O Igape axúdame"

Préstamos en condicións preferentes para financia-las Pemes galegas.

PROGRAMA
PEMES 96

LIÑAS DE AXUDA FINANCEIRA A PEMES.

Programas de investimentos (coa colaboración do ICO):

Subsidiación do tipo de xuro de préstamos para:

- Financiamento de investimentos productivos.
- Construcción de buques de pesca para a renovación da flota.
- Investimentos en comercio minorista.

Programas de axuda á reestructuración de empresas:

Subsidiación do tipo de xuro de préstamos:

- Para cancelación de pasivo financeiro a curto prazo.
- Para ampliación de capital.

Puntos de subsidiación:

- Programas de investimento: ata 6 puntos.
- Programas de axuda á reestructuración de empresas: ata 3,5 puntos.

O tipo resultante para o beneficiario (tipo aplicable menos subsidiación) non será nunca inferior ó 4%.

Prazo dos préstamos:

A subsidiación só se aplicará ós primeiros 7 anos, ainda que a vixencia do préstamo sexa superior.

Prazo de solicitudes:

Ata o 15 de outubro de 1996.

IGAPE
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCION ECONOMICA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DE ECONOMIA E FACENDA

SERVICIOS CENTRAIS
Frei Rosendo Salvado, 16
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tl. 981/ 54 11 75
Fax.: 981/ 59 04 67

FERROL
A Cabana, s/n.
15590 FERROL
Tl. 981/ 37 20 05
Fax.: 981/ 37 20 90

VIGO
Rúa do Príncipe, 43 - 2ºE
36202 VIGO
Tl. 986/ 43 92 69
Fax.: 986/ 43 41 19

Solicite máis información nas oficinas do IGAPE ou en calquera das entidades financeiras colaboradoras:

• CAIXA GALICIA • CAIXA OURENSE • CAIXA PONTEVEDRA • CAIXAVIGO • CAJA POSTAL • CAJA RURAL DE LUGO • BANCO PASTOR • BANCO SIMEON • BANCO DE GALICIA • BANCO GALLEGO • BBV • BANCO CENTRAL HISPANO • BANESTO • BEX • BANCO POPULAR ESPAÑOL • BANCO SANTANDER • BANKINTER • BANCO ATLANTICO • BANCO DE ASTURIAS • BANCO ZARAGOZANO • BANCO DE SABADELL • BANCO ETCHEVERRIA • BANCO HERRERO • BANCO URQUIJO • DEUSTCHE BANK • BANCO DE COMERCIO • SODIGA • AFIGAL, S.G.R. • SOGARPO, S.G.R.

Desdóbranse as competéncias para dar entrada no governo a IF

A marcha de Romai a Madrid facilita un pacto entre o PP e *Independentes por Ferrol*

PAULA CASTRO

O pasado 5 de Xuño, o ex conselleiro de Industria, Xan Fernández, á frente de Independentes por Ferrol e Xan Blanco, alcalde da cidade polo Partido Popular, iniciaron conversas formais para acadar un pacto de governo. Casualmente, o início destas conversas coincide coa remodelación do Governo de Fraga e a marcha do que fora conselleiro de Sanidade, Xosé Manuel Romai Beccaria, un dos principais adversários políticos de Xan Fernández no seo do PP.

X. Fernández, despois de pactar co PP no Ferrol anúncia a participación no proxecto de Marfany. A. IGLESIAS

Apesar de que Xan Fernández afirma que non tiveron nada que ver as remodelacións realizadas no Governo da Xunta, só coa marcha de Romai a Madrid, o alcalde popular Xan Blanco amosou a sua intención de chegar a un acordo de governo. Segundo Xan Fernández, as conversas iniciáronse no mes de Febreiro deste ano co aval das altas instáncias do PP galego e co consentimento de Romai, e se non se confirmou o pacto con anterioridade foi porque non se considerou necesário desde o grupo popular municipal.

Pola sua banda, os grupos da oposición, consideraron o acordo positivo para a cidade, xa que asi teñen definido un grupo de governo e poden facer unha oposición efectiva, ainda que consideran que o que se deu en Ferrol foi un acordo tardio entre duas forzas da mesma família.

O representante de Independentes por Ferrol matizou que, apesar do pacto, o seu grupo apresentarase de novo nas vindeiras municipais, a celebrar no ano 1999 e que este acordo non vai implicar a sua volta ao PP. Xan Fernández aparece, xunto con Enrique Marfany, como un dos promotores da que quer ser unha nova alternativa política de carácter centrista e galeguista.

A partir de agora, Xan Blanco e Xan Fernandez repartirán as responsabilidades da xestión do governo municipal, ademais de preverse un desdobramento de competéncias para dar entrada aos concelleiros de IF.♦

■ Acebes desautoriza a Fraga

As declaracións de Manuel Fraga proclamando a incomeniéncia de que o novo Ministro de Sanidade, Xosé Manuel Romai Beccaria, presida o PP coruñés, non cairon ben en Madrid e a visita que o coordenador xeral do PP, Ángel Acebes, cursou a Compostela significou unha rotunda descalificación ás afirmacións de Fraga. Acedes respaldou a compatibilidade de Ministro coa de presidente do PP da Coruña. Pero Acebes non só veu á Galiza a desautorizar a Fraga, tamén ten a intención de pór en vereda ao PP galego, de modo que mantivo unha reunión cos presidentes provinciais, Cacharro, Baltar e Cuiña (Romai tiña como excusa os compromisos en Madrid), para "mellorar a coordenación do partido entre Galiza e Madrid".♦

■ Peden a entrada das organizacións agrárias en *Tenreira Galega*

Emilio López, deputado do BNG, pedeu á Xunta que, nun prazo de seis meses, dea entrada aos sindicatos agrários no organo reitor de denominación específica *Tenreira Galega*. Pero, ademais, Emílio López solicitou a criación dunha cooperativa cárnica de segundo grao que acollera ás explotacións familiares, extendida por todo o país, e que se poidera integrar na industria de transformación e comercialización *Nova Frigsa*, propriedade de *Coren*.♦

■ O PP galego dificulda as investigacións do Tribunal de Contas

As anomalias descubertas polo Tribunal de Contas na contratación de obras en vários departamentos da Xunta no informe correspondente a 1992, foron achacadas pola Consellaria de Presidéncia a simples defectos de forma na tramitación dalguns expedentes "que non afectan á resolución dos mesmos nen son causa de invalidación". Economia, Política Territorial, Educación, Presidéncia e Traballo son as consellarias nas que se detectaron anomalias nos concursos para a contratación de obras. Un exemplo é o abono por parte da Consellaria de Presidéncia de 39 millóns de pesetas para pór en marcha un plano informático antes de recibir ese servizo. Por outra banda, estanse a producir dificuldades na investigación do Tribunal de Contas por presións políticas atribuíbeis a alguns –non todos– membros do PP, que estarian interesados na reorientación das pescudas por parte do Tribunal. O Tribunal de Contas a maiores ten outras dificuldades derivadas da sua limitada autonomia política da Galiza, xa que carece da autoridade executiva suficiente como para obrigar a subministrar alguns tipos de información.♦

Pérez Varela nas columnas de *El Imparcial*

O novo conselleiro de Cultura e Comunicación Social, Xesús Pérez Varela, foi director do diário madrileño *El Imparcial* en 1979. No mesmo periódico, vinculado á extrema dereita, Pérez Varela asinaba a sección habitual titulada *Confidencialísimo*. Algunhas das suas opinións, caso das tocantes aos méios de comunicación, recobran hoxe actualidade.

"Estase a advertir unha política de siléncios, de sobre-entendidos e de secretismo que parece imperar no ámbitos guvernamentais", avisaba o actual Conselleiro. "Fálase, e non sen fundamento, dun certo retorno á linguaxe criptográfica, á leitura entre liñas, cunha metodoloxia que se cria e agardaba superada polo novo sistema democrático. Abondamos na sospeita. Nengunha das máis trascendentais decisións de poder tomadas polo governo nos últimos tempos acadou explicación pública convincente. E non só a niveis xornalísticos, que teria fácil remédio. Senón que esa opacidade informativa acadou níveis de impenetrabilidade insoportábeis no ámbito parlamentar".

Pérez Varela non dubidaba en sinalar que "a censura, o secuestro informativo, o *off the record,* o secretismo oficial, a impermeabilidade e o *bunker* informativo, non se corresponde coa democrácia, senón que é a característica definitória da máis torva Ditadura. Daí a nosa alarma ante o retorno dos bruxos. Daí que sintamos ameazada unha das parcelas máis sensíbeis do sistema democrático como é a da información. Neste campo das confidéncias limitadas, das claves informativas, das discriminacións e o ocultismo pode perecer, antes incluso que no campo de loita política, a democrácia. A esta ameaza contribue tamén a política de consenso. Insistimos. O povo español ten dereito nesta democrácia, a receber pontual información de todo canto se coce na tarteira da política, sen que nengunha excusa poda avalar, en nengun momento, o complot de siléncio en todo canto ten que ver co futuro da nosa pátria. A imensa maioria dos políticos seguen aí, aferrados aos seus vellos vícios, resistíndose a rendir contas dos seus actos ante o povo e as institucións que o representan. Lonxe de aportar transparéncias, de abrir fiestras, de oxixenar as vellas covachas dos mentideiros, parecen empeñados en botar os pechos e tranquear os postigos para que nada trascenda, agás aos iniciados. ¡Pobre Democrácia española que outra vez ten que alimentarse, a nivel popular, do bulo e do rumor!"

O actual Conselleiro de Cultura e Comunicación Social perguntábase que sucede cos xornalistas. "Moi sinxelo. Aqui, neste país, os xornalistas nasceron para facer editoriais ou para se converter en governadores civis. O xornalismo, parece, é a millor via para ter influéncia no cenáculo tal, na recepción cal, ou no camiño a unha dirección xeral". E ainda engadia: "A mín, en particular, téñenme moi escamados os 400 millóns de pesetas que existen nos orzamentos destinados aos meios de comunicación, adscritos, ollo ao parche, non ao Ministério de Cultura, senón ao de Presidéncia".

Segundo Pérez Varela, o ambiente político e xornalístico estaba dominado pola *compra* de méios: "Vários periódicos recibiron diñeiro destes fondos do Governo polo sistema de se es bó concédoche tanto; se es regular canto e se es malo, nada. A miña pergunta agora é esta: vai continuar o mesmo sistema? Estou convencido de que si".

Nas numerosas columnas redactadas naquelas datas, Pérez Varela defínese sobre moitos temas, ás veces con gran dureza. Asi opinaba, hai dazaoito anos, do actual presidente da Xunta: "Manuel Fraga equivócase. Pero xa sei que este dato lla trae fresca".

A sua opinión sobre o Estado das autonomias, definido na Constitución, tampouco era moi favorabel: "Que se concedesen os Estatutos de autonomia — opinaba— dóeme tanto que millor non penso comentalo".

Se nas suas primeiras aparicións como Conselleiro reclamou respeito en función do cárrego que ostenta, outra era a sua opinión naquela época, na que non dubidaba en facer perguntas retóricas coma esta, onde é patente o tono despectivo usado co máximo mandatário do país: "Verdade que non hai ningun listo no Governo. É verdade tamén que o Presidente é tonto de baba?"♦

Enrique Marfani.

■ Marfany cria un partido aproveitando que o galeguismo vende

Enrique Marfany Eanes, que anteriomente dirixira na Galiza o Partido Democrático Popular, ven de anunciar a criazón dun partido galeguista de centro que se chamará Unión de Centro Galego e cuxo nacimento está previsto nunha asemblea constituinte a celebrar o Sábado 15 de Xuño na Toxa. Vários descontentos do PP, como Xan Fernández, participan na operación, asi como outros políticos descolgados como Xan Gato, que pertenceu a Unidade Galega. A idea de Marfany, que despois de integrarse o PDP no PP rematara marchando á Converxéncia Nacionalista Galega, é criar unha forza nacionalista moderada que aproveite o tiron eleitoral galeguista. Contodo, Marfany xa renunciou ao programa político e anunciou que o seu será un partido bisagra que, caso de obter representación, estudará posíbeis alianzas tras as vindeiras eleicións autonómicas.♦

OPINIÓN

O RURAL ESTÁ A TER UNHA PRODUTIVIDADE MOI POR BAIXO DAS SUAS POSIBILIDADES, PERO OS VENTOS CHAMADOS "MODERNOS" E "EUROPEUS" SOPLAN MOI Á CONTRA, AFIRMA O SOCIÓLOGO E DEPUTADO, AUTOR DESTE ARTIGO. TRATA DE REBATIR ASI, ENTRE OUTRAS, AS OPINIÓNS VERTIDAS SEMANAS ATRÁS POR MANUEL CAO NESTE MESMO PERIÓDICO. TER FILLOS OU NON, IGUAL QUE O INDIVIDUALISMO OU O MINIFUNDISMO, NON SON, NA SUA OPINIÓN, MÁIS QUE TÓPICOS QUE NON RESPONDEN AOS VERDADEIROS PROBLEMAS DO AGRO.

O SÍNDROME DO RURAL

EMILIO LOPEZ PÉREZ

Iste vaise e aquil vaise,
e todos todos se van
Galicia sen homes quedas
que te poidan traballar.

Nada mellor que istes versos de Rosalia para reflexar a situación na que se está quedando a maioria do rural galego. A quen nos toca andar a cotio por eses lares non se nos escapan as razóns básicas desta diáspora. Ainda asi hai moitas diferéncias dunhas áreas a outras.

A simpleza coa que un columnista diste xornal analisaba o tema tomando Samos como sintomático é un reflexo de como funcionan os tópicos do que é o rural galego visto dende as áreas urbáns.

Precisamente foi Xosé Manuel de Vilanova (Samos), un afiliado do Sindicato Labrego Galego quen me explicaba hai tres anos unha das claves do problema. A reducción de cinco a tres das explotacións do lugar no que vive deixounos a el e ao viciño case que usuários absolutos de todo o lugar. O rendemento económico podia ser máis, pero o desánimo moral aumentou. Xa non se poden relevar para ir a unha festa ou manifestación. Menos relación social, menos presión e menos votos.

Os nenos, se os hai, van facer a ESO a Sárria; o cuartel da Garda Civil, o Centro de Saúde, as farmácias e o resto dos servizos irán desaparecendo. Ao final até o alcalde terá menos poder frente á sociedade que o pedáneo de San Xoan de Arbol en Vilalba. O Concello de Samos, de seguir asi, terá menos vacas e menos importáncia que moitas das parróquias da Terra Cha.

A lista das municipais do BNG de Návia de Suarna está composta case que exclusivamente por homes célibes de certa idade. Nengun procede dun cenóbio e son de extracción totalmente popular. E que de Návia e de Cervantes, como doutras localidades, xa hai tempo que as mozas decidiron emigrar.

Os poderes existentes e a Administración non só non dan un paso polo futuro do rural senón que se arredan del o máis posíbel. Só hai algo que lles preocupa: os votos. E cantos máis vellos, máis carretábeis.

Neste mesmo xornal, hai anos, un 17 de Xaneiro, intentaba eu facer unha lixeira análise da revolta da Fonsagrada. Era o descontento dunha vila de moita entidade á que se lle desmoronaba o rural.

Os nacionalistas, a parte de ter fillos, que tamén os temos, levamos anos arreo clamando nun deserto moi conscentes de que a Política Agrária Comun á que mansamente se someten os nosos governantes aceleraria a desfeita do noso agro.

Quen apostou e aposta por sindicatos, cooperativas, movementos asociativos de todo tipo no rural?

Quen batallamos e seguimos a batallar por servizos, por manter a producción do leite, da carne, do viño, etc.?

A. PANARO

A resposta de arriba é sempre a mesma. Esta tarde escoiteilla ao Conselleiro contestándome a unha interpelación: cupos, cuotas.

Un matrimónio na Fonsagrada saca un rendemento médio anual dunha explotación de vacun de carne de pouco máis de 300.000 ptas. anuais. E se ten 8 ou 10 vacas e cobra 32.000 ptas. anuais de primas gaña un pouco máis.

Cantos son os ingresos dunha explotación vitivinícola na parróquia da Coba no Saviñao? Menos ainda que nestas explotacións de carne de Fonsagrada. Cantos nenos van no transporte escolar de toda a parróquia da Coba?: dous.

E podemos seguir repasando comarcas: Val de Lemos, as terras do Bolo ou Caldelas, Baixa Limia, Maceda, Terra de Montes, etc.

No pasado Pleno repasei-llas ao Conselleiro da Presidéncia cando me dirixin ao Governo para preguntar-lle polas solucións para este despovoamento rural. Contestoume que a pergunta era improcedente e ademais que os do BNG estabamos en contra dos sistemas económicos e eramos marxistas e comunistas.

> "Pódese-me dicer cal é o bolo de pan que trae un neno debaixo do brazo cando nace en Samos?"

Dous Plenos antes o BNG defendia unha proposición non de lei para relanzar a agricultura no Val de Lemos. Segun os portavoces do PP e do PSOE a proposta era tardia. Pódese-me dicer cal é o bolo de pan que trae un neno debaixo do brazo cando nace en Samos?

As causas do despovoamento rural son múltiples e complexas. A desfeita económica, o desapego e desarraigo, a falta de servizos, a incerteza total no futuro, o complexo cultural, o complexo de inferioridade, o asoballamento dos valores mercantilistas, a desaparición da estrutura familiar tradicional (a casa), o abandono da Administración..., son, segun se miren, causas, efectos ou ambas as duas relacionadas, da situación que se está a dar.

Se algo ten que preocuparnos aos nacionalistas non é poñernos a ter fillos como solución ao problema, xa que iso seria un voluntarismo máis dos moitos que nos temos visto obrigados a realizar. Se algo nos corre presa é tentar volver-lle ao rural a dignidade e a vida que debe ter. Hoxe o noso rural está tendo unha ocupación povoacional e unha produtividade moi por debaixo das suas posibilidades. Pero os ventos chamados "modernos" e "europeos" soplan moi á contra. Quen teña un remo que bote unha man. E deixémonos de falar de tópicos como a ignoráncia e o individualismo dos labregos e labregas, do minifundismo, da falta de cooperativas. Deixémonos de parvadas e falemos en sério de política que é do que compre falar no agro galego con urxéncia. A cuestión gastronómica e excursionista podemos deixar-lla á Xunta que o fai bastante ben. ♦

EMILIO LOPEZ PÉREZ é deputado do BNG e portavoz desta organización para temas agrários no Parlamento autónomo

A LIÑA DE SOMBRA

MANUEL M. BARREIRO

O PSdeG-PSOE ven de anunciar a súa intención de se refundar en clave galeguista. O PSOE quere reanimarse como forza progresista e autonomista e para iso vai inaugurar un foro de diálogo con ex-dirixentes *coagas* e intelectuais galeguistas. A novidade da proposta non reside tanto na orixinalidade da iniciativa, precedida de numerosas e fracasadas tentativas, como no seu actual promotor, Paco Vázquez, ata a véspera principal pexa da renovación. Compre reparar no calado político da proclamada «refundación».

O dominio do PP na Galiza é menos firme do que aparenta e, sabedores diso, os conservadores decidiron cancelar o «debate sucesorio» revalidando a Fraga como recurso electoral. A substancia do fraguismo é un autogoberno esgotado na súa infrautilización e unha política económica cangada de pasividade. O avance do BNG e a intensificación da protesta social son as expresións máis importantes do disenso cidadán e da subversión democrática da hexemonía da dereita.

A procura dun goberno esteado nun programa galeguista e progresista é a principal tarefa da axenda política. Máis que engalanarse cun morno galeguismo, o PSdeG debe decidir se muda de estratexia e se suma a unha maioría social para impulsar o autogoberno, reactivar a economía galega e asegurar solidariamente o ben-estar social. Vázquez fixo do PSdeG un complemento e non unha alternativa ao PP, e a proposta refundacional nace nas súas mans como unha maniobra de contención do avance do BNG, coa que se favorece a permanencia da dereita.

Así as cousas, as posibilidades dunha derrota do PP repousan unicamente na capacidade de mobilización e apoio cidadán do BNG. A *liña de sombra* que ten que ultrapasar o PSdeG é o abandono do *vazquismo*, para poder se incorporar á solución, dende un goberno alternativo, dos problemas de Galiza. Ancorado na estratexia actual non será parte da solución senón do problema. Entón pouco importa se a refundación se fai en clave galeguista ou *lagarterana*. ♦

MANUEL M. BARREIRO é da Comisión Executiva de *Unidade Galega* e do Consello Nacional do BNG

Xosé Lois

O Martes 18 debátese a Iniciativa Lexislativa Popular que só apoiará o BNG

Tres mil persoas manifféstanse en Compostela pola reciclaxe e contra a incineración

PAULA CASTRO

Arredor de 3.000 persoas manifestáronse o pasado Domingo 9 de Xuño polas ruas compostelanas para reclamar a recollida selectiva do lixo e a sua posterior reciclaxe. Numerosos colectivos participaron na convocatória da mobilización, e mesmo o concello de Carballiño, anunciou o seu apoio á moción da reciclaxe de resíduos e á Iniciativa Lexislativa Popular que se debaterá no pleno do Parlamento o vindeiro Martes18 de Xuño.

Mentres que nas lexislacións de países como o Canadá ou os Estados Unidos, paralisan ou proiben métodos como a incineración, desde o Governo galego preténdese potenciar este sistema como alternativa á constante acumulación de lixo nas grandes cidades.

No primeiro plano de tratamento de resíduos, elaborado pola Xunta hai xa dez anos, contemplábanse duas incineradoras. A entrada do Governo do PP trouxo consigo unha modificación do proxecto, prevendo a construcción dunha única incineradora para todo o país: en Meirama, e dando entrada á Fenosa na xestión deste novo plano através da Sociedade Galega de Meio Ambiente, Sogama.

Segundo Manuel Soto, secretário xeral de Adega, "a entrada de Fenosa, que ten unha participación en Sogama dun 49%, nace vencellada aos intereses eléctricos desta compañia, polo que non é casual que se dea tanta importáncia á recuperación da enerxia dos resíduos, através da sua incineración, nen tampouco é casual que se pretenda instalar a futura incineradora no concello de Cerceda, perto da actual central térmica de Meirama".

Os investimentos previstos para levar a cabo este proxecto achéganse aos 50.000 millóns de pesetas, e a construcción da incineradora acadaria un custe duns 26.000 millóns. Dado o elevado prezo, xustifícase a necesidade de Sogama de obter dos concellos a cesión dos direitos sobre a xestión do lixo durante 25 anos. De aprobarse o plano, os concellos, ademais, terian que pagar a factura do lixo, incrementando as tarifas dos cidadáns ou retirando os cartos doutras partidas. Soto, afirma que "deste xeito os concellos actuarán como meros recaudadores, ademais Sogama cúrase en saúde porque se un concello non paga, a Xunta terá capacidade para reter a correspondente cantidade dos orzamentos anuais".
Aos elevados custes do proceso, que implicaria a habilitación de estacións de transferéncia e empacadoras, haberia que sumar os gastos de transporte, elaboración de combustíbel, incineración, unhas imprescindíbeis medidas de descontaminación dos fumes e a construción de depósitos de seguridade para as cinzas. A avaliación dos custes totales supera con moito os que provocaria aceptar calquera outra alternativa.

Mália este argumento dos ecoloxistas, Sogama oferta nun princípio uns prezos moi rebaixados se se comparan cos que se aplican noutros países europeus. Soto considera que "poderia tratarse dun prezo político, xa que unha vez que Sogama conte co monopólio do proceso e os concellos se acollan ao plano por 25 anos, a empresa poderá fixar as tarifas ao seu antollo".

Os manifestantes apoiaron a Iniciativa Lexislativa Popular, que vai defender o Secretário xeral de ADEGA, Manuel Soto. A. PANARO

A posta en marcha do proceso de incineración do lixo conlevaria o peche dos proxectos de reciclaxe que se están a levar a cabo nas mancomunidades de Ferrolterra e do Morrazo, xa que non entrarian dentro dos cánones marcados polo proxecto de incineración ideado pola Xunta. Manuel Soto lembra tamén que "a reciclaxe é incompatíbel coa incineración, e todo o plano de Sogama vai dirixido a elaborar combustíbel derivado de resíduos, no que os plásticos, o papel e a matéria orgánica resultan fundamentais. A sua sestión está formulada como o negócio das eléctricas, e polo tanto da Fenosa". Deste xeito, non só non teria sentido sequera, que se mantiveran os contentores de recollida selectiva, senón que serian contraproducintes porque significarian a retirada dos materiais máis combustíbeis.

Iniciativa Lexislativa Popular

Neste contexto, a manifestación celebrada o pasado 9 de Xuño foi uha mostra de apoio á elaboración dun plano de resíduos no que se teñan en conta os princípios de reducción, reciclaxe e reutilización, e que aparecen recollidos na Iniciativa Lexislativa Popular, que defenderá o Manuel Soto no Parlamento e á que o BNG anunciou o seu apoio.

A este respeito, o parlamentar do BNG Francisco Trigo, fixo referéncia ao acordo acadado polos grupos parlamentários de celebrar unha ponéncia conxunta para elaborar unha lei de xestión de resíduos sólidos. Trigo, deixando claro o posicionamento do BNG, lembrou a retirada do PSOE do seu proxecto de lei de xestión dos resíduos, aceptando que se elaborara un segundo, de forma conxunta en base a un borrador da Xunta. "Nós coidamos que calquer tipo de ponéncia conxunta non pode nacer condicionada polo Plano de Resíduos Sólidos Urbanos actualmente en vigor", afirmou, "e coidamos que se se fai unha lei de xestión dos resíduos á marxe dun plano de xestión dos resíduos, estariamos cometendo un erro, aceptando un modelo prefixado que só aposta pola incineración".

Para o BNG, ao redactar esa ponéncia conxunta, o mínimo que se debe ter en conta é a desaparición do actual plano de resíduos da Xunta e os contidos da Iniciativa Lexislativa Popular. Coincidindo coas afirmacións de Manuel Soto, Trigo considera que co plano Sogama o único que se vai conquerir é incrementar a cantidade de resíduos que se produzan. En calquer caso, o BNG tamén asinou o acordo para a ponéncia conxunta, ainda que parte da posición oposta e só aceitará unha lei que vaia acompañada dun plano con tendéncia á reciclaxe e que desbote a incineración.

Na elaboración do proxecto de lei, o BNG solicitará que se defina o que é un resíduo, o que é un desperdício, o que é o almacenamento, a valorización e como se poden recuperar e comercializar. Neste sentido tamén insistirá na necesidade de que o plano sexa único para toda Galiza, que teña corresponsabilidade nos concellos, pero sen rixideces. Deste xeito, na lei poderiase prever a existéncia de alternativas compatíbeis co plano pero sen obrigar a un cumprimento estrito da fórmula que este formule, e entendendo que estas alternativas serian tamén financiadas pola Xunta.♦

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO

No *Diario Oficial de Galicia* do venres 7 de xuño, publícanse os lugares, datas e horas de celebración dos primeiros exercícios das probas selectivas para o ingreso nos distintos corpos da Administración xeral da Xunta de Galicia, conforme o seguinte calendario:

Grupos	Datas	Lugares	Cidades
A	15 de xuño	Facult. Económicas Facult. Dereito	Santiago
B	16 de xuño	Facult. Económicas Facult. Dereito	Santiago
C	24 de xuño	Coliseum Cotogrande	A Coruña Vigo
D	1ª Proba: 18/19/20 de xuño 2ª Proba: 22 de xuño	Cotogrande	Vigo
E	23 de xuño	Coliseum Cotogrande	A Coruña Vigo

A distribución por tribunais pódese consultar no mesmo *Diario Oficial de Galicia,* nos taboleiros de anuncios da Consellería da Presidencia e Administración Pública, nas súas Delegacións Provinciais, Oficinas Comarcais, na Delegación de Pesca, Marisqueo e Acuicultura de Vigo e na Oficina da Xunta en Ferrol.

INFÓRMATE
902-120012
De 9 a 19 horas de luns a venres
De 9 a 14 horas os sábados.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERIA DA PRESIDENCIA E ADMON. PUBLICA
Dirección Xeral da Función Pública

ENSINO

CIG e SGTE opuxéronse en manifestación ao novo Catálogo de Postos de Traballo

Educación planea suprimir oitocentos mestres

A Consellaria de Educación cifra en 15.052 o número de mestres do cupo de ensino primário no novo Catálogo de Postos de Traballo, que servirá para desenvolver a Loxse. Isto supón unha redución de 820 mestres con respeito aos 15.872 actuais. As pretensións da Xunta son contestadas polos sindicatos maioritários do sector e dous deles, a CIG e o STEG, convocaron unha manifestación celebrada o cinco de Xuño en Compostela para amosar a sua oposición ao novo Catálogo. En todo caso, o novo Conselleiro de Educación, Celso Currás, xa anunciou ás centrais que o proceso de asignación de prazas será retrasado até Setembro.

O acto reivindicativo contra o novo Catálogo partiu ás seis da tarde da praza de Cervantes e celebrouse sob o lema *Polo incremento dos calálogos de postos de traballo*. Contodo, os cámbios no Governo da Xunta van facilitar que a negociación sobre o Catálogo se prolongue até Setembro, que será cando, probabelmente, comece o proceso de asignación de prazas. Celso Currás ven de aterrar na Consellaria mudando todo o seu organigrama, de modo que carece de capacidade para abordar dun xeito tan imediato un proceso tan complicado como a designación das prazas de profesores.



A. PANARO

Por outra banda, a redución prevista pola Administración na Educación Infantil e no Ensino Primário poderia ir acompañada dun recorte maior, xa que hai postos de traballo de especialistas que non poden ser adxudicados ao non haber mestres con esas especialidades. Ao tempo, neses mesmos centros alguns postos serán suprimidos porque o catálogo non prevé igual número de postos para mestres xeneralistas que unidades de ensino primário hai.

Solucións ao desfase

Un comunicado de prensa da CIG estimaba que "a Loxse suporá simplesmente recolocar os mesmos efectivos de hoxe, cumprindo parecidos papeis, pero cun feixe de itinerantes dos que ainda non coñecemos en que condicións van desempeñar o seu traballo; cun montón de suprimidos á espera de seren recolocados, frustradas as suas expectativas de homologación nas condicións de traballo do conxunto do profesorado".

Para a CIG a solución ao desfase de mestres entre o novo Catálogo e o actual pasaria fundamentalmente pola catalogación de tantos postos de xeneralistas como unidades hai nos centros, catalogando a maiores os especialistas, partir de 18 horas lectivas para todo o profesorado, aumentar os profesores de apoio, negociar as condicións de recolocación para quen perdan os posto como consecuéncia da Loxse e negociar as condicións de traballo do cupo de profesorado que a Administración contempla como itinerante.

A táboa reivindicativa que apresentan conxuntamente a CIG e o Sindicato de Traballadores do Ensino da Galiza (STEG) tamén estima necesário que todos os postos de 1º ciclo sexan ofererta-dos aos mestres, non aos profesores de médias.♦

Máis mulleres na universidade pero discriminadas dos postos directivos

Especialistas, investigadoras e estudiantes déronse cita os pasados dias 6, 7 e 8 de xuño no congreso celebrado en Compostela baixo o epígrafe "Mulleres e Institución Universitária en Occidente", dirixido por Mª do Carme García Negro e Rita Radl Philip. Abordáronse as relacións e o futuro das mulleres no seo desta institución, as suas aportacións e as liñas investigadoras que se teñen activado até o de hoxe.

Mália o aumento do número de mulleres nas institucións universitárias, tanto como investigadoras, mestras ou alunas, unha das principais conclusións ás que se chegou no congreso é que a universidade segue a ser reflexo estático de sedimentos ideolóxicos que só serven para a transmisión de prexuizos. Por iso, para que se poida dar unha perfeita integración da muller de cara ao futuro, terianse que modificar os próprios criterios nos que se basea esta institución. Estos criterios foron sintetizados por Blanca Muñoz, da Universidade Carlos III de Madrid, quen destacou como principais disfuncións "a xerarquia universitária, a profunda burocratización do seu funcionamento o elitismo que desprende e unha misoxínia que transmite a idea dunha certa capacidade intelectual e crítica da muller".

A institución universitária reproduce un modelo social que só se racha nos anos 60 ou 70 co acceso masivo de mulleres á mesma. Pero os problemas do xénero mantéñense apesar de que, segundo se observa através das estatísticas as cualificacións académicas femininas, son superiores ás masculinas. Blanca Muñoz, na sua análise sinala que "curiosamente, cando se trata de obter unha praza na que entren en xogo critérios subxectivos, e o tribunal está formado maioritariamente por homes, a muller queda á marxe. Pola contra, naquelas prazas que se outorgan por concurso de oposición libre, o acceso feminino é masivo".

De feito, na Universidade este fenómeno obsérvase no escasísimo número de mulleres ocupando cargos de relevância como reitoras, decanas e mesmo catedráticas. Esta taxa invírtese sendo unha aplastante maioria cando se trata de profesoras axudantas.♦

O POLEIRO ALLEO

Nen Política, nen Lingüística

Xesus Rábade Paredes considera desacougantes os resultados de trece anos de política lingüística do PP, nun artigo que publica en O CORREO GALEGO titulado *Existe unha política lingüística?*. "Se un fose por un dia o asesor ou conselleiro, que non é, suxeriríalle ao presidente Fraga, xusto contra o critério de tantos asesores, a supresión da que ven mal chamándose Política Lingüística, denominación pouco rigorosa ou, se prefiren, doblemente espúrea. Examinada tal enteléquia orgánica desde a función para a que foi pensada (promocionar o normal uso do galego no seu propio país como instrumento habitual de relación, criación e pensamento e como importantísimo factor de convivéncia), os desalentadores resultàdos obtidos, a trece anos de promulgación de Lei e quince de vixéncia do Estatuto, non fan máis que invalidar o seu papel desde unha óptica normalizadora, que é mesmamente a por lei encomendada. Sendo obxectivos e aducindo só dados oficiais, se a meta consistia en asumir e preservar a lingua recebida para legárllela aos galegos do futuro, xa estamos asistindo á história dun fracaso. Non querer velo asi, será seguramente eleitoral, moi tranquilizador, harmónico e político, pero está distraendo e impedindo rectificar o rumbo, recuperar o camiño desandado (...) Un Gabinete de Planificación Lingüística (que queremos facer coa nosa lingua, cando e como e con que meios), ben situado no cume e máis nas beiras do governo, e concebido ex-novo, deberia comezar diagnosticando, explicando e deseñando, incentivando e tamén esixindo. E non se trata de imposición nengunha, senón de elemental lei de xustiza, pois que o galego é a língua da Galiza, e a sua duración, como advertiu Cunqueiro, é a única posibilidade de que nós mesmos duremos como povo".♦

A televisión non fala dos obreiros

Gilles Balbastre e Joëlle Stechel, chaman ao conxunto dos obreiros franceses *un continente sulagado polas ondas* no LE MONDE DIPLOMATIQUE. "Na Franza temos case sete millóns de obreiros, entre 5.845.000 en activo e 969.000 no paro, o 27 por cento da povoación activa. Mais desde hai alguns anos, a televisión amosa un mundo do traballo no que a produción industrial non existe. Sobre a pequena pantalla somentes existen a función pública e os servizos. Os asalariados que traballan nas cadeas das fábricas de automóbiles e que fabrican e preparan o que comemos, esvaíronse. Das condicións de traballo cáseque non se fala: das enfermidades profisionais, do padecemento físico, das relacións de producción. Dos horários matadores, das cadéncias e dos accidentes, fálase coma se fosen os restos dun mundo industrial superado. Pero o caso é que na Franza houbo 612.000 accidentes de traballo no ano 1993, dos que mil foron mortais. A revolta de Decembro do 95 poderia ter esvaido esta néboa, pero a meirande parte dos sistemas de comunicación, e nomeadamente a televisión, fixeron canto estaba na sua man por desacreditar as reivindicacións dos obreiros que protestaban. A voz dos manifestantes, a que expresaba as motivacións do movemento, case nunca deu pasado o muro das ondas".♦

Gerry Adams.

Implicar a John Major nas conversas co Sinn Féin

Gerry Adams escrebe no semanário AN PHOBLACHT sobre o estado das negociacións entre o Sinn Féin e o governo de John Major. "É evidente que o Governo británico ten de implicarse plenamente no proceso de paz. Como John Major non entre como parceiro nas conversas, non daremos chegado a un acordo. O Governo de Dublin tamén ten a sua parte de responsabilidade (...) Compre resolver o asunto da desmilitarización. Este capítulo abrangue o desarme, os presos, as forzas armadas a administración da xustiza e o remate da lexislación represiva". O líder do Sinn Fein di que se precisa un esforzo sério para conseguir acordos constitucionais e políticos cos unionistas pero "compre abordar a igualdade de trato e consideración, o desequilíbrio nas cifras de desemprego, a desigualdade no desenvolvemento económico a participación na riqueza e a integración dos marxinados e non debe esquecerse a igualdade de tratamento para a língua e a cultura irlandesas".♦

Guillerme Vázquez

'A sociedade galega está cambiando a moita máis velocidade da que se cre'

A. IGLESIAS

M. VEIGA

"A SOCIEDADE GALEGA ESTÁ CAMBIANDO A MOITA MÁIS VELOCIDADE DA QUE SE CRE OU DA QUE ALGUNS MÉIOS DE COMUNICACIÓN PRETENDEN APARENTAR", SINALA GUILLERME VÁZQUEZ DEPUTADO EN CORTES POLO BNG. AFIRMA ADEMAIS QUE O PP GALEGO ESTÁ AO SERVÍCIO DAS ESTRATÉXIAS ESTATAIS, "COMO É LÓXICO NUN PARTIDO ESTATALISTA". TAMÉN CRE QUE FRAGA CARECE DE INFLUÉNCIA EN MADRID E COMEZA A PERDELA MESMO NA PRÓPRIA GALIZA.

Que lle chamou máis a atención do Parlamento estatal, transcurridos xa tres meses desde as eleicións?

Comprobamos o que xa sabiamos, que Galiza estivo ausente das Cortes todos estes anos. O que levou a surpresa foi Aznar, no debate de investidura, cando viu que un deputado galego facia referéncia aos problemas do noso país. Asi se puxo de agresivo na contestación, tendo en conta o tono xeral do debate. Polo demais, a inexisténcia de Galiza deixase ver cando se fala de problemas globais e a pesca non aparece ou cando se menciona a agricultura, con exclusivas referéncias á área mediterránea. Os deputados galegos, eleitos dentro de listas do PP ou do PSOE, non se fan notar.

Esperaban a resposta de Aznar?

Non. Agardabamos algo demagóxico, pero máis conciliador, na liña do que afirmara en Galiza de que a el lle decia moito a figura de Castelao. Pero fixo o contrário, careceu de reflexos e foi moi despreciativo. Dalgunha maneira reflexaba a idea de que Galiza é un cero á esquerda e non queria que o importunase ninguén falándolle dela. Iso indica que era algo que non estaba afeito a escoitar. E, en consecuéncia, que Fraga non pesa desgraciadamente nada en Madrid. Pero, tanto Aznar como os demais, terán que ir aceitando que Galiza comeza a existir politicamente.

Tamén dixeron que o BNG desentonaba.

O noso discurso é alternativo a respeito do que alí resulta común. Obsérvase unha grande unanimidade na maioria dos temas, condicionada sobre todo polos acordos de Maastricht. Hai coincidéncia entre o PP e o PSOE, pero tamén nos outros, incluidos PNV e CiU, e mesmo IU, en todo o que vai un pouco máis alá da área social. Moitos deputados, en privado, mostraron interese por coñecer as propostas do BNG.

En que sentido é alternativo?

A nosa alternativa non está na forma, senón no fondo. Galiza necesita unha política alternativa se quere mudar a sua situación. Se continuasemos facendo, consentindo ou asumindo, a política que se estivo a aplicar até agora, entón si que non tiñamos nada que pintar alí. Pero xa temos dito que non se trata de reivindicar agora a autodeterminación, senón de resolver os problemas concretos que temos.

Cal cre que é a reacción a presséncia do BNG en Madrid?

Estase movendo bastante o mapa político. Cando na campaña eleitoral insistian en que o BNG non sacase representantes, sabian moi ben o que facian. Agora están en evidéncia. Cuiña pídelle máis actividade aos seus deputados, o PSOE fala dun grupo galego no senado. A consigna é frear ao BNG.

A semana pasada dixeron que o grupo mixto estaba a ser marxinado.

O grupo mixto está presente en todas as comisións, quitado na de secretos oficiais, da que xa estaba excluido na anterior lexislatura. A nosa protesta non se basea tanto no interés por estar nesa comisión —para ser sinceros, eu estou convencido de que alí non se conta nengún secreto— senón que é unha cuestión de dereitos democráticos, toda vez que os demais grupos si teñen preséncia. O PP está a desmentir a sua promesa de democratizar o parlamento. Pretende reducir a representación do grupo mixto na comisión congreso-senado a un só membro, o que resulta absurdo, entre outras razóns porque a composición partidária do grupo mixto do congreso e o do senado é diferente.

Que relación manteñen con outros grupos?

Tivemos conversas co PNV, con CiU e por suposto coas demais forzas presentes no mixto. Tratamos de que esas relacións señan as mellores dentro do posíbel, pero hai que comprender que a fin de contas cada quen defende os seus intereses e os de Galiza non sempre coinciden cos de Cataluña ou cos do País Basco. Que ninguén espere, nese sentido, nengún frente común. O importante é que lle consigamos transmitir á sociedade galega a importáncia de estar nas Cortes.

E como o van lograr?

Coido que xa se está logrando. Desde escoitar falar de Galiza por primeira vez nun debate de investidura, a unha morea de alternativas que metemos no parlamento e que defenden aos distintos sectores sociais. Estamos a manter moitas conversas con todo tipo de xente, desde empresários até sindicatos. O noso labor fundamental é estar pegados a esa realidade.

Contra as privatizacións

Que opina o BNG das privatizacións?

Estamos claramente en contra. Se noutras comunidades pode non ser grave, na nosa significa quebrar unha das poucas estruturas industriais básicas que quedan. Xa o manifestamos en debate en comisión e en pleno. Doutra parte, a política de vender todo o rentabel reducirá, abofé, o deficit do estado, pero só temporalmente. O estado quedará ben logo só coas empresas que teñen perdas. Así que é unha política de pan para hoxe e fame para mañá.

Como explica que no centro do debate esteñan os impostos que pagan as empresas e a distribución territorial do IRPF e non a desaparición das próprias empresas nalgúns territórios como Galiza?

A superestrutura política está moitas veces fóra da realidade social. Aquí pódese afirmar que hai que privatizalo todo, caiga quen caiga, sen pensar nas repercusións sociais que teria. Quen imparte ese tipo de senténcias adoita a ser xente moi ben paga da política ou dos méios de comunicación. Non resulta así extrano que, cando o presidente da Confederación de Empresários de Galiza reclama privatizacións a esgalla, saian os empresários de Ferrol decindo que non. Ao cabo moitas empresas privadas, en áreas coma esa, dependen do funcionamento do sector público.

Que preve para as proximas eleicións autonómicas?

O BNG aspira a governar. Este país necesita un cámbio que nos saque da parálise. Estou convencido de que imos ter uns resultados magníficos. Hai moito nervosismo nos partidos estatais. Uns non teñen candidato e outros están de contínua remodelación. Pero o importante é que na sociedade estase a ver un cámbio moi grande.

O PP decia que, governando en Madrid, Galiza ia sair beneficiada.

A primeira entrevista de Aznar cun presidente autonómico foi en Cataluña con Pujol. Cando se viu con Fraga deulle unha palmada no lombo e mandouno para Galiza sen concretar nengunha das demandas que ten esta sociedade. Eu creo que Fraga non conta no PP, nen a nível de Estado, e a cada menos en Galiza. Dentro da perspectiva dun partido estatal, é lóxico, porque o centro de decisión trasládase a onde eles realmente queren. Son curiosas esas adesións inquebrantábeis a Mariano Raxoi que lembran as dos tempos do xeneral. O PP galego está a poñer o país ao servizo das estratéxias estatais. ♦

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Apróbase, con preséncia galega, a Declaración Universal dos Direitos Lingüísticos

I. VARELA / BARCELONA

Do 6 ao 9 de Xuño celebrouse en Barcelona a Conferéncia Mundial dos Direitos Lingüísticos, que culminaban dous anos de traballos até a elaboración dunha Declaración Universal dos Direitos Lingüísticos. No Congreso participaron 20 persoas, representando máis dun cento de ONGs, 32 delegacións do PEN Clube e entidades diversas en representación de nacións de máis de 90 estados dos cinco continentes. Por Galiza estaba presente Pilar Garcia Negro, dentro do Comité de Expertos e representando á Universidade da Coruña; Xosé Manuel Sarille d'*A Mesa* e tamén asinou o documento a AGAL.

A Conferéncia celebrouse a iniciativa do CIEMEN e do Comité de Tradicións e Direitos Lingüísticos do Pen Clube Internacional e na redación da Declaración interviron especialistas de diferentes disciplinas e campos de actuación (investigación xurídica, lingüística, sociolóxica e de defensa dos direitos dos povos).

O documento autoxustifica a sua necesidade "porque debe permitir correxir os desequilíbrios lingüísticos de maneira que se asegure o respeito e o pleno desplegue de todas as línguas e estabelecer o princípio dunha paz lingüística planetária xusta e equitativa, como factor principal da convivéncia social".

Analísase na Declaración Universal que "a maioria das línguas ameazadas no mundo pertencen a comunidades non soberanas" e que un dos principais factores que impiden o seu desenvolvomento e acelera o proceso de substitución lingüística é "a falla de autogoverno e a política de estados que, rexidos por unha secular tendéncia unificadora, impoñen a sua estrutura político-administrativa e a sua língua".

A reunión de Barcelona xuntou 32 delegacións do PEN Clube, un cento de ONGs e representantes de 90 nacións dos cinco continentes. IRIA VARELA

A proclamación da Declaración universal dos Dereitos Lingüísticos procura iniciar unha nova etapa, e nese camiño foille entregada ao representatnte oficial da UNESCO, pra que lle dé traslado á Convención Internacional de Nacións Unidas, coa finalidade de incitar a criación dun Consello das Línguas no seo da organización internacional, que garanta o cumprimento dos direitos das comunidades asinantes da Declaración. Ademais intentarán promover a criación dunha Comisión Mundial de Dereitos Lingüísticos de "natureza non oficial" e de "caracter consultivo" formado por representantes de ONGs e entidades de ámbitos do direio lingüístico.♦

Nace o colectivo *Nais e Pais polo Ensino en Galego*

Despois xa dun proceso asambleário promovido pola Mesa de Normalización Lingüística, que lle dá soporte, ven de ser feito público o nacimento dun colectivo que co nome de *Nais e Pais polo ensino en galego*, procura incidir na galuelización do sistema educativo. No manifesto inicial o colectivo quer que, por primeira vez "o estamento de nais e pais estexa presente coa reivindicación da normalización porque, apesares dos esforzos do sector máis comprometido do profesorado, non se ten producido unha mellora significativa na utilización do galego como língua veicular nos níveis do ensino non universitário".

O obxectivo fundamental que se marcan é "defender o direito dos nosos fillos e fillas en idade escolar a receber un ensino en galego". O pronunciamento de *Nais e Pais* analisa que "pésia ás eivas do marco legal, creemos que é exercício de congruéncia manifestarnos inequivocamente a prol do imediato e rigoroso cumprimento do Decreto 247/1995, que é responsabilidade fundamental dos próprios centros educaivos e, en último termo, da própria inspección educativa".

O novo colectivo normalizador márcase como meta non aparecer como "competidores das APAs", pero chaman a procurar que estes organismos e os seus represetantes nos Consellos Escolares "asuman as reivindicacións lingüísticas e coiden do cumprimento do Decreto".

O primeiro folleto que veñen de editar recolle os principais aspectos de obrigado cumprimento que regulan a preséncia do galego no sistema escolar e un modelo de carta que os pais poden dirixir ás dirección das escolas de preescolar e primeiro ciclo de primária, solicitando medidas galeguizadoras.

Nos próximos meses oferécense a realizar actos informativos e debates coas APAs de todo o país, estabelecendo como contacto o teléfono (981) 56 38 85.♦

San Caetano

XAN CARLOS ANSIA

Dia grande

Coa chegada das férias a xente procura sitio para pasar algúns momentos de asueto e relax. A adquisizón de coñecimentos culturais, as viaxes a lugares exóticos e algo de exercício físico converten-se na demanda dos que teñen posíveis para dedicálos ao esparcimento.

San Caetano é un lugar por descubrir. Algunha axéncia de viaxes está estudando a posibilidade de incluir entre as ofertas desta temporada, unha xeira de achegamento as instalazóns dos servizos centrais da Xunta de Galiza.

O programa da visita comeza mui cedo, coa chegada dos primeiros funcionários aos despachos. O guia turístico empeza coa explicación das calidades técnicas da verxa, o seu perímetro, a entrada principal, a distáncia entre barrotes, os pontos de apoio. Mesmo dá algún detalle anedótico: *nesta parte poden observar o tramo de verxa que tiráron uns bateeiros, mais alá é o lugar preferido para as concentrazóns de ensinantes... por favor fixen-se nas marcas de ovos da fachada que datan do governo tripartito...*

O grupo adentra-se nas instalazóns e percebe toda a amplitude do poder no *hall* da consellaria da Presidéncia. A rigurosa uniformidade do glorioso e laureado corpo da Policia Autonómica, o estudado esmero do servizo de informazón adquirido nun curso de xeitos e maneiras de tratar a paisanos, amas de casa e licenciados en paro.

Todos os detalles teñen unha explicazón exacta e profisional: *ese que ven vostedes aí, é un funcionário sen nível, nada, un ninguén... aquel é o alcalde de Boqueixón pero despacha cos veciños polo móbil... esoutro non se sabe o que fai pero seique é da aldea de Cuiña... este encarga-se de traducir todo ao galego bilingüista, equilibrista e harmonioso...*

Ponto obrigado da visita é a cafetaria. Dous mil cafés nunha xornada, discusións sobre o último comunicado sindical, rumores, moi favoráveis, de Pérez Varela e os seus devaneos golpistas, novos achegamentos entre a xefa da seczón de control de fichaxes e o rapaciño de asuntos xerais. Con algo de eso até se lle poden pagar unhas rondas aos do gabinete de Currás.

Nesta temporada a estrela é Portomeñe. Ver un *sen carteira* é un priviléxio ao alcance de moi poucos. Espécie que se consideraba en extinzón desde os tempos do tardo franquismo. Unha foto de todo o grupo de ganchete co ex do Pelegrin pode ser un *souvenir* máis preciado que un cascaPESCA

O acordo comercial da UE con Sudáfrica pode afectar ao sector do mexilón

As negociacións en curso para criar entre a Unión Europea e a República de Suláfrica unha zona de libre cámbio, e que poderian determinar un levantamento de aranceis aduaneiros no prazo dunha década, poderian afectar negativamente ao sector mexiloneiro galego.

O deputado do BNG en Madrid, Guillerme Vázquez, ven de interpelar ao Ministério de AGricultura, para que dé a coñecer que iniciativas adoptará o governo central para protexer ao sector, toda vez que a República de Suláfrica está intereada en iniciar producións con vistas ao mercado europeu, grande consumidor deste bivalvo.

O Consello de Ministros da UE ten elaborada unha lista de productos «sensíbeis» que non se verian afectados pola liberalización comercial con Suláfrica porque se consideran vitais para as economias dos paises comunitários. O deputado nacionalista pede que se adopten medidas para incluir o mexilón dentro destes productos precisados de singular protección.

O sector do mexilón ten unha singular importáncia na economia da beiramar galega. Despois de vários anos de ordenamento dos parques de cultivo e das bateas —un proceso practicamente rematado— o sector reclama iniciativas que igualen o seu aceso aos mercados europeus. Xa en Decembro pasado protagonizaron un soado enfrontamento ás portas da Xunta, porque consideraban que se lle impuñan barreiras sanitárias discriminatórias. O conflito saldouse con duras acusacións entre as organizacións de productores e a Xunta de Galicia.♦

CIDADES

Oteca e dous construtores máis pretenden erguer en Samil 20 bloques de vivendas

Case trinta mil firmas opóñense á proposta do PP de urbanizar a área de lecer máis concurrida de Vigo

M. VEIGA

A presentación de 28.000 sinaturas de vigueses pedindo un referendo sobre o proxecto de urbanización de Samil coloca ao concello ante a segunda máis contundente resposta cidadán desde que o PP tomou posesión da alcaldia. A anterior fora contra a subida de taxas e a Federación Veciñal, a mesma entidade que coordina a protesta actual, reunira daquela máis de quince mil sinaturas.

Aspecto da praia de Samil, cuxa parte posterior pretende urbanizar o concello.

A. IGLESIAS

O alcalde Manuel Pérez encóntrase, para levar a cabo o seu proxecto de construir 20 bloques de pisos e apartamentos, coa oposición de todos os veciños da zona. Tampouco conseguiu até agora nengún apoio provinte de sectores profisionais ou empresariais.

O intento de convertir a segunda liña de praia nunha urbanización con máis de 50 vivendas por hectárea e un aumento da povoación estimado en dous mil residentes só conta co beneplácito dos proprietários dalgúns terreos, a urbanizadora Oteca, denunciada hai algun tempo por certas irregularidades cometidas en Ourense, e Martínez Cid que para algúns actua como testaferro do ex-concelleiro Agustín Arca. Asi o denunciou a oposición no pasado pleno do dia 3 de Xuño, encabezada polo BNG que presentou unha alternativa ao proxecto e polo exalcalde, Carlos Príncipe que tivo duras palabras contra Oteca.

A oposición que encontra o plan municipal conduciu xa ao alcalde a contratar publicidade por valor de dous millóns de pesetas en defensa do complexo urbanístico.

A anterior corporación, formada polo governo tripartito, aceitara a proposta de construir tres apartoteis na zona e deixar o resto do terreo para vivendas unifamiliares tal como esta na actualidade. A concesión dos tres apartoteis, dos cales só un chegou a erixirse, debeuse segundo algunhas opinións á presión do Partido Popular, daquela na oposición, e do concelleiro, nas fileiras socialistas, Agustín Arca. As infidelidades deste último coa maioria governante puxeron en perigo de bascular en várias ocasións as teses da alcaldia.

A actual corporación, dominada polos conservadores, e sen outras cortapisas, optou pola alternativa máis drástica: eliminar as vivendas unifamiliares, construir vinte bloques de pisos e destinar o resto do terreo a actividades en nada relacionadas cos usos da praia, tales como oficinas, etc.

O pasado mes de Febreiro, o PP levou o proxecto a pleno. Após de duas horas de discusión o alcalde optou por retiralo, ante a oposición dos portavoces veciñais presentes, asi como do PSOE e máis do BNG. Desde aquelas o actual governo municipal tratou de soslaiar a controvérsia, através dunha comisión, que nun primeiro momento pretendeu secreta.

Posturas confrontadas

As posturas actuais resúmense asi: os veciños continuan, cun forte apoio social, protestando en contra de todos os pasos que conduzan ao deterioro da zona e que xa iniciaran cunha alegación ao Plano Xeral de 1993 que fora aceitada polo Tribunal Superior.

O PP apura os trámites de modificación do plano xeral na zona, de modo que permita a construción dos bloques, conforme pon trabas á celebración do referendo que considera non vinculante, amais de irrealizábel sen un permiso ministerial.

O BNG apoia aos veciños no rechazo a toda vivenda colectiva nesta área, ao tempo que propón a liberación de superfície de modo que se permita a reubicación de servizos e instalacións hoxe situadas na zona da praia, co fin de aumentar o areal. Para tal obxetivo defende a permuta de terreos e a transferéncia de edificabilidade, de xeito que os proprietários de solares calificados como vivenda unifamiliar dispoñerian de terreos situados inmediatamente detrás.

A postura no PSOE diverxe. En canto os seus representantes na alcaldia móstranse belixerantes co proxecto, o sector enfrontado a Carlos Príncipe non apoia o referendo. No cerne das polémicas internas neste partido está o medo a que o BNG capitalice a oposición, ante o que se oferecen dous modos de actuación: sumarse ás suas propostas superándoas en radicalismo verbal ou opoñerse a elas, con posturas contemporizadoras próximas ao PP, tratando de desmarcar aos nacionalistas como "radicais", na liña que promove Francisco Vázquez. ♦

Irregularidades na xestión de persoal en Carballo

A Xunta de persoal do Concello de Carballo acusa ao concelleiro de persoal, Xan Carlos Castro, de favorecer a determinados funcionários e de contribuir a un conflito no seo do plantel municipal, informa Manuel Pan. A UGT e a CIG, que forman a Xunta de persoal, tamén criticaron que un grupo de funcionários pedisen repetir unha asemblea de traballadores para forzar unhas novas eleicións, cando na primeira convocatória do acto non asistiron os funcionários agora asinantes. A polémica producese no marco dunha remodelación do cadro de persoal no que saen prexudicados alguns traballadores con máis antigüidade que outros –sendo discriminado entre outros un delegado da CIG–, e beneficiado, entre outros, o arquitecto municipal. ♦

O concello da Coruña só dedica 660.000 pesetas a bolsas de estudos

Nos Orzamentos de 1996 o Concello da Coruña só adicou 660.000 pesetas ao apartado de Promoción Educativa (bolsas e axudas ao estudo) para atender a unha povoación escolar necesitada moi ampla, cando a Loxse estabelece que as "Administracións públicas desenvolverán accións de carácter compensatório en relación coas persoas (...) en situacións desfavorábeis e proveerán os recursos económicos para iso". Por esta razón, o BNG da Coruña apresentou unha moción en pleno que solicita que a cantidade destinada á Promoción Educativa sexa de quince millóns de pesetas. ♦

O BNG critica a política de 'grandes acontecimentos' en Santiago

A nova lexislatura marcada polo pacto entre o PSOE e o PP no concello de Santiago caracterizouse por unha política municipal "claramente conservadora", segundo denunciou o Bloque Nacionalista Galego, que convocou unha rolda de prensa ante o que consideran unha situación grave en Compostela tras un ano de governo. Os once representantes do PP só aportaron abstención e siléncio en temas como o urbanismo. "Este pacto fai que a corporación funcione 23/2 e que a única oposición sexa a do BNG en canto a proxectos e traballo cotián, o que explica tamén a negativa que a equipa de governo pon ao acceso á información ou a explicación de determinados temas", comenta a voceira nacionalista Encarna Otero. Mália este "illamento" da formación nacionalista, as suas propostas tiveron protagonismo na baixada do Imposto de Actividades Empresariais ou a conxelación da recollida de lixo.

O Bloque Nacionalista Galego afirma que o modelo de cidade que busca a corporación é o dos grande acontecimentos, orientado cara á capitalidade do ano 2000. Para Encarna Otero, déixanse de lado temas tan importantes como a vivenda pública, a mellora do rural ou a participación viciñal. A política da equipa de governo caracterízase por unha desidia e abandono no que é a xestión recorrendo á privatización sistemática, co conseguinte aumento de gasto e sen nengun control no funcionamento" din.

A situación financieira do concello é, para Encarna Otero, produto da máa xestión e as posíbeis alternativas que formula a equipa de governo pasan por retrasar o pago do endebedamento financieiro ou privatizar servizos como o matadoiro ou a recadación. "Só se estabelece como saida os 500 millóns que corresponden por 100.000 habitantes que, nun orzamento de 10.000 millóns representa unha cifra bastante reducida", di a representante nacionalista.

Por outra parte, tamén se lembra que, por primeira vez desde hai anos, ráchase co convénio laboral existente, abrindo a via das pagas extras e dos acordos persoais en detrimento dos sindicais. En relación á anterior lexislatura, hai cámbios no xeito de acordar as actuacións. "A nova modalidade é a aprobación de mocións en pleno que, na maioria dos casos, non se executan como a xuntanza das comisións especiais ou a oficina de urbanismo para o rural", din desde a formación nacionalista. ♦

O PSOE agora apoia a privatización dos servizos financeiros de Ourense

O PSOE mudou a sua opinión a respeito da privatización dos servizos municipais de Facenda en Ourense e pasou a apoiar ao Governo municipal do PP na sua pretensión de que estes sexan xestionados pola Caixa Ourense. A consecución dun acordo que recolle algunhas pretensión do PSOE permitiu ao voceiro socialista Xabier Casares xustificar o cámbio de estratéxia e o pleno do Venres 14 de Xuño vai supor a aprobación da privatización dese servizo por un espazo de cinco anos. A apoio do PSOE é fundamental porque tres concelleiros do PP teñen relación con Caixa Ourense e non poden participar na votación.O BNG, pola sua banda, continua en contra porque, como recoñeceu o secretário municipal, non hai cámbios substanciais. ♦

TEMPO SINDICAL

O déficit público da Seguridade Social non se debe ao sistema de pensións, que presenta superavits, senon aos gastos de protección ao desemprego. XURXO LOBATO

O SISTEMA PÚBLICO DE PENSIÓNS E O PACTO DE TOLEDO

LUIS BURGOS

Nos últimos tempos a protección social en xeral e o sistema de pensións en particular situouse interesadamente no centro da polémica. Na mesma identificaremos fácilmente a quen argumenta que demasiada protección social ocasiona efectos perversos no emprego, a quen presiona por reducir os deficits públicos asumindo as esixéncias da denominada "converxéncia" e aos que se lles poñen os dentes longos de pensar no grande negócio que supón unha parcial privatización das pensións e da asisténcia sanitária. Son os defensores do neoliberalismo, que despois da contrarreforma laboral, das progresivas privatizacións, da moderación salarial, da regresividade fiscal e dos recortes nalgún gasto público, pretenden rematar coa protección social para que a economia capitalista poida remontar a crise.

Deste xeito, inda que existen perentórios e gravísimos problemas como o crecimento sen emprego, a insuficiéncia da recuperación económica para crialo dada a debilidade da demanda, a inestabilidade financeira, a especulación e a corrupción exacerbada, o certo é que patronal e o Governo, organismos como o Fondo Monetário Internacional, informes e estudos de entidades financeiras, determinados santóns da economía e unha morea increibel de columnistas están empeñados non só en dicer que o actual sistema de pensións é imposibel de manter no futuro, senón en convertir tal afirmación nun dogma, e como tal incuestionabel.

O argumento utilizado para conseguir a preocupación entre os traballadores é moi simple: debido a que a povoación envellece rápidamente nos paises industrializados, no futuro (cálculos actuariais situan antes do 2.025 a creba da Seguridade Social) as pensións non poderán pagarse. Desta afirmación extraen consecuéncias inmediatas: Hai que reducir as cuantías das pensións e ao mesmo tempo potenciar un sistema privado de forma que chegue a convertirse na columna vertebral do sistema no futuro.

Sen embargo, do envellecimento da povoación, feito indiscutíbel, non se deduce que as pensións teñan que chegar a ser insoportábeis. Probabelmente, se se segue a facer nas próximas décadas a mesma política económica que ate agora esa perspectiva se cumpra. Se continúa a taxa de paro actual, se as mulleres non se incorporan á actividade laboral, se aumenta ainda máis a precariedade laboral, será difícil que as pensións poidan pagarse.

Pero isto será consecuéncia dunhas medidas ancoradas no reaccionarismo neoliberal, algo que non pode ser aceitado desde o sindicalismo, nen desde a esquerda política, xa que repugna pensar que as pensións están amenazadas cando a sociedade nunca tivo un nivel tan alto, nen os avances tecnolóxicos actuais, nen tantos recursos inutilizados, nen tanto nivel de produtividade. Por outra parte, o defícit público da Seguridade Social non se debe ao sistema de pensións, que presenta superávits, senón aos gastos de protección ao desemprego, polo que desde o ponto de vista financieiro non é necesário reformar o actual réxime de reparto para sustituilo por outro de capitalización, senón loitar contra o paro cambiando a política económica para criar postos de traballo.

Precisamente, o "Pacto de Toledo" asinado en 1995 por todos os grupos parlamentários parte de que é posibel manter o actual sistema de pensións *"so se se adoptan as reformas necesárias"*. Este pacto da lugar a un **"documento táctico"** que asume na súa análise do estado da cuestión as claves propagandísticas da estratéxia neoliberal, propoñendo unha série de **recomendacións** que delimitan as medidas inmediatas a adoptar. Entre estas recomendacións salientarei as que me parecen máis perigosas:

—**A reducción das cotizacións**, que debilitará a capacidade de financiación do sistema público, sobre todo se estas cotizacións (que son, non o esquezamos, **salário** diferido) se compensa cun aumento do IVE, o que supón unha disminución dos custes empresariais e un aumento dos impostos indirectos que pagan os traballadores como consumidores.

—**A ampliación do periodo de cálculo das pensións**, que supón unha inmediata reducción da cuantía das pensións e unha porta aberta para sucesivas reduccións no futuro, ate chegar a considerar como base de cálculo a totalidade dos salários percibidos polo traballador durante a súa vida laboral.

—**O sistema complementário privado**, perfectamente lexítimo considerado como sistema complementário de carácter voluntário, pero enormemente perigoso cando o que se pretende non é outra cousa que provocar o deterioro do sistema público, polo que os traballadores se verán realmente **obrigados** a destinar cantidades adicionais ao sistema complementário para dispoñer da mesma cobertura no futuro, o que supón de feito unha reducción do seu salário actual e a utilización de enormes fondos polo capital privado.

Logo imos ver como se concretan esas recomendacións en proxectos lexislativos por parte do actual governo. O terreno está abonado polo consenso logrado no Congreso de Diputados sobre o Pacto de Toledo, pero ese consenso nada ten que ver co sindicalismo que a CIG representa nen cos traballadores e traballadoras que van a sofrir unha ampliación do período de cálculo e a conseguinte rebaixa de pensións. Todos nos temos a mans libres para movilizarnos e facer fronte a un novo intento de liquidación das conquistas históricas da clase obreira. ♦

LUIS BURGOS DIAZ é membro da Executiva Confederal da CIG

Preferéncias

MANUEL CAO

As preferéncias dos suxeitos e colectivos son as que definen a acción política e as decisións de carácter económico. Nas sociedades democráticas nas que rexe o sistema de economía de mercado captar e modificar as preferéncias dos colectivos é a preocupación principal do axente político, económico ou cultural. A información é o método máis efectivo para actuar sobre as preferéncias que, en última instáncia, revelan os intereses dos diversos axentes político-económicos. Vexamos, por exemplo, como se manifestan algunhas das preferéncias dalgúns dos axentes que actúan na Facultade de Económicas de Santiago de Compostela.

No referente á información xeral, as preferéncias en méios de comunicación acusan unha dependéncia absoluta da prensa madrileña. Non se tivo en conta a solicitude de dispoñer dun diário como podia ser *La Vanguardia*, editado en Barcelona. Parece razonabel tentar informarse do que poidan opinar dende unha comunidade que comparte con Galiza o seu carácter de histórica e que, dende o punto de vista económico, pode calificarse como o motor da economía española. Non hai por qué apelar á oportunidade política do momento para recoñecer que a visión e a dinámica socioeconómica da sociedade catalana terá unha gran influéncia no Estado español e, polo tanto, en Galiza. Podería realizarse un pequeno estúdio microeconómico, micropolítico e microsociolóxico que poida explicarnos o artellamento das preferéncias dos colectivos universitários conducentes a ignorar, explicitamente, este tipo de información.

No referente á información específica dous recentes actos son particularmente ilustrativos: Por unha banda, un tal Alvaro Baeza foi reclamado para dar a súa visión sobre a corrupción en España nos últimos 20 anos acadando un éxito de público só comparabel ao que, no seu momento, tivo Mário Conde. Non é fácil de entender que interese pode ter a actuación dun cidadán como Baeza para un colectivo da rama de Económicas, a altura do ano 1996, en Santiago de Compostela e metidos de cheo na Unión Europea no camiño da moeda única. Se despois do fiasco de Mário Conde non se modificaron a penas as preferéncias parece claro que estamos diante dun fenómeno estrutural da élite presente e futura de Galiza en matéria económica. Convén non esquecerse de que estamos a falar dun colectivo elitista e, teoricamente, moi informado sobre temas de carácter económico e político.

Mário Conde. A. IGLESIAS

> "Non é fácil de entender que interese pode ter a actuación dun cidadán como Baeza para un colectivo da rama de Económicas"

En troques, por outra banda, o interese despertado pola intervención doutros profesionais galegos relacionados co sector agrário foi practicamente nula. Eran cidadáns que representaban intereses económicos moi importantes en e para Galiza como o cooperativismo agrário, o grupo lácteo galego, etc., é dicer, actividades e empresas que serán pear básico da nosa economía produtiva por moitos anos e que se ven capaces de competir no mercado español e mundial. Despois da compra de LESA o grupo lácteo galego avanzará con poder e firmeza até converterse nun grupo económico clave para a supervivéncia da nosa terra.

A diverxéncia entre as preferéncias da elite dirixente e as dos colectivos económicos dun país será insostibel no médio prazo. ♦

António Ramilo, presidente da patronal galega, e Xosé Luís Méndez, director xeral de Caixa Galicia

"Fraga só fai visitas turísticas ao exterior", segundo Ramilo

O director-xeral de Caixa Galicia cre que chegou a hora da iniciativa privada

A.E.

A cotio cando se fala de Galiza e da sua economia síguense a empregar os mesmos tópicos, quer a xeito de análises, quer como proposta como quedou demostrado na xornada sobre a "Competividade da Empresa Galega: un reto para o século XXI", organizada polo *Instituto de Fomento Empresarial* e *Caixa Galicia.* Ainda asi, houbo novas dignas de mención.

Os diversos ponentes na xornada mostrábanse ledos pola onda privatizadora que se albisca no horizonte económico propugnado polo PP. Liberalizar, desregular, privatizar foron as receitas que aportaron para acadar o grande reto da *competividade* da empresa galega cara o século XXI. Eis a palabra máxica para "superar os tópicos que limitaban o crecimento dos sectores máis productivos", segundo se afirmou na apresentación.

A vaga liberalizadora na que aboia a nosa economia, "coa baixa de intereses e a privatización do sector público", fíxolle afirmar a Xosé Lois Méndez, director xeral de Caixa Galicia, unha entidade pública, que "chegou a hora para Galiza da iniciativa privada". Méndez avogou por privatizar todo o privatizábel "quitada a sanidade e o ensino", onde a iniciativa privada debe estar en todo caso presente e estudar que marxe se lle deixa ao sector público.

Méndez, que considera que a economia galega non ten futuro mentres o sector primário teña tanto peso, puxo como exemplo a Irlanda, para afirmar que a confluéncia de Maastricht e a competividade é posíbel, pero esqueceu mencionar que o sector primário irlandés ocupa tanta povoación como o galego. Ainda asi, o responsábel de Caixa Galícia é optimista, pois "os empresários galegos teñen aguantado até de agora, e mesmo conseguen exportar, pésie a sua desvantaxe clara á hora de competir".

A exportación como panacea para resolver os problemas económicos foi outra das ideas centrais da xornada. Francisco González, que disertou sobre a "intensificación da actividade empresarial da empresa galega nos mercados internacionais", puxo de manifesto que a metade das exportacións galegas corresponden a Citroën e ás empresas públicas, e como só o 1% do investimento exterior do Estado español, se realiza na Galiza e menos do 0,1% do que se inviste no exterior desde o Estado é galego.

O Igape, de Economia a Indústria

Este especialista xurídico-tributário afirmou que o marco lexislativo español para investir fóra é pior, demandando un marco tributário especial para o comércio exterior, agora que "levar o diñeiro para fóra xa non ten as connotacións pexorativas que tiña antes debido ao cámbio do entorno cultural". E xa posto a buscarlle unha explicación ao problema das exportacións galegas atopou unha, *importante*: "a língua diferente é un problema para sair fóra". O representante dunha das maiores empresas galegas non pudo aguantar e, sentado a caron deste cronista, perguntouse: "e a exportación de man de obra que viñemos facendo durante séculos, como foi tan rendíbel?".

Nicolás Díaz, que falou da economia financeira coma se estivese ante os seus alumnos universitários, na vez de empresários, realizou duas afirmacións interesantes. A primeira que é "practicamente imposíbel que se desenvolva unha economia sen ter un sistema financieiro próprio" e que os cámbios económicos que se veñen producindo no estado "non teñen tanto que ver con Maastricht, como coa modernización que se está a dar nos sistemas financeiros".

Neste clima ultra-liberal, António Ramilo, Presidente da Confederación de Empresários de Galícia, tiña o campo abonado para verter as suas ideas que, ainda asi, situáronse nun plano moderado a respeito dos *especialistas* madrileños. Ramilo comezou por afirmar que ainda que as diferéncias de Galiza co resto do estado eran poucas, algunhas si habia, citando como aqui "desapareceu o 30% do tecido industrial nos últimos anos". Criticou a auséncia de infraestruturas viárias, afirmando que Aznar ia cumprir os prazos e coincidiu con Méndez ao considerar positivas as transferéncias da xestión dos portos. Ramilo avogou porque a xestión destes fose privada. Entre as receitas expostas cabe destacar a demanda de que o *Igape* "sexa transferido de Economia a Indústria". Tamén demandou a supresión dos trámites burocráticos que actualmente dan lugar a que para "constituir unha empresa haxa que realizar 53 trámites" e a cooperación cos empresários do Norte de Portugal.

Cando chegou á hora das críticas, primeiro referiuse ao PSOE pola sua "política monetarista e intervencionista", pedindo a "modificación sustancial do mercado laboral". Despois tocoulle á Xunta, afirmando que "non se trata de facer viaxes turísticas ao exterior, senón de resolver problemas. Acuden vinte veces a Sul-América, pero non se estabeleceu ainda nengunha oficina nen ponto para apoiar as exportacións".

Nas xornadas estiveron presentes executivos das principais empresas do sul de Galiza, Pescanova, Coren, Rodman, San José... A maioria deles non foi quen de aguantar as disertacións académicas e ausentes de referéncias galegas da maioria dos ponentes. ♦

Primeira andanada de privatizacións

O ministro de Indústria Josep Piqué anunciou xa parte do proxecto *popular* de privatización. En Galiza poden pasar axiña a mans particulares a celulosa *Ence* de Pontevedra e as duas factorias de alumínio de *Inexpal*, sitas en San Cibrao. Piqué rechazou a posibilidade de privatizar *Bazán* por considerar que o asteleiro pertence a un sector estratéxico. ♦

A CIG lembra que o 13% do emprego depende das empresas públicas

A Confederación Intersindical Galega lembrou, en rolda de prensa, o pasado Mércores dia 12 que as empresas públicas instaladas en Galiza ocupan ao 13% da povoación laboral, ao tempo que proporcionan uns benefícios aproximados de 56.000 millóns de pesetas ao ano. Destas gañáncias, só unha parte moi pequena se reinviste en Galiza.

A central anúncia a sua vontade de oporse as privatizacións e lembra que o sector público no Estado español no está sobredimensionado, senón que mesmo é inferior ao de Francia, Itália ou Alemaña. ♦

J.M. Cuevas.

A CEOE reclama "medidas de máis calado"

A Confederación estatal de empresários acolleu favorabelmente o paquete de medidas económicas anunciado a pasada semana por José Maria Aznar. O presidente prometeu un recorte dos orzamentos públicos por valor de 200.000 millóns de pesetas, asi como unha modificación dos impostos.

Contodo, a CEOE pediu o pasado dia 11 "medidas de máis calado". O secretário de Estado de Facenda, Juan Costa respondeu xa a esta solicitude anunciando que poderian ser rebaixados os impostos sobre os dividendos do capital. ♦

Ao borde do peche tras cinco anos de crise

O calvário dos traballadores do *Diário 16 de Galiza*

Recentemente o xornalista Xabier Prado invitaba aos seus compañeiros a unha pequena festa na redacción do Diário 16 de Galiza; celebraba que a maxistratura de traballo de Vigo fallara afirmativamente na sua demanda de rescisión de contrato contra o xornal. Prado conqueria asi desvencellarse do periódico e pasar a formar parte da longa lista de desempregados, iso si, cobrando un salário (neste caso o paro), algo que non facia con regularidade desde habia anos.

Aspecto da redacción de Vigo mentres se reunen os traballadores. A. IGLESIAS

Os nervos de Xabier e doutros moitos xornalistas non aturaron máis e, pinga e pinga, foron marchando dun periódico que por veces estivo sen teléfono, fax e teletipos. Os que se ian non querian seguir escoitando durante anos que a solución definitiva estaba a vir. Os outros, porén, quedaban porque o paro na profisión é moi alto e alguns deles conservaban a secreta esperanza dun cámbio. Desde 1992 a empresa arrastra unha crise que provocou que houbese momentos nos que chegou a adebedar nove nóminas aos traballadores, ainda que hoxe os atrasos son de dous meses e meio, ademais dunha débeda renegociada agora hai un ano, cuxo compromiso de pagamento estase a incumprir. Foi unha longa crise na que non faltou tensión entre os traballadores. "Estar 20 persoas na redacción, sen cobrar e sen posibilidades de escreber con médios dabondo provoca alguns enfrentamentos", explica un deles.

O Diário 16 de Galiza nace hai sete anos a raiz da decisión do Grupo 16 de criar un grupo de cabeceiras *rexionais*, que na Galiza coincide coa daquela recente desaparición do Diário de Galiza, do que o novo meio toma grande parte da redacción e mesmo as instalacións.

Os traballadores do Diário 16 de Galiza están en folga indefinida desde hai tres semanas, o xornal non sae e é distribuida a edición estatal. "Se isto ten que pechar, que peche, pero que o faga xa", din. "Se para funcionar como Diário 16 de Galiza ten que reducir o cadro de persoal, que o faga xa", engaden.

Hoxe son uns 35, pero chegaron a ser 50. "Ao princípio tirouse a casa pola ventá, sobretodo no que respeita á apertura de delegacións –din os traballadores–, pero desde hai cinco anos non temos subas salariais e case todo o mundo ten un contrato de auxiliar, ainda que faga funcións de coordenador".

Botin da especulación

Durante anos Rafael Ouro foi o conselleiro delegado e accionista maioritário, os traballadores acusáno de empregar o xornal como un xoguete e levar adiante unha xestión económica desastrosa que deixou ao periódico ao borde do peche e un ano sen director. Hoxe continua a piques de quebrar, e o director actual, Manuel Quintero Seisdedos, está enfrentado coa redacción porque chegou á Galiza a impor unha liña editorial moi escorada á direita e facer de correa de transmisión da dirección de Madrid.

O Diário 16 de Galiza funcionou como unha franquícia de Madrid que explotaba unha empresa galega, a quen cedian cabeceira e páxinas xerais; mudou várias veces de donos até que pasou a formar parte do Grupo 16, dentro dunha fórmula que, segundo Diário 16, ia significar a salvación do meio. "Pero o traspaso foi demorado e non se produciu até hai ano e médio", din os traballadores. Ademais, o Diário 16 tamén padece unha profunda crise; o Grupo 16 era un negócio que basicamente consistia en adquirir un grande periódico cunha débeda de 28.000 millóns e renegociala, sobretodo con bancos e Estado (Facenda, Seguridade Social, etc), até conquerir rebaixas próximas ao 90%. "Unha vez renegociada a débeda os planos sempre son os mesmos –din–: arrimarse a un partido ou outro, conquerir unha subvención e despois deixar o meio. Sempre caimos nas mans de especuladores, a proba é que os proprietários non son empresários de comunicación".♦

A vella escola: baterlle aos alunos e ameazar aos profesores

A nai de dous alunos do coléxio Sárdoma-Moledo de Vigo denunciou os maltratos aos que foron sometidos os seus fillos por membros da equipa directiva do centro diante da policia os dias 26 de Abril e 13 de Maio respeitivamente. Durante anos denúncias que nunca chegaron a formalizarse ou que si o fixeron, non foron relevantes para a Inspección, referianse a Blasindo Vázquez Lorenzo, director do coléxio, como un home que utilizaba uns métodos baseados no medo e no terror para rexer aos seus alunos. A raiz da denúncia desta nai, a CIG leva o caso á Delegación de Educación por considerar que non se poden agachar máis as "barbaridades" de Vázquez Lorenzo.

A denúncia que fixo esta nai na comisária e posteriormente, o dia 31 de Maio en Educación, refírese a insultos para o seu neno de oito anos e unha patada ao irmán de once, que tivo que receber asisténcia médica. A central nacionalista responsabiliza destas atitudes ao director ainda que non exime a outros membros da dirección e a alguns mestres. Un deles, Xosé Martin tiña por costume colgar aos nenos pola chaqueta do percheiro. De calquer maneira, os intentos de oposisión destes á atitude do director daban lugar a represálias. No curso anterior, unha profesora do centro denunciou no xulgado o intento de atropelo por parte do director, que lle produciu feridas nunha perna. Educación tamén ten constáncia disto, xa que tivo lugar un xuízo de faltas contra Vázquez Lorenzo pero non foi deposto do seu cargo. El gábase de ter bons contactos e ser intocábel.

Nas diferentes queixas feitas sobre a atitude do director ponse de manifesto o grao de violéncia utilizado contra os alunos. Non os chama polo seu nome, senón por alcumes despectivos, evita pegar aos nenos de pais que puideran facer reclamacións, a humillación cara aos nenos é constante e, recentemente, proibiu ás nenas acudir ao polideportivo porque "eran unhas putas e os nenos podiannas deixar preñadas".

Málla que Blasindo Vázquez Lorenzo é coñecido pola sua atitude tan autoritária como arbitrária na comunidade educativa da cidade, é a primeira vez que unha nai de alunos do centro atrévese a denunciar, non só ante Eduación senón na policia. No informe que a CIG remite á Delegación, solicítase a investigación das expulsións de estudantes que leva feito sen critério coñecido. A administración do material didáctico do centro e a democrácia interna, nomeadamente nas sesións do claustro. Ten ameazado aos profesores ante a posibilidade de que fixeran públicas as suas actuacións co argumento de que "el antes de denunciar a un compañeiro, pégalle un tiro".♦

PUCHEIRO

A Eurocopa da discórdia

Os calificativos empregados contra o selecionado futbolístico do Estado español presente na *Eurocopa* de Inglaterra foron tremendamente duros após do primeiro partido no que empatou a un gol contra Bulgária. Mais a maioria dos meios non quedaron aí e, expulsado Pizzi, comezaron un debate, fíctício pero moi alimentado, sobre quen debia de ser o dianteiro centro, se Alfonso ou Salinas.

As descalificacións do xogo da equipa hispaná contra Bulgária non terian maior importáncia se as apreciacións dos nosos colegas españois non contrastasen abertamente coas dos enviados especiais do resto de Europa. Poñamos alguns exemplos: o *Daily Telegraph* escribia que "no estádio de Elland Road non se viu un partido como este durante moito tempo". O *Daily Mirror* afirma que "a primeira parte foi aburrida, pero despois púdose ver un fascinante encontro". Para o*The Independent* "o partido foi entretido e tivo un tempo furioso na última hora".

Por que, logo, esas reacións nos meios españois? Crian a polémica entre Salinas e Alfonso para manter collida á audiéncia até o novo partido, o Sábado. Arremeten contra Clemante e o selecionado español por mor da guerra comercial entre os distintos grupos empresariais de comunicación. Clemente, na vez de arredarse, alíñase claramente coa *COPE e Antena 3*. Por detrás da porteria vixia o índice de audiéncia.♦

ET 743, un antitumoral desenrolado na Galiza

Un grupo de traballo de Paris ven de iniciar os ensaios en pacientes humanos para comprobar a efectividade do antitumoral ET 743, "Ecteinascidina", desenrolado pola empresa Pharmamar do grupo galego Zéltia. O novo antitumoral é de orixe mariña e trátase dun tunicado do xénero das acídias que habita en zonas tropicais do Caribe. O ET 743 forma parte dun ambicioso programa de elaboración de antitumorais co que Phamamar confia en situarse a curto prazo no liderato mundial deste tipo de medicinas. Dentro dos planos de expansión desta empresa están a cotización na bolsa de Nova lork e distintas alianzas con compañías farmacéuticas.♦

Os anoréxicos tratados coma pacientes psiquiátricos de longa duración

A Área Hospitalária de Compostela ingresa aos pacientes diagnosticados de anoréxia nunha unidade para enfermos psiquiátricos de longa estadia, denunciou o Comité de Empresa do Psiquiátrico de Conxo, que tamén demandou do xerente da área de Compostela, Ignácio Martínez, a criazón dunha unidade para anoréxicos.

Que haxa pacientes anoréxicos ingresados nas unidades de crónicos é algo que transgrede a Lei Xeral de Sanidade e o Comité de Empresa de Conxo teme que esta situación sexa correxida meiante a criazón dun servizo que unicamente comporte a asignación de dous ATS procedentes doutros hospitais en lugar de dotar ao centro dun servizo cos recursos necesários.♦

O tráfico de mulleres substitue en Europa ao de armas e drogas

Na UE hai máis de 500.000 mulleres afectadas polo tráfico sexual, esta é a conclusión que se tira dun informe elaborado pola Comisión Europea. Segundo a Comisária de Inmigración, Anita Grandin, o tráfico para a explotación sexual feminina está organizado polas mesmas bandas do crime organizado que trafican con drogas e con armas e que a cada paso prefiren o comércio sexual por ser este un delito menos penado en Europa. Grandin puxo como exemplo o seu país, Suécia, onde as senténcias por tráfego de drogas son de dez a doce anos, mentres que o contrabando humano é castigado tan só con un ou dous anos.♦

Francisco Letamendia

'O cerco a HB está a provocar un clima de guerra civil'

PAULA CASTRO

O Clube Nacionalista Alén Nós reiniciou o pasado Xoves 8 de Xuño as suas actividades cun invitado de excepción, Francisco Letamendia, quen, como especialista en História do Pensamento Político centrou a sua intervención na evolución dos nacionalismos en Europa. Letamendia, abertzale que non milita en nengun partido, foi deputado na primeira lexislatura da democrácia. Na actualidade ocupa a cátedra de História do Pensamento Político na Faculdade de Ciéncias da Información na Universidade do País Vasco.



Como analisa a situación basca?

Desgraciadamente está bastante bloqueada. A vida política funciona a modo de tribos. O nacionalismo histórico trata de adquirir poder, que é o que lle pide a sua clientela. Para conseguilo e para lograr que o governo central lle dea luz verde incrementou o poder da ertzantza e sumouse á loita antiterrorista, o que lle gañou a hostilidade do mundo do MLNV [Movimento de Liberación Nacional Vasco]. Este último despegouse da defensa dun programa político e iniciou unha via irracional, asumindo a situación de cerco e illamento, que os leva a xustificar todas aquelas actuacións de ETA que expresan hostilidade total. Paralelamente isto levou a que ETA rachara todos os límites que anteriormente puxera a luita armada. Así é que neste momento os brancos son ertzainas, dirixentes políticos, ou atentados cegos onde morre xente da rua, como ocorreu cos traballadores de Vallecas.

Que repercusións poden ter os pactos PP-PNV?

Históricamente, as grandes solucións aos grandes conflitos non viñeron da esquerda, senón da dereita. A esquerda tivo sempre un complexo de inferioridade e sempre pensou que calquera via de solución dos conflitos íalle producir a enesmistade dos poderes reais, do exército, da policia. Noutros estados foi a dereita quen trouxo unha solución ao conflito, como no caso do de Alxéria con De Gaulle e incluso en Gran Bretaña, onde foron os conservadores os que deron a luz verde. Non é descartábel e de feito poden existir presións do PNV, en base á situación de forza que ten pola aritmética eleitoral. O que ocorre é que o problema ten que decidirse anteriormente en Euskadi. Teñen que tenderse pontes entre as distintas famílias do nacionalismo basco, PNV e Herri Batasuna. A min gostaríame crer que esas pontes son viábeis, pero a situación actual mostra que é difícil.

En Euskadi estase vivindo unha situación de enfrontamento social?

Desgraciadamente iso é absolutamente certo. A política do pacto de Ajuria Enea, foi moi gabada polos méios e polos partidos estatais, pero tivo consecuéncias nefastas. Provocou unha situación de cerco non só de ETA, senón tamén do mundo civil que asume o programa político de ETA e máis do MLNV. Ese programa político é perfeitamente respeitábel, porque parte dun rexeitamento da Constitución e da defensa do dereitos de autodeterminación. Moita xente que, coma min, non estamos en absoluto de acordo coa dinámica da luita armada, pero que sen embargo nos identificamos con ese programa, temos que recoñecer que todo ese mundo foi obxecto dunha política de illamento. Por iso, nestes momentos si existe unha situación de conflito social que se manifesta a modo de guerra civil entre unhas famílias e outras do nacionalismo basco, por non falar dos enfrontamentos que existen entre o nacionalismo radical e os sectores que se identifican con partidos estatais. Ise é o grande problema que existe na actualidade, e sen solucionalo, iniciar unhas negociacións co estado é inviábel.

Que pasos considera fundamentais para chegar a unha solución?

Son moi pesimista porque o que vin nestos últimos anos é que experiéncias como a de Elakarri quedaron bloqueadas. En ambos sectores hai ramas propícias a achar unha solución. No PNV existe a liña Atutxa pero tamén a liña de Eguibar e Loyola favorábeis á busca de esos pontos. Por parte do MLNV e de HB existe tamén un discurso favorábel á busca dunha solución. Logo, o primeiro paso teriase que dar a partir dun arranxo, mediante un programa e mediante a convivéncia das duas ponlas do nacionalismo basco.

É posíbel a criazón dunha organización transversal que médie entre ambos polos do nacionalismo?

Non vexo esa posibilidade. Elkarri está nesa via que ven sendo cegada por ambas partes, tanto dende HB como dende o poder de Estado, o que é un contrasentido monstruoso por parte do MNLV. O que si vexo é a posibilidade de crear un ambiente de opinión púbiica e de presión por parte de sectores da esquerda abertzale, do PNV e de franxas que se identifiquen con partidos de estado, favorábeis á busca dunha via de arranxo interno que solvente os enfrontamentos civís e que faga que as relacións que existen neste momento en Euskadi non sexan as de ódio total entre ese 80-85% que se identifica co pacto de Ajuria Enea e ese 15% que se identifica co MLNV.♦

A. EIRÉ

A desaparición das Deputacións

Jordi Pujol anunciou a pasada semana a desaparición das Deputacións Provinciais. As declaración do Presidente da Generalitat non son a reivindicación tradicional do nacionalismo catalán nen unha petición, senón a constatación dun acordo ao que chegaron co PP, pero que non foi explicitado como a supresión dos governadores civiles. Duas son as causas principais de que se mantivera con sixilo estes extremos, segundo fontes catalanas. Por unha banda, a renuéncia dentro do próprio PP a desprenderse de tan importante elemento de control orzamentário e máis eleitoral. Pola outra, as cautelas do PNV ante a desaparición de algo tan arraigado como as *Deputacións Forais* que perviviron, mesmo durante o franquismo ,e que son peza fundamental na engranaxe fiscal de Euskadi. Fontes do nacionalismo catalán consideran que a posta en práctica deste acordo é moito máis difícil que no caso dos governadores, postulando unha reforma legal na que se podan contemplar especificidades como as de Euskadi.♦

MONUMENTO A BÓVEDA

Se quer colaborar na realización desta obra na Caeira (Poio), pode realizar o ingreso nas contas:

CAIXA PONTEVEDRA
2057 0001 18 3300106697
CAIXA GALICIA
2091 0500 10 3040042433
CAIXA OURENSE
2046 0750 27 3040018967

Xuiz ferido por paquete bomba

Un paquete bomba amputou vários dedos e provocou feridas na cara do Presidente da Sáa Segunda do Penal da Audiéncia Nacional, José Antonio Jiménez Alfaro, que foi atendido por unha Uvi móbil, nun primeiro momento, e transladado ao hospital Gregorio Marañón de Madrid posteriormente. O xuiz, que está fóra de perigo, abriu no seu despacho o paquete bomba, que consistia nun libro oco cargado de explosivos e que, segundo fontes policiais, bulrou os controis rutinários aos que son sometidos todos os paquetes que chegan á Audiéncia Nacional.♦

A autovia de Levante non afectará ás Foces do Cabriel

O Presidente da Comunidade Autónoma de Castela-A-Mancha, o socialista José Bono, e o novo Ministro de Fomento, o *popular* Rafael Árias Salgado, conqueriron pór fin a unha polémica que enfrentou ao primeiro co anterior Ministro de Obras Públicas, Josep Borrell, e que desde habia anos paralisaba a construción da chamada autovia de Levante. José Bono conveceu a Rafael Árias Salgado da necesidade de evitar que esa via de comunicación afectase ás Foces do rio Cabriel, un parque natural que Castela-A-Mancha estaba especialmente interesada en conservar. Bono e Árias Salgado chegaron a un acordo para un novo trazado, diferente a todos os até agora barallados, pero cun custe e tempo de realización igual ao que viña propondo José Bono.♦

Barrionuevo non se carea con Roldán debido á "catadura moral" deste último

O ex Ministro do Interior, José María Barrionuevo, negouse o Mércores 12 a carearse co ex Director Xeral da Guarda Civil, Luis Roldán, diante do xuiz do Tribunal Supremo, Rafael Móner. Barrionuevo e Roldán tiñan que contrastar distintas versións relacionadas cos Grupos Antiterroristas de Liberación, Gal, por mor de novas revelacións de Roldán, que asegura que Barrionuevo foi quen ordenou o secuestro de Segundo Marey. José María Barrionuevo xustificou a sua atitude de non carearse con Luis Roldán debido á "catadura moral" deste último. O Xoves 13 outro careo ten que enfrentar ao próprio Roldán con Rafael Vera, ex Secretário de Estado de Interior. Prevese que Vera tamén se negue a carearse.♦

Barrionuevo.

O ministro afirma descoñecer que exista diversidade cultural e lingüística no Estado

Defensa négase a que a bandeira das respeitivas comunidades ondee nos cuarteis

MANUEL SEOANE / MADRID

"Unidade, disciplina, xerarquia". A esta triada apelou o novo ministro de Defensa, Eduardo Serra, ao ser interpelado polo deputado do BNG, Francisco Rodríguez, a respeito de que medidas pensa promover o Governo para garantir o exercício dos dereitos lingüísticos de galegos, cataláns e bascos no Exército. Asemade, a fidelidade inquebrantábel á Alianza Atlántica e a consideración do Magreb como a "ameaza máis próxima" para o Estado constituen os trazos esenciais da nova filosofia de Defensa.

Na sua primeira comparecéncia na comisión de Defensa, o novo ministro do ramo, Eduardo Serra, revelou a súa postura contrária ao recoñecemento da pluralidade lingüística nos cuarteis. Non se vai ter en conta a cooficialidade das línguas galega, catalana e basca. O PP non vai garantir os dereitos dos cidadáns das tres nacionalidades históricas a expresárense nos seus respeitivos idiomas ao seu paso pola administración militar.

O deputado do BNG, Francisco Rodríguez interpelou ao ministro sobre unha eventual toma de conciéncia do Exército a respeito do carácter plurinacional do Estado español: "Pensa o Ministério tomar algunha medida tendente a que nos cuarteis non só figure a enseña española, senón tamén as bandeiras das diferentes comunidades autónomas? Pensa o señor ministro adoptar algunha resolución legal que permita o emprego na vida militar das diferentes línguas que coabitan no Estado?", inquiriu o parlamentário nacionalista. Perguntas tan directas só acharon unha resposta lixeiramente desazonada por parte de Eduardo Serra. "A verdade é que me declaro lego na matéria. Non sei moi ben de que diversidade cultural me fala vostede, señoria. O único certo que lle podo dicer é que unhas Forzas Armadas deben estar sempre e en cada momento firmemente asentadas en tres princípios: unidade, xerarquia e disciplina". Fin da cuestión. Non houbo marxe regulamentar para a réplica. "Está claro que certas cuestións seguen a ser un tabú para o Exército e o poder civil non semella estar disposto a facer valer a súa autoridade nos cuarteis", avaliou Francisco Rodríguez ao termo do debate.

Atlantismo renovado

O Governo Aznar ten previsto consumar o ingreso do Estado español na Estrutura Militar Integrada na Alianza Atlántica. E iso sen pasar previamente pola peneira dun novo referendo.

Na súa comparecéncia na comisión parlamentar, Eduardo Serra expresou con clareza a vontade do governo Aznar de afortalar os vínculos que unen ao Exército español coa Alianza: "Eu sempre pensei o mesmo. Un sócio debe selo até as últimas consecuéncias. O único xeito que temos de influir sobre a política da Alianza é estarmos representados en todas as súas instáncias e órganos de dirección". Para Serra, ficar á marxe da estrutura militar é unha hipoteca que paira sobre a capacidade de autonomia do Exército español. "E nós non podemos tolerar nengunha restricción ao exercício da nosa soberania", engadiu.

O BNG pretende que o exército recoñeza a cooficialidade da lingua e da bandeira de Galiza. Francisco Rodríguez interpelou ao novo ministro de Defensa Eduardo Serra, quen se mostrou surprendio pola proposta.

Un certo tono de consenso de fondo presidiu as intervención dos voceiros dos grupos parlamentares maioritários. O voceiro socialista, Pedro Moya, gabouse de que o próprio Eduardo Serra recoñecese que a súa vai ser unha xestión con matices continuistas a respeito do labor desenvolvido polos sucesivos governos presididos por Felipe González.

Pedro Moya transmitiu a impresión de que a Alianza Atlántica é un asunto de Estado que non admite grandes disensos. Non vai haber, en princípio, oposición nas bancadas do PSOE á unha eventual revisión das condicións de ingreso. A bandeira contrária vai ficar en mans de IU e do BNG. "Seguemos sen ter claro por que non se disolve a OTAN", dixo na Comisión o deputado de Izquierda Unida Willy Meyer. "Semella que alguén está moi interesado en sustituir a guerra fria por unha guerra contra o Terceiro Mundo ou contra a ex-Unión Soviética", considerou, da sua parte, o parlamentário nacionalista Francisco Rodríguez.

A alusión de Rodríguez ao Terceiro Mundo non era gratuita. Serra recoñecera explicitamente que o Ministério de Defensa considera aos paises do Magreb "coma a ameaza máis próxima e verosimil para a seguridade do noso território". "No fondo do que se trata é de converter a España no gardián da Alianza na área do Mediterráneo máis conflitiva", avalia o deputado do BNG. ♦

Valente de Oliveira.

A maioria dos portugueses contra a rexionalización

"A regionalização não está a ser debatida com a profundidade que merece. Percebo que isto tenha que ser debatido com paixão", opina o ex ministro de Cavaco, Valente de Oliveira, que ven de anunciar que fará "campanha pelo *sim*" no referendo pola rexionalización de Portugal. Que Valente de Oliveira teña saido díscolo ao Partido Social Demócrata, que está en contra, é algo que non está a servir aos partidários da rexionalización, xa que un inquérito publicado polo semanário Expresso indica que 44% da povoación está en contra deste proceso, mentres que un 35% está a favor. O 21% non sabe ou non contesta. ♦

Jon Idígoras, en liberdade

Co prévio pago de cinco millóns de pesetas por parte da coalición HB, Jon Idígoras saiu do cárcere o Luns 10 de Xuño. O xuiz Baltasar Garzón, que ordeara o seu encarceramento pola difusión dun vídeo coas propostas da ETA, rebaixou unha primeira fianza de 300 millóns á de quince até chegar aos cinco que se pagaron. Idígoras comparou o seu ingreso en prisión cun "secuestro" e como unha ameaza contra a liberdade de expresión e apontou a conveniéncia de escoitar a propostas da organización armada. ♦

O PNV non aceita o achegamento "selectivo" dos presos

As negociacións entre o Ministro do Interior, Jaime Mayor Oreja e o Governo basco sobre o translado dun número de presos da ETA a Euskadi resposta a parte das negociacións que PNV e PP mantiveron para que o último formara governo. Pero a selección que Mayor Oreja quer facer dos entre vinte e corenta presos beneficiados desta medida non é aceitada polos nacionalistas. Interior non só impon a condición de que estes presos estean en segundo grao senón que investigan o seu ámbeto familiar para coñecer as posíbeis relacións dos parentes con organizacións abertzales ou de defensa dos presos políticos como as *Gestoras pro Amnistia*. Joseba Egíbar, voceiro do PNV, afirmou que o seu partido non aceptaria un achegamento con critérios políticos. ♦

15 de Xuño

Homenaxe a

Francisco Carballo

Ás 19,30 horas
no Centro Cultural
Caixavigo,
Acto Académico
"Nacionalismo e História"

Ás 21,30 horas
Cea no restaurante
"El Castillo"
Prezo: 3.000 pesetas.

Reservas
até o 12 de Xuño:
Telf: 986 - 43 38 30
(Lola Fernández)



Mobilización popular na Habana durante o primeiro de Maio.

Laxe recorda que a recuperación que vive Cuba parte 'dun nível moi baixo'

"A Lei Helms-Burton vai producir danos na economia cubana". Asi o recoñeceu Carlos Laxe Davila, un dos máximos responsábeis do país, porque "ainda que non é literalmente aplicábel, si pode ter influéncia sobre determinadas empresas".

Laxe, un dos principais valores da nova xeneración que xa ocupa postos clave, sinalou tamén que "nengunha outra acción dos Estados Unidos provocou maior repúdio internacional desde a guerra do Viet-Nam".

A respeito da situación económica, lembrou que o crecemento foi do 2,5% o ano pasado e do 7% no primeiro trimestre de 1996, pero este éxito debe ser relativizado se se ten en conta "que se parte dun nivel moi baixo, pois nos cinco anos anteriores a economia decaera un 34%".

Parte da recuperación débese ao uso de créditos financeiros a curto prazo, que permitirán a posta en marcha ou modernización de sectores clave.

Laxe sinalou que o investimento extranxeiro "é necesário, pero non esencial". Na actualidade as empresas participadas polo exterior só dan traballo ao 5% dos empregados. Sen embargo, salientou como "área máis importante e que máis promete" a do turismo, que pésie ás dificultades dos últimos anos creceu a un promédio do 20%.

Laxe fixo fincapé na necesidade de lograr que todos os traballadores por conta própria paguen os seus impostos, como fórmula para evitar o enriquecemento ilegal. Actualmente acóllense en Cuba a esta fórmula 205.000 traballadores, algúns deles xubilados e amas de casa, pero outros moitos encóntranse na mesma condición sen estar inscritos.

Críticas a ONGs e funcionários

Tamén Raul Castro realizou un discurso no que analizou sobre todo as dificultades ideolóxicas que afronta a revolución, consecuéncia das "concesións" no terreo da economia que se viu obrigada a facer nos últimos anos.

Raul Castro criticou o papel dalgunhas ONGs que operarian ao servizo dos que queren poñer fin á independéncia de Cuba. E mencionou tamén a uns poucos funcionários "que actuan por libre". O segundo máximo responsábel histórico da revolución recordou que ao lado dos que buscan propiciar unha "intervención militar *humanitária*, baixo a bandeira da ONU, se fose posíbel", están os que alentan unha via de subversión lenta que tenda a arredar a cada máis o estado da povoación. Castro lembrou que só o 11,3% da povoación votou en contra das listas maioritárias no último proceso eleitoral, cando tiñan total liberdade para non votar ou facelo de modo crítico ao governo.

Unha das dificultades ainda non resoltas céntrase na gandeiria, pois a supresión dos abonos importados fixo cair abruptamente o que era un dos sectores mellor dotados do país. Actualmente o 15% das terras pertence a campesiños individuais e o resto a cooperativas ou ao Estado directamente.

A decisión coa que os dirixentes cubanos se enfrentan aos numerosos problemas do país poderia deducirse da seguinte afirmación de Carlos Laxe: "As dificultades poden ser moi grandes, pero tanto maiores señan, máis será o estímulo á nosa intelixéncia".♦

PODERES MUNDIAIS, PROBLEMAS LOCAIS

B.C.

Flandes quere modificar Maastrich

O Parlamento flamengo ven de aprovar unha resolución na que se pide a modificación do Tratado de Maastrich no sentido de permitir unha maior preséncia dos governos federais e rexionais.

A resolución demanda que Flandes poida participar nos Consellos Europeios nas discusións de matérias que son da sua competéncia ou que lle afecten directamente, obviando a representación do estado federal belga.

A resolución foi adoptada por unanimidade no parlamento rexional de Flandes, coa abstención dos ultradereitistas flamengos do *"Vlaams Blok"*.♦

Novos pasos cara a independéncia da Padánia

A pasada semana a Liga Norte dava tres novos e importantes pasos cara a división de Italia.

O priméro foi a constitución do "Comité para a Liberación de Padánia" co propósito de luitar pola independéncia mediante "a resisténcia fiscal, a non colaboración e a desobediéncia civil ao poder central de Roma".

O segundo acto foi a ameaza de "expulsión" dos governadores civis das 7 províncias do norte controladas pola Liga, como inicio do desartellamento da Administración Central (un deles, o governador civil de Mantua xa recibiu o anúncio de desafiuzamento para que abandone as dependéncias que agora ocupa a Prefactura, xa que son propriedade da província). Por último, anunciou a aparición dun "Boletín Oficial da Padánia" no que, a partir do vindeiro 21 de Xuño, se publicarán as decisións dos auto-proclamados Governo e Parlamento.

Mentres, entre os partidos italianos medra a inquietude e o temor a que os propósitos secesionistas da Liga pasen dean un paso máis cara ás accións concretas e comezan a pedir a intervención da xudicatura, sobre todo despois da formación do "servicio de orde interno da Padánia" coñecidos como "camisas verdes" e que muitos temen se convirta nun grupo paramilitar.♦

O Amazonas obxectivo das compañías madeireiras asiáticas

Os bosques tropicais da Amazónia son agora o principal obxectivo das empresas madeireiras do Leste de Ásia, despois de que vários governos desta zona decidisen prohibir a exportación de madeira como xeito de frear a deforestación indiscriminada.

As empresas do sector de Corea do Sul, Indonésia, Malasia e Tailándia, muitas delas con maioria de capital estranxeiro, conseguiron contratos para a explotación de grandes bosques en Brasil, Guaiana e Surinam e están actualmente en negociacións cos governos de Perú, Colómbia e Venezuela.♦

Os chechenos coidan que a paz é só unha manobra eleitoral

B.C.

As conversas de paz entre o governo de Boris Ieltsin e a guerrilla chechena non avanzan ao ritmo esperado polos independentistas que acusan ao Kremlin de querer limitar o diálogo á cuestión militar sen abordar os aspectos políticos da situación na república caucásica.

A segunda rolda negociadora concluia a pasada semana sen acordos e deixando sen efecto o cesamento do fogo asinado por Ieltsin e Iandarbiev o pasado 27 de Maio. Segundo os chechenos, Moscova mantén invariábel a sua proposta incial: cesamento inmediato do fogo, intercámbio de todos os reféns e retirada das tropas rusas ao mesmo ritmo do desarmamento da guerrilla, nun proceso que concluiria a mediados de Agosto. Unha proposta que os líderes chechenos consideran inaceptábel por entender que o único que pretende Ieltsin e gañar tempo e oferecer ao eleitorado unha falsa imaxe de paz de cara os comícios presidenciais que se celebrarán o dia 16, pero mantendo todo o seu potencial de forza no Cáucaso e sen facer nengún recoñecemento do direito á independéncia de Ichkeria (nome co que os independentistas chaman á sua república). Non obstante, a guerrilla estaría disposta a aceptar unha retirada escalonada das tropas rusas sempre que as eleicións rexionais chechañas, previstas para o mesmo dia dos comícios presidencias fosen desconvocadas. Entenden que a celebración de eleicións a calquer nível en Chechénia só será posibel cando o exército ruso teña completado a sua retirada e estean fixados os critérios políticos para a solución do conflito.

Desbordante situación económica

Mália o apoio dos dirixentes europeos, a crise económica e social de Rusia desborda xa calquera intento de manter un espellismo baseado na "liberdade" e nas axudas de Europa e do FMI. Recentemente os traballadores da fábrica de explosivos de Múrom (200 quilómetros ao Leste de Moscova) protagonizaban un motin e ameazaban con facer voar a factoria se non se lles pagaban os salários atrasados. A pasada semana foron os traballadores dos asteleiros, os que se declaraban en folga e protagonizaban cortes de trásito que colapsaron as estradas de unión entre Moscova e as rexións da Rúsia Oriental, exixindo o pagamento dos atrasos.

Con todo, o control case absoluto do Kremlin sobre os méios de comunicación, e o crédito de 10.200 millóns de dólares recentemente concedido polo FMI, permitiron ao candidato de occidente recuperar posicións entre o eleitorado.♦

Traballa nunha auxiliar de Astano. Cortou un dedo. Foi á enfermeria a que lle cosesen o furabolos. Alí pedíronlle 1.700 pesetas por poñerlle a antitetánica. Grácias que o home levaba **cartos** no peto.

O Consello de Contas de Galicia envia cartas en castelán. Mesmo traduce nomes próprios galegos. Iso que o seu Conselleiro Maior, Carlos Otero Díaz, é galego **practicante**.

Preparativos europeos de balonvolea femenino. Unha equipa israelí chega a Monforte. Pasean pola cidade cun grupo da **policia** xudea diante e outro detrás.

Alberte X. Rodríguez Feixoo pergúntalle á Xunta se está de acordo con que apareza na rede Internet a denominación do

Declaración da renda só en castelán

Din as autoridades responsábeis da normalización lingüística que esta avanza e eu non o dou visto, levo máis de quince días tentando mercar os papeis da declaración da renda en galego e aínda non o conseguín.

Fun á un estanco (administración nº 49 de Vigo, na rúa Urzaiz 114), din que só os teñen en castelán, vou de novo e din que aínda non lle chegaron, pídolle o teléfono de Tabacalera e é cando descubro que non distribúe os impresos en galego se non é por petición expresa do estanco, vou ao estanco a ver se xa lle chegaron, pídolle que mos pidan e para sorpresa miña din que non mos pensan pedir, que por dúas persoas non fan a petición.

Descubro que non distribúe os impresos en galego se non é por petición expresa do estanco

Quen é responsábel desta situación?

Supoño que xa de início Facenda tería que garantir a distribución dos impresos da renda, responsabilidade compartida por Tabacalera que discrimina o galego, e como último unha expendedora que se nega a facer a petición (o lóxico é que non tivese que facela, que os impresos chegasen aos estancos nos dous idiomas) demostrando unha total desatención.

E conta e sigue, vou a outro estanco, non os teñen e lle pido que mos pidan. Conseguirei finalmente facer a declaración da renda en galego? Rematará o prazo sen conseguir os impresos en galego e tendo que collelos en castelán? Onde está a normalización do galego e os dereitos lingüísticos? Por que os únicos que actúan nestes casos son asociacións como a Mesa Pola Normalización Lingüística e a Xunta permanece calada?♦

BEGOÑA R. CALDAS
(VIGO)

Resposta a Elvira Souto

Diríxome a vostede en relación co seu escrito de data 30 de Abril de 1996 e co fin de aclarar os malentendidos que da leitura do mesmo se tiran:

1.— Sí, puxémonos en contacto con vostede despois de innumerábeis pescudas que paso a relacionar:

a) Chamámola ao teléfono de contacto que vostede nos facilitou o ano pasado.

b) Fartas de chamar e non obter resposta, intentamos conseguir o seu novo teléfono ou o seu enderezo a través dos departamentos de Estatística dos Concellos de Teo, Santiago e A Coruña; chegando ate Estatística Nacional.

c) O resultado foi que conseguimos o número que correspondía a un familiar seu, Antonio Souto Darriba.

d) Esta persona facilitounos o teléfono do seu domicílio actual.

e) Telefonámola e comunicámoslle, é de supor que o lembra, a súa obriga de asistir como xurado do VI Certame Carballo Calero, dada a súa condición de gañadora na V convocatória, tal e como recollen as bases no parágrafo 8º, e que vostede "polo simple feito de participar neste concurso... comprométese a acatalas".

Telefonámola e comunicámoslle, é de supor que o lembra, a súa obriga de asistir como xurado

A pesar de que manifestou a súa pouca disposición a acudir, finalmente comprométese a estar presente en Ferrol no Centro Cultural Municipal o día 5 de Marzo co fin de constituir o xurado desta nova convocatória.

Chegado o momento da xuntanza agardamos ate as 18.45 horas. Como vostede non se presentaba, telefonámola de novo ao seu enderezo onde non tivemos resposta.

O Xurado, ante esta auséncia, e unha vez constituido, decidiu que lle fosen remitidos os traballos ao seu domicílio.

O que fixemos por médio da empresa SEUR como vostede sabe. Nese envío non só ían as obras senón tamén a data da seguinte xuntanza do Xurado.

f) En vistas de que se aproximaba a data do fallo do xurado e vostede non se poñía en contacto con nós, chamámola reiteradamente e co mesmo resultado.

g) O seguinte paso foi a chegada do seu surprendente escrito.

Agardamos que esta sexa a explicación satisfactoria que vostede require e que abonde para que "non quede nengunha dúbida sobre a limpeza do proceso de imparcialidade do xurado" e que vostede cualifica de "non moi claro asunto", cando vostede era consciente do noso interese pola súa participación neste Certame dado que así o esixían as bases.

Por último, e profundizando nesta liña de esclarecemento, pode obter confirmación nos diferentes organismos e empresas que participaron neste proceso.

CORAL SEOANE MALDE
(CONCELLEIRA DELEGADA DE CULTURA DE FERROL)

Solidariedade co Concello de Cangas

Pola presente, a *Federación Galega pola Cultura Marítima (FGCM)*, composta por 9 asociacións culturais doutras tantas vilas e cidades do noso litoral, quere amosar a súa solidariedade de coas medidas que o Concello de Cangas ten emprendido para a recuperación da beiramar, eliminando construccións ilegais que entorpecen o seu disfrute polo conxunto da cidadania e constribuen á degradación da liña de costa.

Asemade, a FGCM entende que a conservación e recuperación da nosa cultura marítima, nos seus diversos aspectos, é inviábel sen unha axeitada planificación dos usos da beiramar, preservando tanto a paisaxe litoral como as instalacións que o home soubo integrar nel, sen consecuencias traumáticas, ao longo do tempo. Ficamos, pois, obrigados para calquera iniciativa que os cidadáns de Cangas teñan a ben impulsar na defensa irrenunciábel dun patrimonio común a cada máis ameazado. Sen outro particular, reciba vostede un saúdo en nome das asociacións federadas.♦

A conservación da nosa cultura marítima é inviábel sen unha planificación dos usos da beiramar

DIONISIO PEREIRA
(PRESIDENTE DA FEDERACION GALEGA POLA CULTURA MARITIMA)

Que é preferíbel, ser conselleiro na Galiza ou alto cargo en Madrid?

Belén Autrán
Química

Personalmente preferiría ser alto cargo en Madrid porque non son galega, vivín pouco tempo neste país e loxicamente a Xunta non me tira moito, pero un galego supoño que ten valorar máis o feito de ser conselleiro na Galiza, porque iso representa a posibilidade de poder loitar pola sua terra e estar preto dos seus problemas.♦

Chicho Padin
Industrial

Eu mellor seria conselleiro porque así algo miraría pola Galiza. Creo que o ideal de todo político debería ser mirar pola sua terra. Pero polo que se está a ver cón casos como o de Piñeiro Permui ou Romai Beccaria, parece que todos queren marchar para Madrid: non me gosta nen sei a razón, pero se cadra traen algo para aquí.♦



Ceferino Fernández
Cociñeiro

Como galego que son prefería ser conselleiro na Galiza e calquer político galego debería ter a mesma opinión, pero no caso de Romai Beccaria entendo que queira ir a Madrid para culminar a sua carreira política como Ministro, porque é maior e xa estivera en Madrid como funcionário. No caso de Piñeiro Permui non o comprendo.♦

Ana Isabel González
Estudante

De ter que elexir preferiría ser conselleira na Galiza porque é o noso país e algo faría por el. É maior motivo de orgullo traballar para Galiza que estar en Madrid de alto cargo. De todos xeitos hai algunha xente que prefire o contrário porque ou ben vai polos cartos ou ben ten algo de auto noxo e non lle interesa o daquí.♦



Marcos Corral
Estudante

Eu preferiría ser conselleiro na Galiza que ir a Madrid porque non quero marchar deste país e porque estaría máis en contacto cos problemas daqui. Con respeito a xente como Piñeiro Permui, o que lles pido é que defendan os nosos intereses en Madrid e non se esquezan daqui. No caso de que marchen polos cartos paréceme ainda pior.♦

Empadroamento antigalego na Coruña

O Governo Municipal da Coruña rifaba publicamente estes dias co da capital da Galiza por mor da campaña de empadroamento que estoutro vén facendo co obxectivo de acadar maior volume nas transferéncias da Administración Central vencelladas ao padrón (disque queren chegar os picheleiros aos 100.000 empadroados). Témese na equipa de "Paquito Velázquez" a que algunhas persoas pasen o seu empadroamento da Coruña a Compostela.

Nembargantes, non lles debe importar nadiña aos de 'Paquito' non empadroar na cidade da Torre de Hércules ás persoas que escollan o galego como língua oficial de comunicación para empadroarse. É máis, seguro que están sobradamente satisfeitos os rexedores da Coruña de que quen queira comportarse lingüísticamente en coeréncia coa súa identidade e máis coa da Comunidade Lingüística Galega non se empadroe na Coruña. E unha maneira moi eficiente de bloquear votantes que dificilmente poderían contribuir ao enchemento da súa fardela eleitoral.

Chamoume por teléfono ao choio para comunicarme, en castelán málias a miña protesta, que "me coñecía, que non se me ía empadroar e que así non podería votar"

Como os coruñeses e coruñesas ben puidemos comprobar estes días, os cartaces cos que o Governo Municipal chama ao empadroamento na Coruña para ter *dereito a participar*, só foron imprentados na língua oficial allea á Galiza. E, a documentación que deixan nos domicílios coruñeses os Axentes Censuais incorporan os textos en língua galega en *segunda* posición de leitura, colocan o galego como língua subordenada á oficial en todo o território estatal, amais de usar a expresión "La Coruña" coma se fose a denominación oficial que recibe en castelán a nosa cidade na vez da forma toponímica legal e oficial unica historicamente lexítima.

Hai poucos días un Axente padroeiro personouse na miña residéncia para facerme entrega do coñecido impreso censual en castelán/galego, no que sistematicamente se infrinxe o con clareza preceptuado no artigo 10 da Lei galega de Normalización Lingüística verbo da forma legal e oficial única dos nomes dos municípios galegos: a galega. Segundo os governantes da Coruña a nosa cidade tén dous nomes, un en galego e outro en castelán; mais, os restantes concellos da Galiza semella teren só nome castelanizado.

O señor padroeiro dirixíuse inicialmente a min en castelán, ainda que, despois de informalo polo miúdo do meu dereito a escoller lingua oficial para comunicarme con el, por ser axente dun poder público actuante sobre A Galiza, e mais da miña opción a prol do galego, pasamos a parolar na língua oficial na Galiza da que se supón o seu coñecemento por ser a propia dos galegos e galegas.

Como non podía ser doutro xeito, devolvinlle ao señor padroeiro o impreso bilingüe do meu empadroamento para que se fixeran as rectificacións correspondentes a un tratamento respectuoso co meu dereito público subxectivo e fundamental (14 CE, 5 EAG) a facer uso normal e sen discriminación da lingua oficial propia da Galiza. Quedamos en que xa se porían en comunicación comigo os seus superiores.

Posteriormente, días despois, a encargada nº 19, así se quixo identificar, chamoume por teléfono ao choio para comunicarme, en castelán málias a miña protesta, que "me coñecía, que non se me ía empadroar e que así non podería votar" (sic) ¡Esta encargada sabe que non voto a 'Paquito Velázquez' ¡Tampouco non é moito saber!♦

LOIS FERNANDEZ FRAGA
(A CORUÑA)

Hai cincuenta anos, o 5 de Marzo de 1946, en Fulton, Missouri, en en preséncia do Presidente Truman, Winston Churchill lanzou unha frase que se fixo célebre: "Desde Stettin no Báltico até Triste no Adriático, un telón de aceiro caiu no médio do continente".

Onde estám as nossas forças?

Existe conflito linguístico na Galiza?. Suponho que a esta pergunta todo nacionalista responderia afirmativamente. A definiçom que fai o dicionário de *conflito* é a seguinte: choque, embate dos que luitam; momento da batalla em que se peleja com mais furor. De acordo com ista definiçom no nosso pais teriam que existir umhas forças organizadas que a nível linguistico lhe plantassem cara ao opressor na suposta batalha. Onde estam estas forças? Talvez a denominada *Mesa pola Normalización Linguistica* coa sua famosa guerra polo *L* da Corunha?. Pode ser, mas a sua implantaçom na sociedade e, o que é muito importante, a sua presença na rua é mais ben cativa e pobre, por nom dizer inexistente.

O recem criado MDL deveria organizar cursos de galego

De aí que nos alegremos do nascimento do *Movimento Defesa da Língua*. Agardamos venha ocupar o espaço que nom dou ocupado a Mesa, aliás do seu reintegracionismo, e nom quede todo tam só numha reuniom de intelectuais para matar o tempo. Hà quee embarcar a todo o povo nesta singladura a prol do reintegracionismo linguistico e o noso idioma como *gallego* e que se defina o mesmo como unha "**mistura** de español e portugués". Pois a resposta está clara: A Xunta suprimiria da mistura todo o que é portugués.

O rei asiste a un acto público. Arrepuxóns para saudar. Os gardas de seguridade protexen ao monarca do ímpetu da xente. Juan Carlos achégase a un grupo de nenos que ven a televisión. Os cativos permanecen indiferentes, non quitan o ollo da **pantalla**.

A TVG emite *A Tapadeira*, unha divertida e lúcida película de Woody Allen que recria a persecución de guionistas en Hollywood, acusados de simpatizar co comunismo. Hora escollida: as 3.45 da madrugada. Antes pasan *Silverado*, notábel filme do Oeste. Previamente, no intre de audiéncia máxima, unha de James **Bond** do ano 72, tan sosa e tópica que aburriria a un náufrago nunha illa deserta.

Estoupou, a pouco de sair, o foguete Ariane 5. Nos Estados Unidos fixo que brindaron con cava. A axéncia

europea estaba a conquistar o 60% do **mercado** espacial.

A Organización de Estados Americanos vota contra o embargo a Cuba. Á representante norteamericana non se lle ocurre outra que tildar á reunión de "politizada". No Congreso da Emigración recentemente celebrado na Toxa piden unha condea da lei Helms-Burton. Só un emigrado aos Estados Unidos se pronúncia en contra. Acusa a reunión de "**politizada**". Será unha consigna? ♦

monolinguismo social. Opino que se deve potenciar o sentimento de conflito linguistico. Sem combatividade nom se conseguirá nunca nada.

Por outra banda, é da minha opiniom que o recem criado MDL deveria organizar cursos de galego fronte aos cursos de castrapo que organiza a Junta da Galiza para contrarrestar o dano que lhe estam a fazer ao nosso idioma. Eu creio que no fondo a imensa massa social nacionalista é reintegracionista, históricamente sempre o foi, mas à gente hà que dar-lhe facilidades para aprender a escrever e falar ben o seu idioma e nom deixar todo a sua boa vontade e ao seu autodidactismo. ♦

MARIA DIAS CABRAL
(CORUNHA)

Urbanismo en Vigo

Unha vez máis o Partido Popular pon de manifesto o seu talante dictatorial despreciando a vontade popular e poñéndose do lado dos sectores máis privilexiados da sociedade. Deste xeito podemos entender o seu empeño por poñer en mans dos especuladores zonas da cidade sen ter en conta a opinión dos veciños realmente afectados.

Como herdeiros que son da dereita que governou durante coarenta anos, seguen a realizar a mesma política urbanística: as mellores zonas para as clases privilexiadas; o resto dos veciños en lugares altamente masificados e carentes de zonas verdes e de esparcimento (Torrecedeira, Travesía de Vigo, Camélias, etc.) Pero este tipo de política pouco mudou tanto na época do PSOE como na do governo tripartito (PSOE, EG, BNG) limitándose a facer certos lavados de cara, suntuosas farolas, obras faraónicas (lago de Castrelos, certas esculturas) ou o que é pior, meternos a merda na cidade (empacadora).

Os veciños e veciñas de Vigo temos a obriga de facer frente a esta política que se ven realizando nas últimas décadas totalmente contrária á máis mínima racionalidade. Así vemos como se van construíndo pantallas de formigón e ladrillo que son verdadeiras coiteladas que rachan Vigo de Norte a Sur e de Leste a Oeste. Esta desfeita urbanística chega tamén aos barrios e parróquias impedindo un futuro desenrolo harmónico e racional.

De igual xeito é cuestionábel a pasividade dos profesionais do sector, que xamais cuestionaron o proceder urbanístico que se foi levando a cabo, pero que parecen estar só interesados no incremento dos seus honorários.

Este tipo de política pouco mudou na época do governo tripartito (PSOE, EG, BNG)

A Frente Popular Galega (FPG) quer manifestar o seu apoio á loita que estan a levar a cabo os veciños de San Paio de Navia, e os de todo Vigo, na xusta defensa dunha parte importante da parróquia e rexeitar os intereses bastardos do PP de poñela en mans dos seus amigos especuladores. ♦

ELADIO FERREIRA DIAS
(FRENTE POPULAR GALEGA)

A Aldea Global
está aberta ás vosas colaboracións, débense incluir o nome e apelidos.
Os textos non deben exceder as 45 liñas.

Envios a:
A ALDEA GLOBAL
A NOSA TERRA

Apart. 1.371 36200 Vigo
ou através do Fax: (986) 22 31 01

a nosa mellor literatura

50 VOLUMES COAS OBRAS MÁIS SIGNIFICATIVAS DA LITERATURA GALEGA EN EDICIÓNS COIDADAS E RESPECTUOSAS COS TEXTOS ORIXINAIS.
50 FASCÍCULOS ILUSTRADOS E COLECCIONABEIS COAS INTERPRETACIÓNS DE ACREDITADOS ESPECIALISTAS

Desexo subscribirme á colección historia da literatura galega editada pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega

Nome ..... **Apelidos** .....
Enderezo ..... **Teléfono** .....
Código Postal ..... **Provincia** .....
Poboación .....
Prezo da subscrición para o Estado Español 2.250 pta (2 fascículos + 2 libros cada mes) cun 20% de desconto sobre o prezo de venda.

PAGAMENTO DOMICILIADO
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular ..... **Poboación** ..... **Provincia** .....
Nº Sucursal .....

Sírvanse tomar nota, e atender até novo aviso, con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan presentados por Promocións Culturais Galegas (A Nosa Terra).

Sinatura

Data

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado de Correos 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30.

Un proxecto da ASOCIACIÓN SOCIO-PEDAGÓXICA GALEGA e A NOSA TERRA

Pérez Varela chega á Conselleria de Cultura con fama de bon *fontaneiro*

O seu perfil desperta dúbidas nun sector moi condicionado polas axudas públicas

XAN CARBALLA

O ascenso de Xesus Pérez Varela á carteira de Cultura, á que lle suma as competéncias de comunicación, aumenta o rango político do posto, caido Portomeñe despois xa de vários anos nos que a hipoteca económica do Xacobeo deixouno sen apenas marxe de inversión. Pérez Varela é recibido con receos nos ámbitos da cultura, que polo xeral prefiren non facer públicas as suas reservas.

A traxectória de Xesus Pérez Varela como *Gran Irmán* do governo de Fraga foi en moitas ocasións ocultada polas próprias características da Secretaria Xeral de Comunicación que presidia. Apesar de ser concebido o organismo como un grande aparello de relacións públicas, ostentaba un orzamento elevado e controlaba todo o sistema de axudas e reparto de cartos aos meios de comunicación.

Mesmo despois de várias iniciativas parlamentares para coñecer o camiño dos millóns de libre disposición que manexou a Secretaria Xeral, Pérez Varela demostrou sempre verdadeira arte para dar lustre ás actividades menos aparentemente políticas, como a criación de importantes redes de telecomunicacións (Trunking), o que lle permitiu zafar do control o reparto clientelar de cartos a meio da publicidade e mecanismos máis opacos, mentres a regulación de axudas aos meios en galego, deulle o dubidoso honor de ser o político que xa hai tres anos as suprimiu por primeira vez desque hai vixente unha Lei de Normalización Lingüística.



A. IGLESIAS

Pérez Varela ven precedido dunha aureola de "domador" dos meios de comunicación

Conselleria multimédia

Ainda co hábito de lidiar cos meios de comunicación, o xornalista redondelán non se amosou moi brilante cando manifestou as suas intencións á frente da sua nova responsabilidade. Preferiu manifestar vontade de porse ao dia nas necesidades da cultura galega, e xeralizou sobre a "necesidade de que Galiza entre nas grandes áreas da telecomunicaicón e o CD-ROM", cunha equívoca frase de converter a cultura "nunha multimédia".

No terreo da telecomunicación é no que se amosa máis solto Pérez Varela, que utiliza un discurso moderno cheo de referéncias "aos novos retos mediáticos", pero dándolle só un pequeno verniz de galeguidade.

A Conselleria que agora deixa Portomeñe ten desde a finalización do Ano Xacobeo, un grave problema de capacidade inversora que xerou un descenso na política de axudas a diferentes sectores culturais. O reto que ten Pérez Varela é conformar a eses sectores, tendo en conta que suma ao de Cultura o orzamento de Comunicación e que no centro da sua política terá que poñer o grande bandeirin que Fraga quer montar arredor do Xacobeo de 1999.

O poder que acumula, pola contra, é moi superior ao de Portomeñe. Non xa por ter o respaldo total de Fraga, senón porque a sua capacidade de influir en decisións relacionadas coa TVG ou a Rádio Galega adquire agora un meirande rango ao dirixir o debate desde o mesmo Consello da Xunta.

Cuestionamento

As reaccións ao nomeamento do novo Conselleiro de Cultura foron na maioria dos casos cautas, un siléncio prudente que ten relación directa coa subsidiaridade da Xunta de moitas institucións, indústrias culturais e organismos de base. O BNG emitiu un comunicado a mesma tarde do nomeamento, que calificou de "precipitado e imprudente, polas implicacións antidemocráticas do personaxe durante o golpe de estado do 23 de Febreiro". O comunicado nacionalista amartelaba esta opinión afirmando que "Fraga volve a dar unha mostra de decrepitude política poñendo á frente desta Conselleria a un home coñecido polo seu talante antidemocrático e reacionário. Uló a cacarexada redución de Consellerias".

O primero xesto de Pérez Varela foi enviar 80 rosas vermellas a outros tantos destinatários ainda anónimos.♦

Luís Álvarez Pousa 'Paréceme sospeitoso o siléncio co que é recibido'

Outrora Director Xeral de Cultura nun gabinete dirixido por Vázquez Portomeñe (1983-1984), o xornalista Luis Álvarez Pousa reflexa o escepticismo co que é recebido Pérez Varela. "A min paréceme que o siléncio que produce o seu nomeamento é sospeitosísimo, pero non sei ben se iso é porque os criadores de opinión se iniben e se acostumou moita xente a unha certa distáncia cínica".

A traxectória de Pérez Varela non lle parece un bon aval, "pasouse todos estes anos adicado á *fontaneria* e as suas primeiras declaracións amósano confuso coas novas responsabilidades".

Pousa considera que a atención que Pérez Varela manifesta polos novos meios de produción e difusión de cultura é interesante "a priori, ainda que armou unha empanada na sua única declaración de intencións, e ademais do que dubido é da verdadeira vontade política da Xunta de promover ese golpe de timón".

Desde o ponto de vista do que foi até agora o departamento de Cultura declara que"con Portomeñe nen ideas habia, e como demostrou nos anos que estiven eu o que mellor sabia facer era destruir se tiña esa consigna. Témome que agora, coa enorme hipoteca económica dos fastos Xacobeos, cartos non vai haber. Acaso poida haber ideas".♦

Os Minerva

LOIS DIÉGUEZ

Foi o meu primeiro prémio de poesia, metido en plena adolescéncia. Acababan-se de inaugurar, por asi dicer, os Prémios Literários Minerva, pioneiros escolares naqueles anos sesenta, pola iniciativa do sonado Coléxio Manuel Peleteiro e penso eu que seguindo o ánimo sempre mozo do profesor e escritor Avelino Abuín de Tembra.

Sempre eu lembrei o tal prémio precisamente por ser o que me estreou nestes campos vizosos da Literatura e por me sacar do meu Monforte monótono e aborrecido daquela. De súpeto, ver-me collido da man dunha dama de honor polos longos e solenes corredores do Hostal dos Reis Católicos e recitar anta unha honorábel e culta concorréncia nese salón réxio, era como sentir-me navegando nas nubes abarrocadas da primavera. Andaba tan nervoso que ao entrar no flamante edifício dei-me de fuciños contra a tramposa porta de vidro que a emoción non me deixou apreciar. O Lis, amigo dos meus anos monfortinos e acompañante na aventura, ría a cachón, pero andaba máis amedrentado ca min e decia-me: "Ti non te poñas nervoso, iso, non te poñas".

A culpa tamén fóra do Manuel Maria que me animara a me presentar ao concurso e me correxira unha miga os poemas, unha triloxia que relin, despois de tantos anos, ao me pasar unha cópia un dos irmáns Peleteiro. E vin tamén o arquivo do Coléxio, verdadeira história do início literário con loureiros de moitos e moitas escritoras galegas. O Peleteiro foi-é iso, unha canteira que non para de arrincar o mellor da Terra.

E despois de tantos anos chaman-me ali para ser un dos do xuri do prémio de narrativa. Os que hoxe rexentan o Coléxio dubidaban, nesa reunión para o fallo, de seguir coa convocatória, "os tempos mudaron e xa hai moito prémio por aí", din. Non tanto ou, polo menos, non coa história e o prestíxio nen a sona que estes conqueriron. Adaptá-los a estes tempos, si, e xa andan niso —que lindas edicións fan dos laureados-as— pero abandoná-los, non. Son flamantes, mecenas, realmente, os irmáns que rexentan o Coléxio, e teñen-lle cariño a esta cultura nosa tan deostada. Poda que o brillo desta Literatura nova que sinala nomes con forza, novísimos, e que cria futuro nas Letras non sexa de interese para uns meios de comunicación que prefiren o badoquismo ou o concurso neocolonial, pero a história queda aí, e as xeracións futuras aceitarán que non terian vida elas de non ser por estes esforzos valiosísimos.

O meu ánimo, a miña axuda, o meu canto ás e aos que practicamente de nada e en anos dificílismos, criaron mundos próprios, galegos contra o escuro, de futuro. Esta debe seguir sendo a tinta que cargará a pluma dos novos escritores e escritoras. Os traballos de cada ano asi o indican. Grácias, Peleteiro, aos dous, a toda a equipa que fai isto posíbel.♦

■ Ferrol celebra o 80º aniversário das Irmandades da Fala

Con duas conferéncias, *Galiza Nova* de Ferrol quere celebrar o 80º aniversário da constitución da primeira Irmandade da Fala na Coruña no ano 1916. Xusto González Beramendi fala o Xoves 13 da História e pensamento das Irmandades e o Venres 14, é Laura Tato quen trata o papel destas organizacións en Ferrol e comarca. *Galiza Nova* quere que toda a cidadania de Ferrol participe co ánimo de coñecer mellor a história e desenterrar a crenza de que o nacionalismo é un fenómeno recente.♦

■ Arte en Noia pola readmisión de Arturo Lago

Do 7 ao 10 de Xuño, vários artistas noieses expuxeron a sua obra no Instituto Virxe do Mar da vila en solidariedade co profesor Arturo Lago Santos, que foi despedido do coléxio concertado "Maria Aşumpta" ao querer desenvolver o departamento de galego. A relixiosa que dirixe o centro foi a responsábel do despido ainda que xa se tomaran medidas contra o profesor polo seu traballo no coléxio. Na mostra de solidariedade participaron o caricaturista Axeitos, o escultor Emilio Reino, os fotógrafos Maria Esteirán, Serafín e Evaristo, os pintores Luis Bello, Moncho Carredano, Alfonso Costa, Mª Victória Daviña Facal, Leopoldo H. López, Lois López Rico e Eve Pedrosa, Canelas aportou o traballo en vídeo e Manolo Mariño realizou unha instalación.♦

■ Posta en común de voces e línguas no *I Encontro de Poetas Peninsulares e das Illas*

O primeiro *Encontro das Poetas Peninsulares e das Illas* levará a Vigo ás diferentes voces que, segundo as suas organizadoras, forman parte dunha "eclosión da poesia de mulleres". Os dias 26, 27 e 28 de Xuño, diferentes criacións en seis idiomas daranse a coñecer coa presenza das suas protagonistas. Neste primeiro encontro, que está organizado polas Feministas independentes Galegas, son as poetas catalanas as encargadas de romper o xeo, cunha conferéncia de Montserrat Abelló e as intervencións da mallorquina Margalida Pons e da barcelonesa Mª Merçe Marçal. Monica Bar rematará a xornada cun recital acompañado de música co título *O papel de parede marelo*. A poesia en castellano abre a xornada do 27 con Cecilia Dreymüller e as intervencións de Juana Castro, Elena Andrés, Elsa López e Concha Garcia.

As poetas da Galiza serán apresentadas por Marga Romero e representadas por Pura Vázquez, que coa sua irmá enche un espazo temporal desde a posguerra, Luz Pozo Garza, cunha traxectória que a fai coetánea da primeira, e Pilar Pallarés máis Chus Pato, embarcadas na escrita desde os anos oitenta. Na última xornada, son as escritoras portuguesas, bascas e asturianas as protagonistas; de Lisboa chegan Mª Teresa Horta, Fiama Hasse Pais e Teresa Balté coa sua obra. Xa na tarde, Teresita Irastortza, de Euskadi e a asturiana Lourdes Alvárez darán unha conferéncia antes da clausura.

Para todas e todos os que estean interesados en inscribirse no curso, a matrícula está aberta até o dia 17 de Xuño na Oficina da Muller do concello de Vigo co teléfono 986-810284. Ao asistir, entregarase un certificado acreditativo.♦

■ Julio Zaldíbar será o escultor do monumento a Bóveda en Poio

En poucos dias, comezarán os traballos para erguer o monumento a Alexandre Bóveda promovido pola fundación que leva o seu nome e o concello de Poio. O escultor é o responsábel da Escola Taller do concello, Julio Zaldíbar, recente prémio de escultura *Isaac Diaz Pardo* e a obra instalarase nun xardín da Caeira. Consta de tres cubos graníticos de seis metros de longo e dous de alto e no central será inscrito o nome de Alexandre Bóveda. Zaldíbar xa esculpira en Navarra un monumento á memória dos republicanos mortos.♦

■ Cláudio Rodríguez Fer acada o seu segundo *Losada Diéguez*

É a segunda vez que Rodríguez Fer acada o prémio *Losada Diéguez*, que recolleu o Sábado 8, na que fora a casa deste persoeiro en Moldes, no concello de Boborás. A *literatura galega durante a guerra civil* é o libro polo que recebeu o prémio no apartado de investigación. No de criación, a premiada foi Marina Mayoral, que non puido recoller o prémio e delegou en Carlos Casares.♦

■ As compañias poden apresentar propostas para a Rede de Teatros e Auditórios

Os proxectos das compañias artísticas poden apresentarse até o 30 de Xuño na oficina da Rede no IGAEM, cumprimentando unha ficha cos datos técnicos, historial e sinopse da montaxe.

A comisión técnica da Rede de Teatros e Auditórios quedou cpstituida cos representantes culturais da Coruña, Lugo, Ourense, Ferrol, Santiago, Pontevedra e Vigo e os do IGAEM. Todos os membros da Rede deben contratar, polo menos, a seis compañias galegas ao ano das que serán oferecidas despois de seleccionar os proxectos que se apresenten. Cos que se envien até o 30 de Xuño, farase a programación do último trimestre deste ano.♦



■ Ferrín recolleu o *Moucho de Prata*

Na noite do 1 de Xuño, Xosé Luis Méndez Ferrín recolleu o prémio *Moucho de Prata*, que lle concedeu a asociación *Amigos da Cultura* de Pontevedra en recoñecemento a sua labor na defensa da cultura do país. O presidente da asociación, Víctor Acuña, reseñou a revolta contra o galeguismo culturalista que levou a cabo Méndez Ferrín e o seu papel no colectivo *Brais Pinto*. A *Ponla de Toxo*, distinción negativa, foi para o secretário das Xuventudes Socialistas, David Balsa.♦

A *Historia da Literatura* aprésentase dentro e fora do páis

O Sábado 8 de Xuño unhas oitenta persoas asistiron á apresentación da *História da Literatura Galega* en Barcelona. O acto, celebrado no Centro Galego, contou coa presenza da presidenta de dita entidade, Anxeles Pérez Guerra, do profesor de literatura galega na Universidade de Barcelona, Basilio Losada, da coordenadora da AS-PG en Catalunya, Dores Asorei e Pilar Garcia Negro, coautora da obra e representante da AS-PG (na fotografia), segundo informa **Iria Varela**. As duas representantes da AS-PG comentaron o carácter masivo e popular da obra e a necesidade da criación dunha história da Literatura normalizada.

Dores Asorei pasou revista aos vinte anos de existéncia da AS-PG, e calificouna como pioneira na vangarda da renovación sócio-pedagóxica na Galiza. Pola sua parte, Pilar Garcia Negro falou desta obra como dunha peza fundamental da nosa cultura que até o de agora estaba limitada a círculos reducidos e agora se pon á disposición do grande público. Tamén se refereu a ela como unha publicación feita desde o país, con total independéncia epistemolóxica e metodolóxica. Nestes dias, tamén se celebraron outras apresentacións da *História da Literatura* da AS-PG en Vigo e Carballo e os colaboradores xuntáronse nunha cea.♦

Lembranza de Rafaela Aparicio

CELSO X. LÓPEZ PAZOS

Tiña noventa anos e morreu soia, vítima de demáncia senil e sen recoñecer a ninguén, agardando todos os dias para acudir ao seu traballo, xa imposíbel, no teatro, a sua grande paixón e o seu primeiro ofício de comedianta. Era andaluza e viuva de Erasmo Pascual, outro grande actor, galego de Ribadávia. Din que ningun dos seus amigos actores foi visitala nos seus derradeiros anos de asilada, nunha residéncia de ancianos de Madrid. Tampouco ningun foi despedila na sua derradeira viaxe. Tiñan esquecido os seus Prémios Goya (dous), que ela fora a «chacha» immortal daquel *Sur* de Erice ou aquela outra de *Ana e os lobos*, ou aqueloutra de toda a história do cine español dos anos sesenta e da televisión. Esqueceron dela como tamén o fixeron con Gracita Morales, aquela colega sobranceira que foi, ao seu carón, unha monxa nun citroen. Non lembraron que Rafaela Aparicio foi a nai que cumplru cen anos e baixou, co seu ollo de cristal, desde o ceo á terra, coma unha raiña, coma unha grande matrona encamada adourada polos seus fillos, que ian onde ela a chorar o final do seu dominio, que era tamén o do grande mónstruo que os alimentou durante a longa noite de pedra. Non importa. Seguramente Rafaela, a Rafaela que se fixo mestra para non incomodar a seu pai e que se fixo comica por soliedariedade con todos, para contaxianos a sua bondade e as suas ganas de rir e de vivir, estará disculpando e perdoando a eses desmemoriados ingratos, ao carón doutras compañeiras de reparto nesa longa película do cine español xa desaparecido e encarnado en nomes de mulleres-actrices, e non en mulleres-estrelas.

Guadalupe e Matilde Muñoz Sampedro, Luchi Soto, Julia e Irene Caba Alba, Tota Alba, Amelia de la Torre, Mary Santpere, Isabel Garcés, Margot Cottens, Maria Fernanda Ladrón de Guevara, Laly Soldevilla, Lola Gaos, Maria Francés, Rosario Garcia Ortega, Gracita Morales, Maria Luisa Ponte, Maruchi Fresno, Milagros Leal, entre outras que non lembro, seguramente, aló no escuro, convidarán a Rafaela a un grande banquete de benvida e faranna soóia dese clube de grandes actrices nunca esquecido.♦

Leituras

O imprevisto ameno

Título: Erros e Tánatos.
Autor: Gonzalo Navaza.
Editorial: Edicións Xerais.

Moitas veces o estado e calidade dunha literatura non depende tanto da cantidade de grandes obras producidas como da existéncia dun número —canto máis elevado mellor— de obras que posuen unha calidade notábel que as farán pervivir no tempo e serán instrumentos útiles de lecer e/ou recuncho de sabedoria para quen, andado o tempo, teña a fortuna de con elas se atopar. De pouco ha de valernos que a colosal cerdeira nos deixe por colleita unha fermosa, grosa e sabedorísima cereixa se despois, ademais de vezados, ficamos famentos. E, seguramente, moitas veces somos inxustos con elas cando entre as cereixas non vemos que froito memorábel do que xustamente presumir. Velai tes unha das obsesións omnipresentes hoxe en día na nosa literatura. Grave pecado, esquencemos que por moito que nós queiramos, só o tempo mostrará cando as arquitecturas verbais acadan denominación de monumento. E, ainda el non está libre de errar por omisión.

Outra vez has protestar por estes introitos teóricos a que son tan dado ti que sempre procuras ir ao asunto sen rodeos. Noutro momento replicarei ese teu protesto, porque a literatura é palabra, canto máis se conta máis estamos no seu corazón.

Pero agora vou compracerte a falarche de *Erros e Tánatos*, a primeira incursión narrativa de

Gonzalo Navaza.

Gonzalo Navaza, o autor de aquela singular *Torre da Derrota*. Son dez relatos ben contados e amenos que teñen en comun o desenlace imprevisto e lóxico. Non hai aqui alardes narrativos de nengún tipo: un eficiente narrador cóntanos unhas histórias de tal modo concebidas que nos van sorprender nun desenlace inesperado e lóxico. Non se vaia pensar no Deus ex machina, nen moito menos; se asi fora non habia pasar o traballo estéril de mandarche estas liñas para comentar vulgaridades. A causalidade aqui está tan ben concebida que non se precisan estridéncias temporais nen fogos de artifício estruturais para lograr ese final de luxo.

A primeira vista poderás pensar que che falo dun xoguete cómico —por outro lado, xénero narrativo do que a literatura galega posúe trascendentes exemplos de calidade ben recoñecida—, estou a lembrarme da *Amálgama de Desquiciados* de Xosé Luis Martínez Pereiro (Edit. Bahía, 1992), aínda que podíamos remontarnos moito máis no tempo e chegar a nomes clásicos.

Pois non, *Erros e Tánatos* non é tal aínda que o título pareza suxerilo. Confeso que non me explico cabalmente este título, seguramente trata de ser elemento unificador dos relatos pero non creo que sexa preciso —iso si, precioso si que é—. E tampouco podo aseverar que os relatos posuan unha calidade uniforme. Algun hai, como o primeiro, onde o clímax parece un truco feito coa baralla marcada. Pero en xeral pódese dicer que son relatos de leitura sinxela e amena, sen efectismos e cun narrador moi práctico. Os temas son variados e localizados temporal e fisicamente en diferentes momentos e lugares, onde o autor parece querer levarnos a pensar que cando sexa e onde sexa ha ser o que Deus dispón e non o que o home propón. Tamén che direi que hai unha dimensión humana nos relatos que me lembra moito, axudada pola figura narratatorial, os relatos do Carlos Casares máis clásico. E con isto non quero afirmar lixeiramente que aí haxa unha fonte estilística, só o comento, pode ser un patrón, e nada máis, que as susceptibilidades están moi a flor de pel ultimamente e nen se sabe a quen lle pode parecer mal. Persoalmente destaco o segundo relato, e tamén debo previrte de que podes atopar algun que outro equívoco ainda que a sua preséncia non abonde para explicar o libro.

Obra coidada, sen alardes e ben resolta. **Obras asi notábeis son as que termarán do nível da narrativa galega**

En definitiva, é unha obra coidada, sen alardes e ben resolta por un narrador omnisciente simples e eficaz. Obras así notábeis son as que termarán do nível da narrativa galega. Para ser unha primeira entrega doulle un notábel, pero tamén o mereceria de non ser unha primeira experiéncia, a rigorosidade no xuizo e desapaixonamento son imprescindíbeis en calquera literatura que se preze. ♦

XOSÉ M. EIRÉ

NARRATIVA

A nosa mellor literatura



Novela sólida, de longo alento e amplo percorrido

Código Morse é unha novela sen complexos, que acolle ingredientes de distintos subxénero novelísticos que van ensamblando sen violencia no conxunto do relato. Dende o principio ó final, en que se resolve, o relato mantén vivo un suspense que o narrador vai dosificando e alimentando sabiamente. ¡Unha magnífica volta de Alcalá ó xénero novelístico!

NA MESMA COLECCIÓN





CÓDIGO MORSE
Xavier Alcalá

XERAIS

A CASA DE ADARA
Alfredo Conde

LOBOS NAS ILLAS
Marilar Aleixandre

conta de libros

Código morse, o novo libro de Xavier Alcalá

No espazo físico do pazo de Rosário, desenvolve Xavier Alcalá a novela **Código morse**, editada por Xerais. Construida como unha ponte entre a Galiza do pasado e a do presente e con unha mestura de xéneros, aproxímase á novela negra onde o personaxe principal investiga que hai de certo na existéncia dun tesouro familiar. O autor conta coa paisaxe de Ferrol, como xa fixera en *A nosa cinza*, para desenvolver a sua trama. ♦

Narrativa do poeta Xosé María Alvárez Cáccamo

Despois das *Microtopofanias*, o poeta Xosé Maria Alvárez Cáccamo volta á narrativa con **A luz dos desnortados**. Os sete relatos que apresenta, e que publica Espiral Maior, afondan nas vivéncias humanas en diferentes situacións, que non deixan de ter moito de real e da experiéncia do autor. A recepción da noticia da morte do ditador dalle a Alvárez Cáccamo argumento en *Noticia* para amosar os interiores das duas metades nas que se dividiu a sociedade ao coñecer o feito; para o protagonista, un raio de luz, sempre presente nos restantes relatos. ♦

X.M. Álvarez Caccamo.

Laiovento apresenta Henrique IV, do Nobel Pirandello

Antonio Colmenero foi o encargado de traducir e explicar o **Henrique IV**, do Prémio Nobel de 1934, Luigi Pirandello, que apresenta Laiovento, escrito no ano 1922. Esta obra de teatro conta a traxédia dun home que cre ser Henrique IV a raiz dun golpe e que cando recupera a razón segue representando este papel agachándose na tolémia. ♦

Luigi Pirandello.

Unha história ilustrada de Ben-Cho Sey

Dentro da colección *Galegos na história*, Ir Indo publica a biografia de Ben-Cho-Sey ou Xosé Ramón Fernández Oxea, no centenário do seu nacemento. Apresentado como un home de mil facetas (político, galeguista, mestre, xornalista, etnógrafo etc), esta biografia é un traballo de Xesus Alonso Montero, que atopou a Ben-Cho-Sey sendo novo. Lembra a sua influéncia na formación de intelectuais galegos en Madrid e o seu epitáfio, *todas as homenaxes post-mortem quedan suprimidas, pois as cousas ou se fan ao seu tempo ou non se fan.* ♦

Leituras

Volve Susan Sontag, unha precursora da pos-modernidade

Título: Contra la interpretación.
Autor: Susan Sontag.
Editorial: Alfaguara.

Susan Sontag.

Ven de reeditarse *Contra a interpretación*, a obra máis célebre de Susan Sontag que saira do prelo, por primeira vez, en 1961. As preocupacións da autora norteamericana, no campo do ensaio, atinxiron a crítica literária, a socioloxia, a arte, a política e a história. O seu norte inicial foi o de achegarse á cultura de masas, apoiándose na desmitificación do que se coñecia por "cultura séria". Precedeu niso a moitos autores, caso de Jean Baudrillard, que adquiriran sona na década seguinte. Pero sobre todo foi unha das primeiras en convertir en socialmente aceitábel unha metodoloxia até daquela heterodoxa. O todo vale, adubiado de rasgos académicos —Sontag estudou en Harvard— penetrou con menos pexas das que cabia agardar nos ámbitos universitários, intelectuais e científicos. A Sontag non lle custaba traballo mudar de fio argumental ou mesmo de temática se a brillantez das suas ocurréncias asi o demandaba. Un discurso ventureiro, tan ensalzador da obxetividade, como gratuito en moitas das opinións que de repente aparecian ao voltar a páxina. Resultaria por iso banal o procurar contradicións ao longo dalgun dos ensaios de vinte páxinas que escrebeu.

Sontag convertiuse pronto na favorita de moitos futuros intelectuais. Tan útil era para comentar unha exposición de pintura abstracta como para caricaturizar o realismo socialista, desde unha óptica de esquerdas. Se nalgúns paises, como Inglaterra, tardaron en enterarse de que existia, no ermo cultural español púxose de moda en seguida. Habia moito intelectual marxista oculto baixo as saias da oposición ao réxime e Sontag era a persoa adecuada para reconducir aos desencantados que non habian tardar. Ela foi unha das primeiras en xogar o papel de estación de tránsito nos procesos de mudanza política. Fernando Sánchez Dragó, por exemplo, ainda estaba no cárcere por pertencer ao Partido Comunista, cando Sontag xa era convidada apetecida nas tertúlias máis liberais de Nova Iorque.

O seu tamaño intelectual descúbrese cando se enfrenta con Lukács e dá lugar a un ensaio pretencioso, de magro interés. Asombrada pola intelixéncia do húngaro, non é capaz, sen embargo, de admitir a coexisténcia dos termos marxista e crítico nunha mesma persoa.

Esta edición parece descubrir contodo unha interesante evolución na autora. "Parte da arte máis trangresora da que eu disfrutaba —recoñece ao final do limiar— reforzaria transgresións frívolas, meramente consumistas". E remata afirmando que "quizá os xuizos do gusto expresados nestes ensaios teñan trunfado. Pero non os valores subxacentes a estes xuizos". Curiosa afirmación para quen dedicou non poucas páxinas a demostrar a obsolescéncia da división entre contido e forma. ♦

Un dos seus obxetivos foi desmitificar o que até daquela se coñecia por "cultura séria"

M. VEIGA

Cinema

Xuízos de risa

Título: As duas caras da verdade.
Imtérpretes: Richard Gere, Laura Linney, John Mahoney.
Director: Gregory Hoblit.

Richard Gere non será nunca o mellor actor do cine americano, pero pode que lle dean un Oscar polo ben que sabe sorrir nas suas películas. Maurice Ronet era o actor europeu que mellor sabia morrer na pantalla, Lee Marvin o que mellor levantaba unha botella , James Cagney o máis perfecto en pegar labazadas póndose de puntillas e este "american gigolo", que tocou a trompeta nun cabaret de Harlem e quería ser cabaleiro e oficial da Armada, só sabe rir e rezar a Buda. Segue a ser un mal actor a quen premiar con primeiros planos inxustificados e non estudar nas escolas de interpretación pero si nos estudios de vendas das grandes productoras. Gere vende ben películas-lixo como é o caso deste bodrio asinado por un tal Gregory Hoblit, coñecido por dominar a tecnica dos telefilmes como "A Lei de Los Angeles", popular serie de tv da que foi responsábel de dirección.

As duas caras da verdade é unha máis das películas de xuízos que nos están a invadir dun tempo a esta parte. Hai trinta ou cuarenta anos os filmes de tribunais

Richard Gere.

constituian cáseque un subxénero que ofereceu non poucas grandes películas que eran recebidas con ledícia por un público ainda non moi formado na leitura das imaxes. Daqueles anos, e sen orde de preferencias nen cronoloxico, datan títulos memorábeis que non convén esquecer e que representaron exemplos na codificación deste chamado subxénero. "Testigo de cargo", "Anatomia dun asesinato", "Eu confeso", "Doce homes sen piedade", poderian servir de exemplos non so do estilo, senon como títulos eminentes da filmografía de Wilder, Preminger, Hitchcock ou Lumet. Eran aquelas fitas obras de reloxeria polo que atinxe á construción de guións perfectos (ben escritos e verosímeis, sen trampas facilonas) e ao traballo duns actores moi convincentes e onde a sobriedade era consigna. Tyrone Power, Marlene Dietricht ou Charles Laugthon, James Stewart ou George G. Scott, Monty Clift ou Anne Baxter e Henry Fonda ou Karl Malden por citar só dous dos doce homes sen piedade, daban valor polo seu traballo a estas fitas que ainda hoxe, sabendo de memoria o final e sen hai espácio para a sorpresa, seguen emocionando a todos.

Os guionistas norteamericanos, estéreis, pueris, e, no fondo, desonestos, escreben guións e producen películas -como é o caso de "As duas caras da verdade"- sen pés nen cabeza, construidas sobre o engano de tapar cousas ao espectador e abrindo vias narrativas de complicación e extensión da anécdota dramatica(?) que pechan sen explicacións e sen remorsos sobre o que dirá o espectador intelixente.

Tecnicamente realizadas seguindo a lei do mínimo esforzo e sobre a base da utilización de estilemas narrativos de confirmada aceitación e consumo preguizeiro, os mercenarios guionistas de pouco talento que agora son lexión e invaden o Planeta Hollywood, creen que con pór un pouco de corrupción por aqui, un pouco de esterqueira sexual por acolá e unha miga de marxinalidade latina ou afroamericana no médio de todo, chega para construir unha película que mereza tal nome. Calquera ollada curiosa ou esixente descubrirá enseguida o engano e a miséria intelectual destes filmes que só serven como exemplo de mal cine. ♦

É unha máis das películas de xuízos que nos están a invadir dun tempo a esta parte

CELSO X. LÓPEZ PAZOS

conta de discos



Radical desde a Arxentina

Título: Dale aborigen.
Autor: Todos tus muertos.
Editorial: Del Cielito Records (Arxentina). Esan Ozenki Records, no estado.

O grupo *Todos tus muertos* convertéronse nun "suceso", no seu país, Arxentina, co disco *Dale aborigen*, a finais de 1994. Chegaron ao Estado da mán da compañia basca Esan Ozenki Records, a mesma que edita a *Negu Gorriak*. O seu cantante, Fermín Muguruza, participa neste disco, o cal non é de extrañar cando se escoita a *Todos tus muertos*. A sua música é a versión americana da que fan os bascos, que tiveron moito que ver coa sua produción. Pero a andadura desta banda comezou hai máis de dez anos, en 1984, na cidade de Bos Aires cun cassete de produción independente e de título *Noche agitada en el cementério*. Catro anos máis tarde pasan de ser *Los muertos* a *Todos tus muertos*, cun disco co mesmo título. No seu segundo traballo *Nena de Hiroshima*; xa hai unha combinación musical que aponta a este terceiro disco.

Dale aborigen é unha mestura ao estilo *Mano Negra* ou *Negu Gorriak*, con hip-hop, reggae, ritmos latinos, punk e baile. Dezaseis temas, tres deles engadidos, sen descanso e, sobre todo, cheos de mensaxe e de combate. Os mitos revolucionários está presentes neste disco adicado a Malcom X, Sandino, Zapata, EZLM ou Che Guevara, entre outros. *Dale aborigen* é o título dun destes temas, que fala da defensa da terra pero tamén hai outras cancións que non afondan tanto nos problemas sociais e sí amsoan un particular xeito de expresarse como *Andate*, *Trece* ou a especial interpretación do tradicional *Adelita*. Tamén está incluida unha versión de *Lehenbiziko Bala*, de *Negu Gorriak*. Os membros de *Todos tus muertos* son Fidel Nadal, Félix Gutiérrez, Horácio Gamexane, Pablo Potenzoni e Pablo "Dronkit Master". ♦

Lonxe do fado

Título: Sonhos e utopias.
Autor: Alcoore.
Editorial: Treboada.

A realidade que o grupo *Alcoore* apresenta de Portugal non é agradábel para ouvidos acostumados ao fado. Os doce temas reeditados por Treboada corresponden ás primeiras gravacións deste grupo de Mens Martins, unha cidade do cinturón de Lisboa, e duran, en total, escasamente vinte minutos. Directas, denuncian a represión, o racismo, a explotación e as desigualdades. *Sonhos e utopias* é hardcore-punk que os achega aos brasileiros *Ratos de Porao* e permite coñecer un estilo musical realizado en portugués, non espallado pola Galiza.

José Eduardo, Luis Sod, Victor *buge* e Hugo Begucho son *Alcoore*. O seu é a descripción de situacións extremas en cancións como *Culpados*, *Pela lei e pela grei* ou *Qualquier dia es tu*. O apartado de Treboada é o 259 de Santiago de Compostela. ♦

Coa poesia polo mar de Bernardino Graña

A Asociación de Escritores homenaxeouno cun recital no meio da Ria de Vigo

Luz Pozo Garza recitou *Mar de Vigo* "que fora para Eduardo e agora vai para Bernardino"

➪ X.C.

A amizade presidiu a homenaxe a un dos escritores galegos máis queridos. Bernardino Graña era o protagonista dos actos: recebeu a escultura do Manolo Coia, déronlle o nome seu a unha rua e plantaron un loureiro. Despois foi a travesia en barco pola ria de Vigo, na que as xentes da sua xeración recitáronlle os seus versos. El preferiu pechar o acto lembrando a outro autor adoptivo do Morrazo: Alexandre Cribeiro

Bernardino Graña agradeceu a homenaxe cun poema a Alexandre Cribeiro

A homenaxe comezou pola mañá en Cangas pilotada polo secretário da Asociación de Escritores en Língua Galega, Miguel Anxo Fernán Vello, que a xustificou "pola grande obra lírica e literária de Bernardino Graña, a sua defensa da condición ética do escritor e o seu compromiso xeneroso coa língua e a cultura de Galiza".

Inaugurouse unha rua, plantouse un loureiro na Alameda e entregáronlle a escultura co E de escritor que labrou outro grande artista de Nerga, Manuel Coia. Bernardino Graña recebeu satisfeito as palabras de Uxio Novoneyra ("este E de Manuel Coia é como se toda Galiza o trouxera nas suas mans") e Xosé Maria Álvarez Cáccamo, ("A sombra do loureiro de Bernardino hanos defender de medos, lóstregos e ataques á natureza")

Recital na ria

O prato singular da xornada estaba no recital poético a bordo do *Illas Ficas*. Primeiro deuse un paseo até Barra, e quedou na anécdota da xornada que houbo que regresar a porto para embarcar á directiva da Asociación de Escritores que quedara en Terra. A bordo a festa púñaa un fato de escritores encabezado por Alfonso Álvarez Cáccamo, aos que se sumou de contado Bernardino Graña. Manuel Maria, Uxio Novoneyra, Luz Pozo, Maria Xosé Queizán, Eliseo Alonso, Xaime Enríquez, Manuel Álvarez Torneiro, leron os seus versos e moitos quixeron batizar o lugar como Barra de Bernardino. "Este será un recital que nunca esquenceremos, porque quizais non se volva repetir", repetia Miguel Anxo Fernán Vello que ia dando entrada aos poetas presentes e aos que enviaron os seus versos para que fosen lidos. Habia moitos escritores no barco, xentes da cultura e cidadáns de a pé, pero no recital interviron os que forman parte, en certo senso, do grupo xeracional do Bernardino.

Eliseo Alonso que traia "o sentimento do Baixo Miño", lembrou garimosamente "aqueles que eramos, romántico, namoradizos e algo borrachins" e xogou coas palabras para desexar que durante moitos anos "poidamos seguir tocándolle o Bombardino ao amigo Bernardino". Álvarez Torneiro que se recoñeceu desa xeración "que Ferrin definiu das Festa Minervais", leu un texto que remataba contundente e emocionaba "Bernardino, como me gostaria ser autor de moitos dos poemas teus!".

Fernán Vello leu un soneto dun Garcia Bodaño que non puido vir, Luz Pozo adicoulle o seu "Mar de Vigo" e leu os versos de Pura Vázquez , o mesmo que fixo Marica Campo co poema enviado por Maria do Carme Kruckemberg. Despois Manuel Maria leu un caligrafado soneto, con debuxo do Bernardino incluido; Uxio Novoneyra trouxo o acento mítico de «Ith» e Maria Xosé Queizán deulle paso ao próprio Bernardino, logo de facer un retrato dos escritores do seu tempo e ler un fermoso e longo poema que resumia aquel tempo de Ditadura olítica e cultural na que mulleres e homes escritores abrian espácio de luz.

Bernardino lembrou unha viaxe de escritores pola ria de Vigo nos anos 50. Ante un Manuel Maria que asentia sorrindo lembrou "a pillaria que lles fixemos. Aqueles homes que viñan de Castela e que só coñecian o *ondiñas veñen e van*, pensaban que o mar noso era unha lagoa. Sacámolos ao mar de fóra das Cies. Ainda lembro a vários deles, o bon do Gerardo Diego...!, que xa lle deran ben ao augardente no xantar, debruzados nas barandas". Co pé no estribo, lembrou a outro dos presentes naquela viaxe, Alexandre Cribeiro, que morreu agora hai un ano, e pechou con emoción o acto transferindo a homenaxe ao vello amigo que pasaba os veráns en Nerga:

"Baixei, Cribeiro, á abra na que un día alegres / nadamos coas mulleres: Susana, Iria, Carme, / onde felices vimos a paisaxe, a raia / dun horizonte aberto a limpos soños / de amor e de ilusión, de patriotismo, grandes, / máis potentes que a morte estragadora / que agora mesmo a túa cinsa espalla."♦

OS CARUNCHOS
LEILIA
CHOUTEIRA
BERROGÜETTO

Coa participación de Teatro da Esmorga.

ENTRADA GRATUITA

ORGANIZA: Asociación de Veciños/as de Limens

COLABORAN: A NOSA TERRA · Concellería de Cultura Concello de Cangas

Ven de publicar *Xeografía Histórica de Galiza*

Patrick O'Flanagan

'Na Galiza ponse o esforzo en conservar o património pero abandóase a paisaxe rural'

CARME VIDAL

Galiza viuse en moitas ocasións retratada por ollos estranxeiros e este é, máis unha vez, o caso de Patrick O'Flanagan na sua *Xeografía Histórica de Galiza* que ven de sair editada en Xerais. No entanto, o xeógrafo irlandés quixo facer unha análise rigorosa e fuxir dos tópicos literários á hora de elaborar o estudo diacrónico da nosa xeografia. Buscou as fontes orais e vivas por xulgar as escritas insuficientes.



A. PANARO

Como vantaxe destaca a mesma distáncia que o alonxa dos fenómenos sociais próprios para facer unha interpretación máis científica. No entanto, a xeografía de O'Flanagan vai máis alá da conformación externa do país para se adentrar na sua organización social e na identidade como povo porque, ao seu dicer, "o que se pode ver é a expresión do profundo".

Para o seu traballo, O'Flanagan buscou as fontes orais e vivas, desde as feiras até as tascas de toda a xeografia galega despois de valorar a insuficiéncia das fontes escritas para desenvolver o seu estudo. Asi é que se coloca ben á beira das investigacións sobre vida cotiá que na Galiza ten feito o historiador Pexerto Saavedra.

A paisaxe aparece socializada "é onde a xente vive e ali está a heréncia do pasado, por exemplo no tamaño da finca, pero tamén nas posibilidades de modificalo". Para O'Flanagan na Galiza existen moitas velocidades e, mesmo a pesar de non querer extrapolar a sua investigación para dar recomendacións de futuro, lamenta o abandono do mundo rural. "é necesário tomar unha decisión, se o governo quer presenciar o abandono do rural ou que se conserve" di despois de valorar a importáncia de "atopar unha solución adecuada entre progreso e conservación".

A recuperación das comarcas históricas galegas delimitadas polas relacións sociais estabelecidas estarian no cerne dunha planificación acaida ao país pero que, en todo caso, prefire deixar nas mans de quen decide, "depende da perspectiva de poder, en moitas partes da Europa Atlántica, o problema é que non se están a facer planos integrados por espazos rurais". Pola contra, nota unha excesiva dedicación á conservación das cidades nas que "hai unha paisaxe autóctona e outra planeada como son os ensanches das cidades " e que pouco diferéncian a paisaxe cultural galega de calquer outra europea.

Loitar contra a especulación

A este profesor irlandés cóstalle facer calquer valoración dos cámbios actuais na xeografia galega, "excede do meu libro" di sen se querer entrometer en cuestións polémicas que facilmente se extrapolan da sua investigación. Só á hora de falar da conservación da paisaxe cultural agroma o compromiso do investigador que perde o medo de romper os lindeiros do seu rigor académico. "O esforzo ponse máis no patrimonio monumental que na paisaxe rural. A catedral de Santiago e os cantóns da Coruña son lindísimos pero os cartos foron todos para aí e hai que pensar tamén na dignificación das paisaxes ordinárias no campo e que se conserven e desenvolvan porque teñen o seu valor" di cando además defende que "a paisaxe galega fala dunha identidade própria".

O seu marco de interpretación é o que chama Europa Atlántica que Patrick O'Flanagan ten ben estudado e, na análise comparativa, recolle as ríxidas leis irlandesas encamiñadas a romper a especulación urbanística e conservar a paisaxe do país. Asi non pode menos que lamentar o progresivo deterioro da costa galega e porse á beira de calquer posibilidade que busque recuperar a riqueza do noso litoral. "Se unha persoa desexa edificar unha casa americana na costa vai destruir o entorno, se ten cartos pódea facer, pero en moitos lugares de Europa iso seria imposíbel porque as leis o proibirian. Hai que saber se se quer a liberdade individual ou o benestar do povo" sinala cando fala tamén de que en xogo están "as decisións sobre o seu futuro, no sentido en que están constuindo a sua própria paisaxe cultural". ♦

NOVOS TEXTOS PARA O ENSINO NA E.S.O.

e tamén
DEBUXO
TÉCNICO DE COU e
INFORMÁTICA e
PNEUMÁTICA
BASICA para F.P.

DE APARICION IMEDIATA:

3º de Sociais

Ensinante, se queres coñecer estes materiais ou pedir máis información
podes chamar aos teléfonos
(981) 27 82 59 (de 10 a 13 horas) e (986) 43 38 30

A NOSA TERRA S-PG

Lembranza dun animador cultural na Ditadura

Ferro Couselo, presidente da Asociación Cultural "Auriense"

XABIER F. MATEO

Falar de Xesus Ferro Couselo na sua época como presidente da A.C. Auriense, lévanos a lembrar as orixes desta agrupación.

Foi no ano 67 cando se funda a entidade, na que un fato de persoas con inquedanzas pola recuperación e espallamento da cultura galega decidiron xuntar os seus esforzos e darlle cobertura legal para poder realizar actividades públicas. Entre os animadores deste proxecto estaban Ferro Couselo e Otero Pedrayo, que foron nomeados Presidentes de Honra.

O mesmo nome da agrupación debémoslo a Ferro Couselo, quen indicou a conveniéncia de que se chamase "Auriense" en referencia expresa ás orixes da cidade.

Ferro Couselo na *Auriense* con Ben Cho Shey e Otero Pedrayo

A recén nada sociedade, presidida por Nemésio Barxa, contou sempre coa opinión de don Xesús e coa sua participación nas actividades sociais, conferíndolle á "Auriense" unha seriedade e garantia de mesura e competéncia. Cómpre lembrar, ademais de don Ramón Otero, a outros activos colaboradores como Xaquin Lourenzo "Xocas", Ogando Vázquez, Taboada Chivite, Eleuterio Sánchez "Leuter", entre outros.

Comezaron asi as actividades organizadas pola "Cultural Auriense", destacando a interesante conferéncia pronunciada por Xesus Ferro Couselo, sobre "A orixe e formación da cidade de Ourense" en Abril do 68 no salón do Colexio Médico de Ourense e que estaba ateigado de público. Segundo Nemesio Barxa "Era importante que un gran número de persoas asistira aos actos da Auriense, non soamente ás conferencias senón tamén ás excursións guiadas para coñecer a provincia; e se dese grande número de persoas a meirande parte pertencían á burguesía ourensá da época, iso era obra de Ferro".

Esta conferencia foi gravada e posteriormente entregada por Carlos Guitián ao "Arquivo Sonoro de Galicia", que recentemente fixo unha edición en fita.

Outras actividades foron a 1ª Festa da Árbore, que se celebrou na Merteira porque o famoso carballo da canción fora derrubado; un Curso de Lingua e Literatura Galega, que impartiu Ferro Couselo, e a conmemoración do Día das Letras Galegas cada 17 de Maio.

Baixo a dirección de Ferro Couselo, créase unha Comisión para o estudio da Toponimia Ourensá. Coordenada por Carlos Guitián e contando coa colaboración do Xocas e Taboada Chivite. Unha vez rematada entregouselle aos organismos oficiais e aos meios de comunicación xunto cunha "carta-aval" asinada polo profesor Carballo Calero.

Malia ás súas múltiples ocupacións Ferro aceita a presidencia da Auriense no ano 69, continuando ata o 74. Foi neste período cando se acordou editar uns adesivos coa lenda "Falemos galego", que tan boa acollida tiveran e que se espallaron por toda Galiza dun xeito case espontáneo. Tamén nesta época comezaron a aparecer os rótulos dos topónimos correxidos por mans "anónimas".

En verbas de Xosé Lois González "A presidencia de Ferro Couselo na Auriense ten unha importancia, sobre todo, cualitativa; dado que el apadriñou esta asociación que nacera para defender a cultura galega, asi como outro tipo de iniciativas das que el foi co-fundador, e que pretendían a recuperación da nosa cultura. Esta xeración de persoas son portadores do facho desta loita que entregaron aos máis novos, enlazando a activa loita cultural de antes da Guerra co despois. Por outra banda estes persoeiros debatianse entre as dramáticas vivéncias deste conflito e a necesidade de seguir neste camiño, o que os facía máis comedidos; en contraste cos máis novos que tiñamos présa e eramos máis revolucionários. Este contraste levou a certos enfrontamentos no seo da Auriense que se comprenden dende un ponto de vista histórico".

"Para min un dos valores máis importantes —coméntanos Nemesio Barxa— de Ferro é que era un home que coñecía a Historia nos seus mínimos detalles, nos petroglifos, nas mámoas, nos cruceiros... Coñecía a Historia de início e criación deste país. E tratou, e conseguiuno, de trasladárnosla, porque un país se non ten Historia non é nada. E a nós negábannos ese coñecemento".

"Cando Ferro nos conta que aquí tivemos, temos unha Historia moi importante, e que hai unha serie de lugares que teñen importancia como recintos históricos, comprendimos o seu tesón en recabar fondos das Administracións para trasladar o Museo Arqueolóxico Provincial ao seu actual emprazamento.

Este é un edificio emblemático da Historia de Ourense e tamén da de Galiza. Este lugar é onde se ubicou o "Presidium" romano, é dicer, unha fortificación con gornición de soldados para defender a ponte. Máis tarde pasou a ser forte do rei suevo Carriarico e a igrexa adxacente de Sta. Mª Madre sería a primitiva Catedral de Ourense. A partir de aí formouse a cidade. Que teñamos aí ese referente histórico, e que el nos tivera dito que ese é un referente histórico, que non é ningunha falácia, é moi importante". ♦

OPINIÓN

GRAN LINGUADO

JAUREGUIZAR

que setenta galegos se unan para facer algo que non sexa ver un partido de fútbol nun bar é algo que non pasaba dende a revolta dos irmandiños.

o bravú trátase de ser coma os estudiantes de formación profesional que constrúen as súas propias radios e non están condeados a escoitar o que lle contan outros. Pode que os seus aparellos non sexan mellores, pero son seus.

o bravú trátase de que se enteren po aí de que os galegos non son só uns tipos que conducen taxis —que tamén—, que poden facer algo máis que seren paletos graciosos,

> 'a emoción e a dignidade son as únicas industrias que non van poder reconvertir, por iso hai que poñelas a pleno rendimento"

xanes das bolas que conducen tractores amarelos e que teñen medo a que lles pisen as chanclas.

un bravo non está tenso porque perdeu o metro —porque, por non haber non hai nen transportes de superficie— senón porque o su pai está na marea do Gran Linguado, do Great Sole, o que el lle di Gran Sol. Consumir cultura noutros idiomas non ten nada de malo, pero que ben soa no da casa.

¿quen dixo que tiñamos que seren espectadores? non se poden soltar redes nin tirar do teto, pero non poderán aplicar cotas á creatividade. A emoción e a dignidade son as únicas industrias que lle quedan a Galicia e as únicas que non van poder reconvertir, por iso hai que poñelas a pleno rendimento.

¿que teñen as grandes culturas que non haxa aquí? ¿quen dixo que por vivir no corner de Europa estamos condeados a non ser o centro de nós mesmos? é cuestión de superar a indolencia deste Estado de ánimo desanimado, deste país inconsciente de si.

como din os Ruin Bois, por ti mesmo. ♦

JAUREGUIZAR é escritor, autor de *Todo a cen* (Sotelo Blanco)

Dublin. A casa dos whiskies vellos
MARTIN CODAX, 11 VIGO - TELÉFONO 22 07 50

O GAITEIRO SOLITARIO

MANUEL RIVAS

A victoria de Portomeñe

O presidente da Xunta apadriñou a primeira promoción da facultade de Ciencias Políticas, e loubou as correntes analíticas, pero eu creo que hai ser un experto en Ciencias Ocultas para entender os cambios producidos na última crise. A impresión que os comentaristas trasladaron á opinión pública é que Portomeñe foi chimpado cunha patadiña de traxectoria elíptica e que emergulle con forza na realidade virtual do fraguismo o cibernauta Pérez Varela. Non sei como chegaron tan axiña a esa conclusión. Pola miña banda, escoito as explicacións de don Manuel e fico coa perplexidade dunha galiña cega diante da adiviña do mencigñeiro Perrón de Braña: "A ver, dígame vostede, ¿mosca e media, tres medias moscas e dúas moscas e media, cántas moscas son?"

De súpeto vexo a luz na foto de traspaso de poderes. É Portomeñe, o defenestrado Portomeñe, o único que se mostra realmente feliz. Non é o típico sorriso dolorido de quen foi a Sevilla e perdeu a silla nin do finxidor que almorzou sopa de ortigas. Nada diso. O de Portomeñe é un sorriso aberto, radiante como un peso de prata. O sorriso inequívoco do triunfador, de quen acadou o soño da súa vida. Mesmo parece que lle prestaran a dentadura Mario Vargas Llosa ou Norma Duval para celebrar o acontecimento. Ao seu carón, como se de repente comprendera, como se lle picara a moa do xuizo, sorri con aceno forzado o presunto ascendido Xesús Pérez Varela.

Si, Portomeñe ten toda a razón para irradiar felicidade. Deixou as tribulacións de ser conselleiro de Algo para ser, por fin, nada máis e nada menos que conselleiro. Desprendeuse do lastre, desprendeuse do Algo, desa cola de lagarto chamada Cultura, para ser o cargo en plenitude, conselleiro de conselleiro, conselleiro dos pes á cabeza sen ortopedia algunha. Victor Manuel Vázquez Portomeñe, O´Conselleiro.

Con toda sinceridade, sempre lle vin esa madeira, ese talante, esa cualidade. Non o acabei de ver en Educación e tampouco me cadraba en Cultura. Pero, iso si, sempre o vin de conselleiro. Un conselleiro *per se*, quimicamente puro, cos seus atributos, coa súa bandeiriña e co seu chofer, sen ter que aturar peticións nin denuncias. Un conselleiro *full time*, o conselleiro fetén, vivindo integramente a sua conselleridade. Hai xente que é unha cousa por azar ou por mérito. Pero hai xente que é o que é, como o café. Nas recepcións, cando D. Manuel presente o seu goberno a un convidado de postín, irá dicindo "Aquí o conselleiro de Tal, aquí o conselleiro de Cual..." Ata chegar a Portomeñe. E entón dirá, para envexa de todos: "E aquí, por fin, O'Conselleiro".

Agora entendo todo. Foi el quen urdiu a súa caída como un filme de Hitchcock. Foi el quen moveu as fichas da ambición allea. Foi el quen creou o climax. Foi el quen andou o Camiño das Estrelas facéndonos crer que eran seis millóns de pelegrins. Foi el quen se disfrazou de Julio Iglesias. Foi el quen se deu o croque de gracia no Santo e viu o futuro. Foi el quen entendeu o sentido fondo da autoidentificación. Diante do espello dixo á maneira de Yavé: "Eu son o que son".

E este é un dos moitos milagres que o Santiago Apostol fai. ♦

CAMIÑO VELLO, CONGOSTRA NOVA

FRANCISCO A. VIDAL

A mallante

Esa liña de desperdicios que limita a praia, que marca o nivel ó que chegaron as ondas, convértese, ás veces, nun camiño macabro que rompe a emoción que transmite o mar.

Na súa maraña de despoxos, císcanse polos areais argazos e obxectos que podían formar parte dunha antoloxía da podremia. Nela fican os restos que o mar cuspe como sobras arrepiantes, e con elas veñen as novas do mal que gardan as ondas no seu seo; ela di claramente que os salseiros que se ven desde a varanda do peirao non son o mesmo que os que se sofren nas amuras dun pesqueiro.

A mallante, que foi e é fonte de riquezas, tamén é imaxe de desgracias. Ela aportou o abono para as leiras da beiramar ou as cunchas que aínda agora se usan para facer colares para turistas; cóntase de casas que se armaron cos madeiros que, en forma de cadernas e costelas de barco, saían á praia despois dun temporal, ou das luxosas habitacións que humildes pescos posuían, decoradas cos mobles do camarote dalgún transatlántico sinistrado. Hai quen asegura, dalgunhas xentes ribeiráns, que acadaron a súa riqueza cortándolle os dedos ós náufragos que aparecían na mallante para sacarlle os aneis, ou que con fachas acesas provocaban naufraxios para que a mallante lles trouxese logo a fortuna dos desgraciados. ¿Faladurías? Pode ser, pero o que si é certo é que, como se dun galano da mallante se tratase, tras o naufraxio do buque escola "The Serpent", unha tempestuosa noite de hai máis dun século, agradecido polos desvelos dos veciños de Camariñas, que pasaran toda a noite socorrendo ós náufragos, e varios días enterrando os trescentos cadáveres que ían aparecendo entre os cons, o goberno inglés gratificou ó alcalde cun reloxo de ouro, ó concello cun barómetro e ó crego de Xaviña cunha escopeta de caza.

Nestes días atrás, foron os cetáceos (orcas e baleatos), tan grandes e boíños, os que se fixeron donos das páxinas dos xornais, porque aparecían varados como unha sobra máis do mar, e con eles ben puido, algunha fábrica de fariña, facer o seu particular negocio á conta de tan peculiar mallante. Para o caso, posiblemente serviría tamén este pequerrecho golfiño, algo así coma un infante, comesto de voraces peixes que foron depenicando nel ata que as ondas o vararon neste areal e algún irrespectuoso o acabou de masacrar. Mal sabe quen tal fixo da boa fama que entre os mariñeiros teñen os arroaces, polo de bos compañeiros que son dos náufragos.

Contemplándoo, non é difícil imaxinarse o espectáculo que pode dar un afogado, cando sae á praia despois deses nove días que as xentes da beiramar aseguran que tarda en ser devolto á terra o que é da terra. Corpos inchados, deformados e mutilados que fican na area, nun leito de argazos, para escarmento de destemidos e pena de mariñeiros.

Outras veces, despois dun temporal, o que a mallante nos trae é un galano para facer as paces: bombóns de Italia caídos pola abertura que algún salseiro abriu nun contenedor, e esparexidos pola praia nas súas caixiñas de cor; bocois de viño do Porto desprendidos da cuberta ó xirar o cabo Touriñán, ou camisetas deportivas que vestiron a un modesto equipo de futbol que, por tal motivo, tivo que cambiar as súas cores de sempre. ♦



Tucho Calvo

'O xornalismo libérame da presa por ser lido'

Xornalista, autor de libros como *PAE século XXI*, unha adiantada recriación das reaidades virtuais feita en 1982, Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954), regresa á literatura publicada cunha obra de xénero, *Telúrico* (Espiral Maior)

Que libros recomendaria?

Prefiro falar de cousas que lin recentemente. Como estamos en etapa de verán e lese máis aos poucos, ven de sair unha *Antoloxia do conto galego de medo* (Galaxia), escolmada por Silvia gaspar, que ten cousas moi variadas, pero que van pracer aos qe gosten do xénero. Divertiume moito *Luces de Fisterra* (Espiral) de Caros mela, que é unha sátira futurista da política galega na que se recñecen a todas as persoaxes actuais do mundo político. E por non esquencer aos cativos que andarán por ai, recomendo un de Concha Blanco, *O vestido de Cora* (Sotelo).

Cales está a ler?

Sempre teño sempre un feixe de cousas. Dun tiron remateiPatagónia *Express* (Tusquets)de Luis Sepúlveda. Son reltaos cortos ambientados naquela xeografia, tamén de represión, e o autor preséntaos como notas e cria moi ben os ambientes. Como estaba de viaxe (e non quero que pareza pedantería), lin *El Buscón* de Quevedo e agora de maior saqueille moito máis partido que aos 17 anos.

Condiciónao a profisión de xornalista á hora de escreber?

Toda actividade profisional condiciona porque canto máis adicado estás ao traballo menos tempo tes para escreber. Non sei se o xornalismo axuda ou coarta. A única vantaxe é ser unha profisión enriquecedora que che permite ver e falar con moita xente e dache visións do mundo diferentes. O xornalismo tamén quita a presa por publicar e dá unha calma para escreber.

De que vai *Telúrico*?

Plantexeima como se fose unha novela por entregas para un diário, con capítulos de moi curta extesión e cada un deles con certa estrutura própria. Cada pequena unidade busca ter gancho para que o leitor voltase á série. É unha história que pretende ser de terror na que plantexa a resurreción de seres a meio fosilizar e que fican nun estado intermedio de volta á vida. ♦

O Trinque

Libros

Homenaxearon ao Bernardino Graña. Poeta e narrador, escritor de corpo enteiro, a mellor homenaxe é debruzarse nos seus libros. Ao sempre mentado *Profecia do mar*, pódenselle unir para abrir apetito *O gaiteiro e o rato Pérez*, co que lograra o Prémio Merlin no 93, e os relatos *Fins do Mundo* (Xerais), no que trafegou ao galego ideas tomadas das *rubaiyat* do persa Omar Kheyyam. ♦

Bueu

■ **MÚSICA**

SANTIAGO FELIU E ESTADO DE ÁNIMO

O cantante cubano xunto co grupo Estado de Ánimo actuarán no bar Aturuxo o Domingo 16 ás 20,30.

O Carballiño

■ **TEATRO**

MOURENZA

Producións Librescena interpreta a obra de Armando Cotarelo Valledor *Mourenza*, o Sábado 22 no Auditório do Carballiño.

A Coruña

■ **EXPOSICIÓNS**

MASONERIA UNIVERSAL

O Kiosko Afonso oferece un percorrido pola história da masoneria, desde os seus antecedentes ao seu nacemento, sen esquecer unha aproximación ao funcionamento das Lóxias Masónicas. Tamén nesta mostra expoñen xoias vinculadas ás lóxias. Organiza **Agra Solis** e estará aberta até o 30 de Xuño en horário de 12 a 14 e de 18 a 21 h.

VIDAL ABASCAL

Exposición sobre o matemático galego Enrique Vidal Abascal nos locais da Fundación Barrié. Até o 30 de Xuño.

■ **MÚSICA**

MARK KNOPFLER

O famoso guitarrista actua o Sábado 22 ás 10 da noite no Coliseum. A entrada vai a 3.500 pta. e pódese conquerir en Vigo (Elepé e A Columna CD), Santiago (Disco Laser e Cafeteria Zum Zum), A Coruña (C.C. Catro Camiños) e Ferrol (RC).

■ **TEATRO**

HOSTIA

O **Centro Dramático Galego** interpreta a peza de Armando Cotarelo Valledor, no Teatro Rosalia Castro, ás 9 da noite do 12 ao 16 de Xuño.

Ferrol

■ **EXPOSICIÓNS**

J.J. ALBARES ARIAS

A galería Sargadelos acolle até o 26 de Xuño obra do pintor leonés Juan José Albares, que ven agora oferecer diferentes estudos sobre a figura da muller. Pódese visitar de Luns a Sábado de 11 a 2 e de 5 a 10. Domingos de 12,30 a 2,30.

FOTOGRAFIA SUBMARINA E DO MEIO AMBIENTE

O Ateneu Ferrolán acolle duas mostras fotográficas

Carteleira

C.X.LÓPEZ-PAZOS

☞ **AMIGAS PARA SEMPRE**. Segue a liña de lle dar protagonismo ás mulleres, pero o guión fracasa con situacións sempre previsíbeis. Catro mulleres lembran o vran que pasaron de vacacións cando tiñan once anos.

☞ **AS DUAS CARAS DA VERDADE**. Richard Gere é o gancho comercial desta película que ten como engado principal o peculiar funcionamento do sistema xudicial americano. Xogando coa paradoxa da culpabilidade dun adolescente, un arcebispo *voyeur* asasiñado e un advogado que se sinte chamado a redimirse do seu valeiro afán de protagonismo. O de sempre, desta volta adubiado coa marabillosa voz de Dulce Pontes.

☞ **FOUR ROOMS**. Catro historias asinadas por Allison Anders, Alexandre Rokwell, Robert Rodríguez e Quentin Tarantino, cun botóns e un hotel como fio condutor dunha morea de chistes facilóns (de noite de café e tequila) onde Tin Roth (omnipresente e xa investido da categoria de gran histrión ao Gary Oldman) fai unha homenaxe á máscara de Charlot e Jerry Lewis (autor do xenial O *botóns*), ademais de outros actores de comédia. Tamén está Banderas nesta trécola de película sen pes nen cabeza.

☞ **ABERTO ATÉ O MENCER**. Outra vez os mesmos nomes. Rodríguez asina e Tarantino escrebe e interpreta. As paixóns cinematográficas infantís de Rodríguez, mexicano de pro, asoman neste filme de homenaxes e referéncias (*gore*, cine de vampiros mexicanos e truculéncia a esgalla) de mestura abrupta e gratuita de xéneros, fabricado para solaz dos seus autores. Que fai un gran actor coma Harvey Keitel nesta película?

☞ **HEAT**. Película (que son duas) para que Pacino e de Niro amosen as suas cualidades máis febles que nunca, sobre todo Pacino que sobreactua. Michael Mann (*O derradeiro mohicano)* pon a cámara ao servício dos divos. Non paga a pena.

☞ **O CARTEIRO (e Pablo Neruda)**. Continua nalguns cines e paga a pena mesmo viaxar para vela, se xa non a botan na sua cidade. Protagonizada por Massimo Troisi. ♦

TINO MARTÍNEZ

LALIN
O Sábado 15 celébrase a romaxe da Nosa Sra. do Corpiño

Juan José Albares expón na Sargadelos do Ferrol.

durante o mes de Xuño, *Fotografía submarina* (até o 25) e *Fotografía do meio ambiente* (até o 20 de Xuño).

■ **TEATRO**

O CANTANTE E AS MULLERES

O grupo de **Migallas Teatro** de Pontevedra, leva o seu espectáculo de humor crítico e cancións *O cantante e as mulleres*, este Xoves 13 ás 8 do serán ao Teatro Jofre.

VAPORES

Tamén no Teatro Jofre pero Martes 18 e Mércores 19, o grupo **Espello Cóncavo** apresenta a sua adaptación de *Vapores* de Nell Dunn.

■ **LEITURAS**

FEIRA DO LIBRO

O Concello de Ferrol acolle outra edición do 10 ao 16 de Xuño.

Guitiriz

■ **TEATRO**

MARIO O PLANETARIO

A compañía viguesa **Títeres e Gultrapas** oferece a sua peza para cativos *Mário o planetário*, o Venres 14 en Guitiriz.

Lalin

■ **ROMAXE**

O CORPIÑO

O Sábado 22 celebran en Lalin a romaxe da Nosa Señora do Corpiño.

Lugo

■ **EXPOSICIÓNS**

GALEGOS NA ESCALEIRA

Xurxo Lobato expón a série de fotografias onde recolle unha estensa lista de figuras sobranceiras da actualidade galega, sempre nunha escaleira. Pódese visitar na sá de mostras de Caixagalicia, até o 20 de Xuño.

O CASTRO DE VILADONGA

A Biblioteca Provincial de Lugo abre até o 15 de Xuño, esta mostra sobre o Castro de Viladonga que cunha estensión de 10.000 m² é un dos maiores xacimentos arqueolóxicos da Galiza. Ali foi onde en 1911 apareceu o torques de ouro (colar xa empregado no tempo dos celtas) da colección Gil Varela normalmente exposto no Museu de Lugo.

■ **MÚSICA**

JEFF HARRINGTON QUINTET

Este grupo de jazz actua o Xoves 13 no Clavicémbalo.

■ **TEATRO**

HOSTIA

Polo **Centro Dramático Galego**, a partir do texto de Armando Cotarelo Valledor. Estarán no Auditório Gustavo Freire do 20 ao 22 con pases ás 8,30 da tarde.

NAU DE AMORES

Tamén o auditório Gustavo Freire acolle un pase (Luns 24 ás 8,30 do serán) da peza *Nau de amores* do poeta portugués Gil Vicente (1465-1470), agora adaptada polo **Centro Dramático Galego**.

Marin

■ **MANIFESTACIÓN**

MARCHA CONTRA CELULOSAS

A **Asociación pola Defensa da Ria** convoca doutravolta unha marcha en protesta contra a fábrica de celulosas. **Pola nosa saude e polo traballo no mar**, é o lema escollido para esta manifestación que sae o Domingo 16 ás 11,30 da mañá, das alamedas de Pontevedra e Marin como é tradicional, para rematar diante das celulosas.

Moaña

■ **TEATRO**

AMOR E CRIMES DE JUAN PANTERA

O Sábado 15 de Xuño ás 11,30 no Café do Real **Teatro Kaos** apresenta a peza ***Amor e crimes de Juan Pantera***, farsa de títeres para adultos. Música en directo. No mesmo local, Domingo 16 ás 7 do serán, Teatro Kaos continua con ***Juan Pantera e a garrota dando a nota***, títeres de cachiporra para todos os públicos. Música en directo.

Monforte

■ **EXPOSICIÓNS**

ARQUITECTURA RECENTE

Fotografias, bocetos e planos de construcións modernas, até o 20 de Xuño na Casa da Cultura.

■ **TEATRO**

MOURENZA

Lance dramático nun acto, a obra de Armando Cotarelo Valledor sobre a Terra, a emigración e o amor, da man de **Producións Librescena**. Unha cita inevitábel o Venres 21 no Teatro Lemos.

Ourense

■ **CINEMA**

FILMES FRANCESES

O **Cine clube Padre Feijoo** e máis a **Cinemateca Francesa**, encetaron un ciclo de cinema francés que ainda oferece pases até este Venres 14. O Xoves 13 ás 8,30 pasan ***Les visiteurs du Soir*** (Os visitantes da tarde. 1942. B/N. 112') unha parábola antinazi rodada durante a acupación alemá na Franza polo director Marcel Carné. O mesmo Xoves ás 11 da noite poñen ***Ascenseur pour l'Echafaud*** (Ascensor para o cadalso. 1957. B/N. 89') a ópera prima do recentemente finado Louis Malle, na que conta a história dun home atrapado no ascensor cando ven de asasinar ao marido da sua amante. A música é de Miles Davis. O Venres 14 ás 20,30 e ás 23 h., pasan ***Le Diable Boiteux*** (O diaño coxo. 1948. B/N. 120') do autor teatral Sacha Guitry.

■ **EXPOSICIÓNS**

CONTEMPORANEOS

O Café Studio expón baixo o título *Contemporáneos*

A. IGLESIAS

MARIN PONTEVEDRA
O Domingo 16 sae, ás 11,30, das alamedas de Marin e Pontevedra a marcha contra a Celulosa

pezas de **M. Boan, K. Valvís, B. Moreiras, M. Vidal** e **Xaime Quessada**.

MALPAIS

Malpaís como se lle chama á terra das lavas volcánicas en Canárias, e por estensión a toda a illa de Lanzarote onde traballa o obradoiro *Línea*. A galeria Marisa Marimón amosa baixo este título unha escolma de gravados e monotipos realizados no taller Línea por recoñecidos artistas do estado: **José Manuel Broto, Joan Hernández Pijuán, Cristina Iglesias, Eva Lootz, Juan Muñoz, José María Sicilia, Susana Solano, Jordi Teixidor** e **Francesc Torres**. Obra gráfica de grande formato (160x120 cm), até o 29 de Xuño na sá Marimón.

VIRXILIO

Obra deste nomeado pintor ourensán na sá de Caixagalicia. Até finais de mes.

Pontevedra

■ **EXPOSICIÓNS**

INSTRUMENTOS TRADICIONAIS

A sá de Cajamadrid acolle unha mostra con reproducións a tamaño real de intrumentos musicais antigos.

ISABEL LOPEZ RUIBAL

Expón cadros recentes na Socel, o Rincón do Artista, até o 30 de Xuño.

■ **MANIFESTACIÓN**

MARCHA CONTRA CELULOSAS

A **Asociación pola Defensa da Ria** escolleu o lema **Pola nosa saude e polo traballo no mar**, para a marcha contra a contaminación que produce o complexo ENCE-ELNOSA, a fábrica de celulosas. A marcha sae o Domingo 16 ás 11,30 da mañá, das alamedas de Pontevedra e Marin como é tradicional, para rematar diante das celulosas.

Porriño

■ **EXPOSICIÓNS**

TIMOR LESTE, UN POVO, UNHA NACION

O Café Liceum achega durante o mes de Xuño unha mostra da actualidade no Timor Leste, a ex-colónia portuguesa que tenta agora defenderse do imperialismo indonésio para manter a sua independéncia.

■ **MÚSICA**

A QUENLLA

"Mistura de música tradicional galega recollida por eles mesmos, con música de autor fronte a pasividade e o conformismo", asi apresenta o Café Liceum o macroconxunto *A Quenlla*, nove integrantes, que actua o Sábado 15 ás 11,30 da noite. A entrada pódese conseguir antecipada no própio Liceum ou no Café Dublin de Vigo, por 800 pta. Ou senón no concerto por 1.000 pta.

BLOODY MARY

O duo feminino interpreta cancións dos anos 50 no Centro cultural do Porriño o Venres 21.

PORRIÑO
A Quenlla estarán o Sábado 15 ás 11,30 no café Liceum

Convocatórias

PRÉMIOS DE INVESTIGACION DA REAL ACADÉMIA GALEGA DAS CIÉNCIAS

A Académia Galega das Ciéncias convoca tres prémios de investigación para este ano que receberán traballos sobre temas ou problemas nas áreas de matemáticas, física, física do cosmos, química, xeoloxia, bioloxia, farmácia, ciéncias sociais, económicas e ciéncias técnicas. Os prémios de 1.000.000 pta. para un traballo de investigación, outro de 500.000 pta. para a promoción de xoves investigadores (menores de 28 anos), e un terceiro de 250.000 pta. para un traballo publicado ou en vias de publicación na revista da Académia. Para concorrer hai que dispoñer do título de licenciado ou doutor (o primeiro prémio só teñen acceso os doutores), e de traballos expresamente escritos para o concurso, orixinais, inéditos e rematados neste mesmo ano. Para optar aos dous primeiros prémios ha que remesar os traballos baixo plica (con curriculà) e lema, escritos a dobre espazo en DIN A4, por sextuplicado, **antes do 30 de Novembro de 1996**, ao Segredário da Real Académia Galega das Ciéncias: rua do Franco, 2. 15702 Santiago. O xurado vai composto por cinco membros da académia e tres representantes da Fundación Caixa Galicia (patrocinadora dos prémios).

PRORROGAN AS AXUDAS PARA A REHABILITACION DE VIVENDAS NO RURAL

A Consellaria de Política Territorial prorroga as axudas a fundo perdido para a reabilitación de vivendas familiares no rural até o anos 1999. Estas axudas van rexidas polo Decreto 142/1995, do 5 de Xuño, sobre subvencións a fundo perdido, e son incompatibeis con calquer outra axuda a cargo do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

PRÉMIOS *MERLIN* DE LITERATURA INFANTIL E *XERAIS* DE NOVELA

Edicións Xerais convoca a XI edición do prémio *Mérlin* de literatura infantil, dotado con 1.000.000 pta., e a XIII de novela cun prémio de 1.500.000 pta., aos que poden concorrer textos inéditos e orixinais, sempre escritos en normativa oficial. Para participar hai que remesar 6 cópias en tamaño fólio ou en holandesa, mecanografados a dobre espazo e baixo plica e lema, **antes do 3 de Setembro** a: Edicións Xerais de Galicia. Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo. Edicións Xerais resérvase o direito de edición da obra premiada en todas as línguas do Estado, amais os primeiros 5.000 exemplares vendidos estarán libres de direitos de autor. Máis información no (986) 29 61 16.

PRÉMIO DE NARRACIONS XUVENIS

A **Biblioteca Nova 33** co patrocínio da *Fundación Caixa Galícia* convoca o *X Prémio de Narracións Xuvenis Rua Nova*, dotado cun primeiro prémio de 250.000 pta. O concurso está aberto a todos os xoves que non teñan feitos os 18 anos o dia 1 de Abril de 1997, e apresenten traballos (por quintuplicado e cos dados persoais: nome, enderezo, teléfono e fotocópia do DNI ou do libro de família) dunha extensión mínima de 25 e máxima de 125 fólios mecanografados a dobre espazo. Hai que entregar **antes do 1 de Marzo de 1997** na Biblioteca Nova 33 (Rua Nova, 33-2º. 15705 Santiago. Apartado de Correos 637. 15780 Santiago), ou en calquer das oficinas de Obra social de Caixa Galícia na Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago. Amais do primeiro prémio 250.000 pta. (e a publicación do texto), tamén hai estabelecido un accesit que conleva a publicación do texto.

BOLSAS DE COLABORACIONS CO CENTRO RAMON PIÑEIRO

A Consellaria de Educación convoca cinco bolsas para licenciados, de colaboración en proxectos de investigación que se desenvolverán no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literárias Ramón Piñeiro. As bolsas entran en vigor a partir do 31 de Decembro de 1996, cunha asignación mesual de 120.000 pta. As becas divídense en catro proxectos: duas para un traballo relacionado coa lírica medieval Galego-portuguesa, e as outras tres para os proxectos de dicionário de literatura, dicionário de fraseoloxia e estudos etimolóxicos. As bases da convocatória van publicadas no número 108 (3 de Xuño) do DOG. ♦

Redondela

■ **EXPOSICIÓNS**

ILLADOS NO CARCERE DE SAN SIMON

Este Venres 14 ás 20,30 h. na Casa da Cultura, **Antonio Caeiro, Clara de Saa** e **Juan González** apresentan o libro ***Aillados***, un traballo adicado á memória dos que pasaron polo presídio franquista da Illa de San Simón. O acto ven encadrado na comemoración dos *60 anos do Plebiscito de Autonomia do 36*, que celebran o Ateneu Redondelán, Asociación de mulleres Xanela e máis o Cine clube Claqueta. Tamén na Casa da Cultura e até o 18 de Xullo pódense visitar tres importantes colección relacionadas co Plebiscito ou coa guerra: **Álbumes de guerra de Castelao**, os **Gravados do Fardel da Guerra de Xosé Conde Corbal**, e a **colección de Isaac Díaz Pardo de cartazes do Plebiscito do Estatuto de Autonomia do 36**, xunto dunha escolma da revista **Terra**, voceiro do Partido Galeguista de Redondela.

Santiago

■ **CINEMA**

DE BRISTOL E DA GALIZA

O Martes 18 ás 10 da noite o Zinasa, o Cine club da NASA, apresenta na sua sección Sonda unha escolma de traballos da Escola de Cinema de Bristol (Inglaterra), mentres a sección Zine trae unha lista de pezas galegas: **O Matachin** de Jorge Coira, **Patadas de amor** de Miguel Asensio, **La vida es un dolor** de Luis Liste e **A grande viaxe** de Antonio Jiménez.

■ **CONGRESO**

PODER LOCAL, ELITES E CAMBIO SOCIAL NA GALIZA NON URBANA (1874-1936)

A Universidade de Santiago, a através do seu Departamento de história contemporánea, organiza un congreso internacional os dias 14 e 15 de Xuño no paraninfo da Faculdade de Xeografía e Historia. Os ponentes veñen das universidades de Lisboa, Zaragoza, Bologna, Valéncia, para falar baixo tres lemas: "Perspectivas teóricas comparativas", "As bases do poder. Caciquismo e poder local na Galiza: continuidades e cámbios", e "A loita polo poder. Movimentos sociais alternativos e poder local en Galiza, entre a ruptura e a acomodación". Cada sección do congreso conta amaiores cunha dúcea de comunicacións. Para asistir ao congreso hai que pagar unha cuota de 2.000 pta. se se é estudante ou parado, senón a matrícula vai a 7.000 pta.

■ **DANZA**

TERESA NIETO

A sá Galán trae á coreógrafa madrileña Teresa Nieto, coa a sua peza ***La Mirada***. En cartel os dias 13, 14 e 15 ás 10 da noite.

TENOCH

Este Xoves 13 ás 11 da noite na NASA, oferecen un espectáculo de danza, canto e poesia azteca. **Tenoch** recolle exemplos de diferentes tradicións culturais, indíxenas e hispanas, do México actual, con especial fincapé nas danzas concheras.

■ **EXPOSICIÓNS**

ITINERARIOS

Os cadros máis recentes do pintor tudense **Roberto Campos** na Galeria Sargadelos. Espón até o 22 de Xuño de 10,30 a 14 e de 16,30 a 20,30 h.

ESCULTURAS DE BASALLO

Ignácio Basallo expón obra recente na Casa da Parra. Esta mostra estará aberta durante Xuño, Martes a Sábado en horário de mañá e tarde, e Domingos só de mañá.

MAX ERNST

Obra gráfica na Fundación E. Granell . Abre de Luns a Sábado de 11 a 14 e de 17 a 21 h., Domingos de 11 a 14 h., e Martes pechado.

ARTURO REBOIRAS

A galeria Minotauro acolle a segunda mostra individual do artista marinense Arturo Reboiras.

RETROSPECTIVA DE LAXEIRO

Últimos dias para visitar esta mostra retrospectiva do grande artista do lenzo galego, que oferece a oportunidade de percorrer a sua obra desde os anos 30 aos 80. Pódese visitar no Centro Galego de Arte Contemporánea (Santiago). Martes a Sábado de 11 a 20 h., e Domingos e festivos de 11 a 14 h. Só até o 23 de Xuño, despois pódese visitar a exposición cedida polo mesmo pintor que abre con carácter permanente na Casa das Artes de Vigo.

■ **MÚSICA**

SUKA

Proceden do interior de Venezuela e construen os seus instrumentos a partir da tradición e as lendas. Músicas étnicas e folclore crioulo na apresentación europea deste grupo que chega a tocar máis de 60 instrumentos distintos en directo. Actuan o Venres 14 ás 11 da noite na NASA.

ORIENTE-OCCIDENTE

Luis Paniagua actua o Venres 21 ás 10 da noite na sá Galán de Compostela. O intérprete e compositor adícase á fusión de elementos musicais de oriente e occidente, para tocar con instrumentos orientais e outros nada convencionais: sitar, pipa, psalterio, dilruba, pandeiretas, xogo de tixolas, chocas, chaves, axouxeres, unllas de cabra, gongs e páxinas amarelas.

■ **TEATRO**

A SENDA

O Viciño do Lado apresenta *A Senda*, unha montaxe unipersonal para o Xoves 20 ás 11 da noite na NASA.

LA IMPORTANCIA DE LLAMARSE ERNESTO

A compañia madrileña de **Gemma Cuervo** interpreta os dias 13 e 14 de Xuño no Teatro Principal a obra de Oscar Wilde, *A importáncia de chamarse Ernesto*.

Publicacións

■ **GUIA PARA A OBXECCIÓN FISCAL**

DESARMA OS TEUS IMPOSTOS

O **Movimento de Obxección de Consciéncia**, ***Obxecta Peseta*** de **Chantada** e outros colectivos de obxección fiscal, publican coma cada ano unha pequena **Guia para a obxección fiscal**, onde explican o xeito de desviar a parte dos impostos normalmente destinados a gastos militares para outros fins alternativos xa que "Os exércitos non nos defenden de ninguén, ademais hai moitas necesidades sen cubrir. Por iso invitámosche a non pagar o imposto de guerra e adicar eses cartos a un proxecto que aposte por un mundo máis xusto, solidário e pacífico". A guia, fotocopiábel e moi sinxela, pódese peder nos teléfonos da **Asamblea de Obxectores e Obxectoras Fiscais de Vigo** (986) 29 93 68; **Colectivo de Obxección Fiscal de Santiago** (986) 59 01 42; na Coruña no (981) 29 68 65 e en Lugo no (982) 24 62 56. ♦

Sárria

■ **TEATRO**

MOURENZA

Produccións Librescena recupera *Mourenza* un drama de Armando Cotarelo Valledor, ao redor da terra, a emigración e o amor. Pódese ollar a representación en Sárria, o Venres 14 na Casa da Cultura.

Anuncios de balde

■ As persoas **interesadas en acudir ao *Encontro Intercontinental pola Humanidade e contra o neoliberalismo*, que se celebra en Chiapas** do 27 de Xullo ao 3 de Agosto, chamade ao teléfono (986) 81 37 07, ou pasade pola Tenda Arao, rua Elduayen, 8. Vigo.

■ **Contra o bloqueo, solidariedade con Cuba**. Durante todo o mes de Xuño, Galiza Nova en colaboración co concello de Rianxo e a Asociación Rianxeira de Empresários organizan unha campaña de recollida de axuda humanitária para o povo cubano. Recomendan medicamentos e material farmacéutico (xeringas, antibióticos...), alimentos imperecedeiros (conservas...) e material escolar de todo tipo. As entregas poden facerse nos locais das oficinas de Información Xuvenil e Turismo (baixos da Casa da Cultura, antigo cuartel vello) de 10 a 13 e de 17 a 20 horas.

■ Somos unha **casa de labranza cinxidos de 45.000 m² adicados á agricultura biolóxica e a bosques autóctonos**. Temos tamén cabalos e damos aloxamento. Estamos situados á beira do Miño. Para máis información chamade ao teléfono (986) 66 64 13.

■ **Descenso de rios e rotas pola enseada de San Simón**, en piráugas estábeis, fins de semana, organiza o Náutico de Cobres. Chamar en horas de oficina ao (986) 26 24 95, ou ao 67 24 71 ás noites.

■ **Urxe vender 100 accións de *A Nosa Terra***, a 4.000 pta. Teléfono (986) 47 21 87.

■ **Gralha. Boletim Infomativo Nº 11: Objecçom Fiscal** (como fazela), interessante **entrevista a Dias Pardo, A Informática em Galego**, e as secções habituais **Konstantino Graphia, Circo Normativo, Polos Correios**, etc. Recebe-o de graça, assina Gralha. Apartado 678. Ourense.

■ **Já podes conseguir a bonita nova camisola de Meendinho: *A derradeira liçom do mestre***, homenagem a Alexandre Bóveda no 60 aniversário do seu assassinato. Pede-a contra reembolso indicando talha ao Apartado 678 de Ourense. Preço: 1.500 pta.

■ **Cursos de inglés para novos e maiores en Edinburgo** (Escócia), meses de Xullo e Agosto, acompañados por profesora: (986) 26 24 95.

■ **Alugo apartamento estúdio en Sanxenxo, Xullo e Agosto**. Chamar ás noite no (986) 72 44 76.

■ **Véndese precioso vestido de noiva**. (986) 23 67 06, perguntar por Maria Xosé.

■ **Persoa responsable busca apartamento económico en Ourense cidade.** Chamar ao (986) 88 16 17.

■ **Véndense siberian-husky, netos de Artic-Blue, James Bonde, Th. Mundo**. Interesados chamar ao telf. (981) 65 06 44.

■ **Nativa dá clases de francés no verán**. Interesados dirixirse ao Apartado de Correos 709. 15080 A Coruña.

■ **Cursos de ruso a todos os níveis en Moscova e Petersburgo, con estáncia en famílias ou universidades**. Estudos máis vacacións. Infórmate na **Asociación Máximo Gorki** de Vigo: Marqués de Valladares, 14-1º. Tamén podes usar o teléfono (986) 22 44 57, de 5 a 9 do serán.

■ **Gatiños pequerrechos**, espilidos e agarimosos. Se queres un de agasallo chama ao (986) 43 29 10 e pergunta por Alberto, ou por Daniel no 36 33 75.

■ ***Viaxes Céltigas*** pon á vosa disposición material actualizado para a estáncia nos países celtas. Exposicións, festivais, feiras a desenrolar; asemade de información sobor equitación, bici, sendeirismo, parques nacionais, tarxetas de turista, apartamentos e casas; hoteis, B&B, granxas, campigs e caravanas. Detallar lugares concretos a visitar. Mandade 200 pta. en selos a: *As viaxes Céltigas*. Apartado 1364 (sucursal-1). 15007 A Corunha.♦

Encrucillada

XOAN COSTA



HORIZONTAIS: 1. Poñédevos a ler 4. Abreviado, vostedes 7. Nome de dúas constelacións do hemisferio Norte. 8. Queixa 9. Porcallada, suxidade 11. Peito ou mama das mulleres 12. Producen 15. Peza saínte que teñen algúns obxectos e serve para collelos 16. Parte superior da camisa do traxe galego das mulleres 17. Estéase queimando 18. Lazo que ao tirar se apreta máis 19. Pronome persoal de 3ª persoa, Complemento Indirecto 20. Fai nós 21. Ave de rapina 22. Máis alá 24. Animais que teñen o corpo cuberto de plumas 26. Plano, suave 28. Dono, propietario. 30. Mar que baña a costa oriental de Grecia 32. Concello de Pontevedra que ten un mosteiro cistercense 33. Falado, comunicado 35. Corpo esférico 37. Ao revés, batraquio frecuente en pozas, lagoas e riachos utilizado por veces na alimentación. 38. Marcha 40. Que vai detrás de todas 42. Demente, desequilibrada 43. Ao revés, produce son 44. Pronome demostrativo 45. Acredito

VERTICAIS: 1. Reunión de masóns 2. Ensino Secundario Obrigatorio 3. Entrega a alguén 4. Vacío, oco. 5. Expresa con palabras 6. Foi patriarca de Xerusalén 8. Pasas a vista sobre un texto 9. Ao revés, relativo ao ano 10. Copulación entre células sexuais de idénticos caracteres 11. Ten por costume. 13. Terminación de participio feminino 14. Símbolo do sodio. 16. Cousa moi importante para facer algo 17. Pequeno aro que se pon nos dedos 19. Fai un cigarro envolvendo o tabaco con papel 20. Ao revés, nota musical 22. Fixo o aseo 23. Pasará polo coador 25. Educación Xeral Básica 27. Ao revés, nome do signo aritmético da suma 28. Abreviatura de adverbio 29. Inflamación do ouvido 31. Ver, observar 34. Pezas do esquelete 36. Atasque, atranque 39. Pronome de terceira persoa suxeito 41. Río afluente do Ulla pola marxe dereita ♦

Caldo de letras

P	O	D	O	G	I	S	I	V	P	L	V	
P	L	A	T	E	R	E	S	C	O	P	O	
O	R	D	P	V	S	I	Ñ	C	U	T	A	
C	I	S	T	E	R	C	I	E	N	S	E	
I	E	D	N	P	O	S	U	E	V	O	V	
T	R	B	U	L	A	C	M	E	E	U	N	
O	B	O	E	L	X	I	O	F	Q	I	U	
G	S	F	C	R	C	H	S	R	D	C	X	
S	Q	O	N	A	I	R	E	R	R	E	H	
S	E	O	N	A	I	R	U	T	S	A	T	
N	I	E	B	A	R	A	Z	O	M	U	B	
Z	R	O	M	A	N	I	C	O	D	C	D	

Doce nomes de estilos arquitectónicos.

SOLUCIONS A ENCRUCILLADA

Horizontais: 1. Ledé 4. vds 7. osa 8. laio 9. lixo 11. seo 12. fan 15. asa 16. cos 17. arda 18. no 19. lle 20. anoa 21. aguia 22. alén 24. aves 26. liso 28. amo 30. exeo 32. oia 33. dito 35. bola 37. ar 38. vaise 40. ultima 42. tola 43. aos 44. esa 45. Creo.

Verticais: 1. loxa 2. eso 3. da 4. vao 5. di 6. softonio 8. les 9. lana 10. isoga-mia 11. soe 13. ada 14. na 16. clave 17. anel 19. lia 20. al 22. aseou 23. coata 25. exb 27. siam 28. adv 29. oitie 31. ollar 34. osos 36. atoe 39. ela 41. Iso.

SOLUCIONS AO CALDO DE LETRAS



Relacións

■ **Mozo de 34 anos desexa manter correspondéncia con persoas nacionalistas e ecoloxistas de Galiza** para buscar a dora á rodeira do coñecemento da meiga. Góstame a natureza, a vida no campo e a cultura celta. Escrebede a: Gustavo Marquerie Morán. Calle Camino de los Vinateros, 101-2º C. 28030 Madrid.

■ **Desexo estabelecer amizade con persoas de Galiza**. Hai catro meses estudo galego. Carmén Suárez Rodríguez. Avenida Santa Amalia, 313-bajos. Lincoln y Marti. Arroyo Naranjo. Habana 9. Cuba.

■ **Son un mozo de 20 anos que desexa manter correspondéncia con persoas de todo o mundo**, sen importar idade ou sexo. Escreber a Oreyne Ramírez Medina. Frank Hidalgo Gato 29-A . Francisco Cadahia y Maceo. Tiridad Santi Spiritus. Cuba 62600.

■ **Moza mexicana desexa escribirse con amigos/as da Galiza**, ou España. Gosta da danza e o teatro. Diana Olvera Cortés. Avenida 602-B, 120-2. 07990 México D.F. ♦

Vigo

■ **CINEMA**

O GLOBO BRANCO

Un fime irani para a sesión do Mércores 19 (ás 20,30 h. no Auditório do Concello) artellada polo **Cine clube Lumière**. *O globo branco* (1995. 85') é a primeira longametraxe de Jafar Panahi, discípulo do tamén director irani Abbas Kiarostami (realizador do grande éxito de *A través das oliveiras*). Abbas Kiarostami é tamén o guionista de *O globo branco*, cun fio argumental pousado nas aventuras dunha nena de oito anos no aninovo de Irán, que entra ao tempo que a primaveira, o 21 de Marzo. Diante do filme pasan un curto, neste caso *La vida siempre es corta* (1993. 8') de Miguel Albaladejo.

■ **EXPOSICIÓNS**

PSICOGRAMAS

Fernando Valeiras expón na Sá dos Peiraos perto de 40 radiografias pintadas baixo o título *Psicodramas*. Até o 23 de Xuño.

DO ROMANTICISMO AOS ANOS VINTE

O Centro cultural Caixavigo abriu a mostra *Do romanticismo aos anos vinte* encadrada no ciclo *A arte galega na colección Caixavigo*. Ali expoñen máis de 90 obras de 51 autores nados desde comezos do século XIX a primeiros do XX. Abranxe a corda cronolóxica que vai de **Pérez Villaamil** (1807-1854) a **Manuel Colmeiro** (1901), con cadros de **Masides, Castelao, Arturo Souto** ou **Serafín Avendaño**. Abre até o 16 de Xuño en horário de Luns a Venres de 6,30 a 9,30, e Domingos e feirados de 12 a 2,30.

Tragicomédia de D. Duardos de Gil Vicente no Porto

NOVE EXPRESIONS

A Nova Sá de Exposicións Caixavigo acolle até o 17 de Xuño, obra de 9 artistas de todo o estado, Vicente Arnás, López Sancho, Pina Lipináñez, Luis Fernández, Daniel Merino, Valladolid Carretero, o vigués González Lagares, Rufo Navarro, e Rubén Dario Velázquez. Abre os laborábeis de 18,30 a 21,30 h., e os festivos de 12 a 14,30 h.

■ **MESA REDONDA**

NACIONALISMO E HISTORIA

A Nosa Terra artella a mesa redonda sobre Nacionalismo e história, que ten lugar o Venres 15 ás 7,30 do serán no auditório do Centro cultural Caixavigo. Ali han falar recoñecidos hitoriadores como **Bieito Alonso, Lois Obelleiro Piñón, Anselmo López Carreira** e **Francisco Carballo**, con **Cesáreo Sánchez** no papel de moderador.

■ **MÚSICA**

PRAXIS NOVA

A Semana de Portugal en Vigo remata o Sábado 15 ás 10,30 da noite na Praza de Portugal, cun concerto de fados de Coimbra da man do grupo *Praxis Nova*.

HÉROES DEL SILENCIO

O Venres 14 no Pavillón das Travesas. As entradas (2.000 pta) están á venda en Élepe e na Columna CD.

Porto

■ **TEATRO**

A CANTORA CARECA E A TRAGICOMÉDIA DE D. DUARDOS

A Feira Internacional do Teatro acolle duas estreas fora do festival. **A Cantora careca** de Ionescu, nunha produción do grupo **Visiões Úteis** cunha posta en cena de João Paulo Seara Cardoso. Pódese ver no Ballet Teatro Auditório. **A tragicomédia de Don Duardos** é unha peza do dramaturgo portugués dos séculos XV e XVI Gil Vicente, escollida por Ricardo Pais para a sua primeira encenazón co teatro do que é director artístico desde comezos de ano.

■ **ARTE CONTEMPORÁNEA**

ARTES PLASTICAS

As III Xornadas de Arte Contemporánea oferecen catro mostras até finais de Xuño: ***Curriculum Vitae*** (no Instituto Francés) con aportacións de **Mathew Antezzo** (USA), **Maurizo Cattelan** e **Vedova Mazzei** (Itália), **Noritoshi Hirakawa** (Xapón), **Didier Trenet** (Franza) e **Jean Jacques Rulier** (Franza). As outras exposicións corresponden a **Cildo Meireres** (na Fundação de Serralves) e a **Sophie Calle,** instalación *Eurov* (na Sinagoga do Porto) e a mostra colectiva ***Mais do que ver*** (Moagens Harmonia).♦

VIGO
O dia 15, Sábado, no centro Cultural Garcia Barbón, e como prólogo á cea homenaxe a Francisco Carballo, terá lugar o acto académico "Nacionalismo e História"

CANTINA MEXICANA

RUA MARTIN CODAX - VIGO

Impreso en papel reciclado Greencery 50 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 13 DE XUÑO • 1996 • Nº 730 • ANO XIX •

Dous irmáns de Porriño, un dos cales ven de coroar o Everest

Queren escalar os montes máis altos do mundo en doce meses

ARANTXA ESTÉVEZ

Os irmáns Martínez Novas son o centro de atracción nestes dias no Porriño. Xesús coronou o Everest o 23 de Maio e o seu irmán Xosé António, que formaba con el a expedición, estivo a ponto pero non puido chegar por non atoparse ben de saude. Todos os viciños falan deles pero nen Xesús nen Xosé António cren que sexa para tanto. Para eles, o Everest é unha proba máis, unha preparación para un proxecto co que queren chegar aos catorce cumios que no mundo sobrepasan os 8.000 metros.

Xesus Martínez Novas (á esquerda) e o seu irman Xosé António (á direita) levan máis de quince anos escalando montañas.

Hai un par de anos que Xosé António Martínez Novas tivo a idea de escalar nun ano os catorce cumios. Para acadar a confianza das institucións que os poden axudar, decidiron marchar ao Nepal e subir ao Everest, de 8.848 metros. Xosé António leva máis de quince anos facendo montañismo. Tiña vinteun anos e xa levaba ao seu irmán Xesús, de trece, con el. "Nun primeiro momento, só faciamos rocha. Despois, comezamos sair da Galiza, indo aos Pirineos, Picos de Europa, Gredos. Xosé António comezou ir aos Andes, a Pakistán e, cando eu tiven idade, xa iamos xuntos aos Alpes e a montes de Latinoamérica", conta Xesús Martínez. A saida ao Everest foi a primeira na que contaron con axuda económica. Até agora, a afeizón era pagada de seu peto.

Ao chegar a Katmandú, as espectativas apresentabanse decepcionantes polas condición metereolóxicas. Antes de intentar a subida, tiveron que pasar un tempo aclimatándose. "Xa o dia 3 de Maio tentamos o cúmio pero non puidemos polas condicións do tempo. Ainda non estabamos acostumados e tivemos que esperar até o 23. Eses vinte dias andabamos dun lado para ao outro acostumándonos ao clima", conta Xesús. A roupa de abrigo non puido ser utilizada na escalada porque a levou o ar un dia de forte vento. A tenda, que rachou, xa estaba a 7.800 metros pero quedaba o tramo final para o cúmio. Xosé António xa se deu conta de que non poderia subir; tiña problemas de gorxa e un pequeno derrame ocular. "Ademais estaba condicionado polo tempo porque xa tiñamos que estar o dia 3 arriba e estabamos a 23. Entón, xa pensei que seria mellor que o intentara só Xesús", comenta. Xesús estivo dez minutos no cúmio, o tempo que aturou polo frio pero di que hai alpinistas que pasan várias horas se van ben equipados de roupa. Se hai néboa, pérdese totalmente a visibilidade.

> 'Os doce cúmios requiren moitos cartos. Para subir ao Everest, hai que pagar sete millóns ao Nepal"

Sete millóns de pesetas por escalar

Xesús subiu con pouca roupa e sen osíxeno, o cal o converte no primeiro galego que o fai sen axuda artificial. Segundo os irmáns Martínez Novas, só unha pequena porcentaxe de escaladores renuncia a levar máscaras de osíxeno polos riscos que conleva. As máscaras facilitan a respiración e retrasan o cansáncio. "Optei por non levala porque resulta máis natural, senón semella que non estás nun médio distinto ao que te desenvolves habitualmente", comenta Xesús. Esta opción ten moito que ver coa explicación que dan os dous irmáns do engado do montañismo. "Significa que levas o básico, que te esqueces de todo o que deixas atrás e que te atopas nunha situación primitiva. O único no que pensas é na supervivéncia", comenta Xosé António. Os riscos minimízanse pero existen. Xosé António xa ten algunhas experiéncias como cando lle caiu un lóstrego nos Alpes.

Nos dias que Xesús e Xosé António subiron ao Everest, habia máis de cen persoas intentándoo. Eles dous formaban expedición con outros montañeiros europeos. A razón é simples, compartir os custes do permiso. A licéncia que hai que solicitar ao Governo do Nepal para escalar o monte Everest custa sete millóns de pesetas. Se o grupo sobrepasa as sete persoas, págase un millón máis por cabeza. O montañismo é a principal fonte de ingresos deste país.

As expedicións levan un teléfono vía satélite que utilizan desde o campo base. "Pero incluso a tecnoloxia permite falar desde o cúmio. Antes, cando ias de expedición estabas totalmente illado", cometa Xosé António Martínez. No Porriño, a viciñanza felicítaos e a sua fama xa trascendeu a toda Galiza. Falar do Everest , din eles, ten un significado que a xente magnifica porque, para os afeizoados ao montañismo, hai outros retos máis importantes. Por exemplo, acadar eses catorce cumes nun ano, que se atopan no Himalaya, entre os que están o K2, o Hidden Peak, o Kanchenjunga e o próprio Everest. Pospoñerán un pouco a saida porque este proxecto é moi custoso, require unha maior preparación de equipas e unha maior cantidade de cartos. Unha das ideas que contempla é filmar as ascensións para despois poder amosar ao público ese ano de cúmio a cúmio.♦

Cantoná

XELIS DE TORO

¿É un paxaro? ¿É un avión? Non, é Cantoná voando sobre as nosas cabezas.

Cantoná é un xogador de fútbol francés no Manchester United, estilo continental, forte carácter, dentro e fóra do campo, desconcertante de xornalistas e fans con citas a Baudelaire, e refráns ambiguos.

A súa historia futbolística é do máis atípica e singular, e representa a caída e a redención do heroe, pero tamén é un máximo icono, e necesario, da identidade británica nestes momentos. Entrou como un xogador mediano no Leeds, cunha certa reputación de carácter problemático e violento. O seu indubidable bó xogo, fíxoo rapidamente recoñecido, e pasou a xogar nun dos mellores equipos británicos, o Manchester. A xenialidade do seu estilo medrou á par do seu carácter indomable e problemático, nos ollos do público e comentaristas.

A súa caída chegou, na liga do ano pasado, cando saltando o valado do campo, lanzou unha espectacular patada a un fan dun equipo contrario, que lle berrou 'vaite para Francia'. Foi suspendido por seis meses, e a desgracia caeu sobre el na condea desta acción antideportiva. Pero como nun conto de fadas, Cantoná fixo este ano unha liga extraordinaria, marcando un gol por partido, e facendo pases para moitos máis. Foi unha redención lenta, partido a partido, con anuncios antiracistas na televisión, e co apoio dun público que vía como a súa estrela se redimía xogando un fútbol excelente.

Pero Cantoná convertiuse en moito máis que iso. Cantoná é un símbolo de reconciliación británico. Os berros de ¡UA Cantoná! son tan poderosos que afogan e ocultan a crecente xenofobia, racismo, e antieuropeísmo. Os berros de ¡UA Cantoná! permiten á working-class sentirse unidos ao estilismo, intelecto e case dandismo do francés.

E por uns segundos invisibles, con cada gol de Cantoná, o Reino Unido se esquece da súa crecente tensión cos continentais, e a working-class se esquece de todo aquilo que a separa das clases máis privilexiadas. Por iso os berros de Cantoná son os máis sinceros, os máis profundos, veñen do centro dunha alma partida e rota, que nos goles de Cantoná soña cunha feliz reconciliación.♦

VOLVER AO REGO

Peter Handke, escritor austríaco, defende a causa sérbia. En solitário, coma Sartre cando postulaba a independéncia de Alxéria. Pero os teletipos non lle dan a razón. Os sérbios son autores de innomeábeis crimes de guerra.

Que facer, entón? Proibir a Handke pola sua prosa satánica? Alonxalo do alcance dos nenos? Ou darlle unha oportunidade, porque denúncia a manipulación informativa, e abrir os ollos, non seña o demo que teña un chisco de razón? Ao fin de contas, os mesmos que falan mal de Sérbia xa mentiron na guerra do Golfo.♦

OFERTA EN VÓS (IDA E VOLTA)

Buenos Aires	119.000 ptas.	Chile	115.000 ptas.	Amsterdam	57.000 ptas.
SãoPaulo/Rio	105.000 ptas	Paris	29.000 ptas.	Bogota	109.900 ptas.
S. José	114.000 ptas.	Lima	114.000 ptas.	Asunción	122.000 ptas.
Toronto	65.000 ptas.	Quito	121.700 ptas.	Johannesbugo	126.700 ptas.
New York	76.000 ptas.	Cartagena	97.500 ptas.	Nassau	104.000 ptas.
Londres	37.000 ptas.	Milano	56.000 ptas.	Nairobi	117.500 ptas.

Servicio personalizado con transporte ao aeroporto e asisténcia embarque sen cargo

MINHO EXPRESSO
VIAGENS
SAIDA DO OPORTO

TELF. (07 - 35151) 82 48 93 – FAX 23 798 — VALENÇA DO MINHO

BIBLIOTECA DE GALICIA